Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego nos últimos dez anos co fin de reclamarlle ao Goberno central a creación de unidades xudiciais especializadas en violencia de xénero, especialmente no que se refire aos partidos xudiciais de Ourense, Lugo, Pontevedra, Ferrol ou Santiago

- 792 (12/PRE-000028)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 más

Sobre a posibilidade de crear unha unidade especializada en alzhéimer e outras demencias na ÁREA Sanitaria de Pontevedra e O Salnés para mellorar a cobertura na atención a estes pacientes



- 799 (12/PRE-000029)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e 2 más

Sobre o nivel de seguridade e protección que ofrecen as sedes xudiciais galegas ás vítimas de violencia de xénero e as previsións do Goberno galego no que atinxe á súa mellora

- 803 (12/PRE-000030)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Iglesias Rey, Patricia e Castro Rey, Paloma

Sobre as previsións do Goberno galego ante o desenvolvemento da Lei 20/2022, do 19 de outubro, de memoria democrática

- 810 (12/PRE-000031)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena
Sobre a elaboración dun informe respecto do perfil patolóxico das persoas usuarias de cada centro residencial e das que o son por emerxencia social

- 819 (12/PRE-000032)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena
Sobre a evolución nos últimos cinco anos das medidas da Xunta de Galicia dentro do modelo de apoyo á dependencia

- 821 (12/PRE-000033)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 más
Sobre a formalización do convenio entre a Xunta de Galicia e o Concello de Ourense referido ao programa Xantar na Casa, así como respecto da integración neste programa dos anteriores beneficiarios do servizo municipal coñecido como Comedor sobre Rodas

- 828 (12/PRE-000034)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia
Sobre a situación de bloqueo na renovación do Consello Xeral do Poder Xudicial

- 832 (12/PRE-000035)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa Olalla e Rodil Fernández, Olalla
Sobre a evolución da violencia machista en Galicia, a valoración dos últimos datos e da cooperación interinstitucional neste ámbito, así como respecto do impacto dos discursos negacionistas

- 836 (12/PRE-000036)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Taibo Corsanego, Iria e 2 más
Sobre as reclamacións das entidades do sector editorial en relación coa orde de axudas á tradución para 2024



- 844 (12/PRE-000037)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 4 más

Sobre o Bono Coidado no Fogar anunciado polo Goberno galego e o seu modelo de atención á poboación dependente

- 869 (12/PRE-000038)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 8 más

Sobre o cumprimento da Lei de medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia

- 883 (12/PRE-000039)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 4 más

Sobre a situación actual do problema da pobreza e da exclusión social en Galicia e as medidas para garantir condicións de vida dignas para o conxunto da poboación

- 888 (12/PRE-000040)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 3 más

Sobre as previsións do Goberno galego relativas á planificación da mobilidade na comarca da Coruña no que atinxe a infraestruturas, transporte público e asunción de competencias en materia de media distancia ferroviaria

- 898 (12/PRE-000041)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 4 más

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia respecto da elaboración do Plan estratéxico de servizos sociais ao que se refire a Lei de servizos sociais de Galicia

- 912 (12/PRE-000042)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as consideracións da Xunta de Galicia en relación coas condicións actuais do acceso á vivenda e coas medidas que cómpre impulsar neste ámbito

- 942 (12/PRE-000043)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino e 3 más

Sobre as novedades que trae o novo período da Política Agraria Común (PEPAC 2023-2027) e as medidas da Xunta de Galicia para que esta reforma non produza perdidas nas axudas ás explotacións galegas

- 947 (12/PRE-000044)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 2 más

Sobre os incidentes e atrasos no desenvolvemento das obras da Vía Ártabra, as responsabilidades das empresas concesionarias e no ámbito da Administración, así como respecto do seu trazado e da súa condición canto á gratuidade para os usuarios

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2024

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1^a

1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

1.5.1. De ámbito autonómico galego

1.5.1.2. Consello de Contas

1.5.1.2.2. Plan anual de traballo

Plan anual de traballo do Consello de Contas de Galicia para o ano 2024

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 25 de marzo de 2024, adoptou os seguintes acordos:

- 63790. Escrito do conselleiro maior polo que traslada o Plan anual de traballo do Consello de Contas de Galicia para o ano 2024 (11/CPAT-000003).

A Mesa toma coñecemento e acorda o traslado á Mesa da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas e a publicación.

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2024

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e governo interior, organización e funcionamento

2.3. Réxime e governo interior

2.3.4. Estatuto dos grupos parlamentarios

2.3.4.1. Subvencións dos grupos parlamentarios

Escrito do G. P. dos Socialistas de Galicia polo que achega a contabilidade específica da subvención recibida con cargo ao orzamento do Parlamento correspondente ao exercicio 2023

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 9 de abril de 2024, adoptou o seguinte acordo:

- Escrito do G. P. dos Socialistas de Galicia polo que achega a contabilidade específica da subvención recibida con cargo ao orzamento do Parlamento correspondente ao exercicio 2023, nos modelos de balance e de conta de resultados (doc. núm. 1101).

Tómase coñecemento e acórdase o traslado á Intervención Xeral e Asuntos Económicos e a publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e no Portal de Transparencia da páxina web institucional.

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2024

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1^a





Á Mesa do Parlamento

María Elena Candia López, José Silvestre Balseiros Guinarte, Gabriel Alén Castro, Raquel Arias Rodríguez, José Manuel Balseiro Orol, Rubén Lorenzo Gómez, José Manuel Mato Díaz, Noelia Pérez López, Antonio Rodríguez Miranda, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en comisión 7ª Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes.**

É evidente que as explotacións agrogandeiras e forestais enfróntanse a riscos imprevisibles, os cales poden afectar de xeito drástico aos rabaños, colleitas e/ou producións, comprometendo a súa viabilidade económica.

Na produción vexetal, destaca a posibilidade da destrución das colleitas ou das masas arbóreas como consecuencia de sinistros meteorolóxicos extemporáneos, que posúen unha tendencia a aumentar a medida que evoluciona o cambio climático. As xeadas, salpedreses, inundacións, temporais ou secas son algunas das principais causas de perdas económicas.

Certamente, tanto a ocorrencia como o impacto destes sinistros en Galicia é moito inferior que noutras comunidades do noso país. Non obstante, temos que estar igualmente preparados para capear estas potenciais situacións, así como para tratar a aparición de enfermidades ou accidentes fortuitos que poden afectar ás mandas, e que supoñen a perda de animais ou das producións nas explotacións gandeiras galegas.

Neste respecto, eliminar a incerteza económica derivada destas circunstancias é un dos grandes deseños do sector produtor e, por suposto, das administracións públicas. A estes efectos, desde o Grupo Parlamentario dos Populares de Galicia, cremos firmemente que o seguro agrario é un factor de enorme estabilidade para o sector, ademais dun instrumento para garantir as rendas agrarias.

Neste eido, somos conscientes de que, aínda sendo voluntarios, existe unha motivación por parte da Consellería do Medio Rural en favor dos seguros das explotacións agrarias profesionais, incentivando a súa contratación coa inclusión nos criterios de concesión de axudas agrarias, como as dedicadas á incorporación de persoas mozas á actividade agraria ou a investimentos nas explotacións.





Porén, a medida que máis fomenta os seguros son as subvencións directas, sen trámites adicionais para o asegurado. Así mesmo, o incremento do nivel do seguro

agrario beneficia particularmente aos agricultores e gandeiros, na medida en que teñen unha maior protección sobre as súas producións.

Por extensión, esta maior seguridade repercute tamén na poboación en xeral, xa que ampara a producción de alimentos sans e seguros por parte das axentes do sector primario. Nesta liña, cómpre sinalar que, neste 2024, segundo expuxo a propia Consellería, destínanse un total de 8,5 millóns de euros ás axudas para fomentar a contratación destes seguros, montante que se engade ás achegas destinadas pola Xunta nesta materia.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta oral para a súa resposta:

Cal é o balance que fai o Goberno galego acerca do necesario fomento da contratación de seguros agrarios por parte das explotacións agrogandeiras e forestais da nosa comunidade en relación coas axudas destinadas neste materia?

Santiago de Compostela, 4 de abril 2024.

Asinado dixitalmente por:

Elena Candia López na data 04/04/2024 10:44:51





PARLAMENTO DE GALICIA

Silvestre Balseiros Guinarte na data 04/04/2024 10:45:13

Gabriel Alén Castro na data 04/04/2024 10:45:20

Raquel Arias Rodríguez na data 04/04/2024 10:45:33

José Mato Díaz na data 04/04/2024 10:45:51

José Manuel Balseiro Orol na data 04/04/2024 10:46:05

Rubén Lorenzo Gómez na data 04/04/2024 10:46:14

Noelia Pérez López na data 04/04/2024 10:46:26

Antonio Rodríguez Miranda na data 04/04/2024 10:46:38

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª**.

A Federación de Asociacións Galegas de Familiares de Enfermos de Alzhéimer e outras demencias (Fagal) estimou que na área Pontevedra-Salnés existen cerca de 4.700 persoas con patoloxías que provocan demencias.

Unha cifra que se disparou nos últimos anos e que previsiblemente vai en aumento polo envellecemento da poboación e o incremento da esperanza de vida. As estatísticas advirten que no ano 2050 o 50 % da poboación galega terá máis de 65 anos e o alzhéimer coma outras enfermidades está vinculado á idade.

Pontevedra na actualidade conta cun centro de día público pertencente á Consellería de Política Social e Xuventude, que é xestionado pola asociación AFAMPO que se dedica á asistencia a enfermos de alzhéimer e outras demencias.

Este centro conta con 35 prazas, atópase cuberto ao 100 % e cunha lista de espera de máis de 20 persoas, o que demostra que é un recurso claramente insuficiente polo que está a ser complementado por recursos asistenciais de carácter privado.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista entendemos que a Xunta de Galicia debe incrementar o número de prazas públicas existentes e a maiores, tendo en conta o progresivo incremento destas patoloxías, incluír na carteira sanitaria da área Pontevedra-Salnés unha unidade especializada en Alzhéimer e outras demencias, que poida dar unha cobertura sanitaria axeitada a estos pacientes e mellorar así a súa calidade de vida.

Por iso, as deputadas que asinan preguntan:

Ante a necesidade existente na área sanitaria Pontevedra-Salnés, ten o Goberno da Xunta previsto unha unidade especializada en Alzhéimer e outras



Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/04/2024 10:52:48
Nº Rexistro: 790
Data envío: 04/04/2024 10:52:48,338

demencias que poida dar unha cobertura sanitaria axeitada a estes pacientes e mellorar así a súa calidade de vida?

Parlamento de Galicia, 4 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 04/04/2024 10:36:58

Elena Espinosa Mangana na data 04/04/2024 10:37:13

Silvia Longueira Castro na data 04/04/2024 10:37:29

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Patricia Iglesias Rey e Carmen Rodríguez Dacosta, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1ª**.

O trato dispensado ás vítimas de violencia de xénero nas sedes xudiciais é indispensable para establecer unha atmosfera de seguridade e protección. A creación dun clima de empatía e tranquilidade transmite confianza ás vítimas, así como, os recursos que se poñen á súa disposición, a toma de declaración sen presas, o respecto dos tempos necesarios para o seu sosego, entre outras cuestións, contribúen a que elas se sintan nun ámbito de seguridade, respecto e confianza.

Dende o Grupo Socialista defendemos que un modelo de atención axeitado esixe:

- a) Unha especial consideración dos colectivos especialmente vulnerables (entre outros, mulleres estranxeiras, discapacitadas...)
- b) Que as dependencias nas que as víctimas deben esperar ou prestar declaración sirvan, así mesmo, á creación da atmosfera propicia para que poidan exteriorizar, cara a terceiros, aspectos negativos da súa vida e experiencias persoais.
- c) Que as sedes xudiciais contén con lugares apropiados para os tempos de agarda, nos que se garanta que non existirá confrontación visual entre denunciante e denunciado.



En Galicia na maior parte dos xulgados que resolven procesos en materia de Violencia sobre a Muller non se cumpren estes requisitos, sobre todo, cando se trata de xulgados mixtos que coñecen tamén outras materias.

A Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia, é a administración con competencias en materia de medios materiais para atender o correcto funcionamento da Administración de Xustiza e, polo tanto, para garantir a implementación dos recursos necesarios para dispensar un axeitado trato ás usuarias do sistema de xustiza penal e, en especial, ás vítimas de violencia de xénero.

Dezaoito anos despois da entrada en vigor da Lei orgánica de medidas de protección integral contra a violencia de xénero non é asumible que aínda nos atopemos nesta situación polo que, desde o Grupo Socialista, esiximos a este goberno que redacte un plan de medidas de protección ás vítimas de violencia de xénero dentro das sedes xudiciais previsto para un período de 4 anos e no que se estableza unha adecuación progresiva dos xulgados que coñecen en materia de violencia de xénero en todo o territorio galego co obxectivo de mellorar a seguridade e protección das vítimas.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Entende o Goberno galego que as sedes xudiciais deste país cumplen cos requisitos axeitados de seguridade e protección para as vítimas de violencia de xénero?
2. Ten previsto o Goberno galego a adecuación das sedes xudiciais deste país para que cumpran os requisitos axeitados de seguridade e protección para as vítimas de violencia de xénero?



Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/04/2024 11:03:57
Nº Rexistro: 797
Data envío: 04/04/2024 11:03:57.812

Parlamento de Galicia, 3 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 04/04/2024 10:58:27

Patricia Iglesias Rey na data 04/04/2024 10:58:43

Carmen Rodríguez Dacosta na data 04/04/2024 10:59:02

CSV: BOPGDSPG-z2ujNcgpo-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tarmites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30

2144

@PSdeG

Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey e Paloma Castro Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1ª**.

A Lei 20/2022 do 19 de outubro, de memoria democrática, responde ao deber moral de neutralizar o esquecemento e evitar a repetición dos episodios más trágicos da historia.

A conquista e consolidación da democracia en España foi o logro histórico más significativo da sociedade española. O asentamento dos principios e valores democráticos que consagra a Constitución de 1978 fai que a nosa sociedade sexa más forte e constitúen a más clara apostase de convivencia no futuro.

Coñecer a traxectoria da nosa democracia, desde as súas orixes á actualidade, as súas vicisitudes, os sacrificios dos homes e as mulleres de España na loita polas liberdades e a democracia é un deber ineludible que contribuirá a fortalecer a nosa sociedade nas virtudes cívicas e nos valores constitucionais.

Nese marco, a sociedade española ten un deber de memoria coas persoas que foron perseguidas, encarceradas, torturadas e mesmo perderon os seus bens e até a súa propia vida en defensa da democracia e a liberdade.

A memoria das vítimas do golpe de estado, a Guerra de España e a ditadura franquista, o seu recoñecemento, reparación e dignificación, representan, por tanto, un inescusable deber moral na vida política e é signo da calidade da democracia. A historia non se pode construír desde o esquecemento e o silencio dos vencidos.



A consolidación do noso ordenamento constitucional permítenos hoxe afrontar a verdade e a xustiza sobre o noso pasado. O esquecemento non é opción para unha democracia.

Por iso, dende o Grupo Parlamentario Socialista entendemos que o Goberno da Xunta de Galicia se debe sumar a este recoñecemento que fortalece a nosa democracia e en cumprimento da Lei de memoria democrática declarar o día 31 de outubro como referencia ás loitas individuais e colectivas dos homes e as mulleres de España pola conquista dos dereitos, as liberdades e a democracia, como o día de recordo e homenaxe a todas as vítimas.

Así mesmo, declarar o día 8 de maio como día de recordo e homenaxe ás vítimas do exilio como consecuencia da Guerra e a Ditadura.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulaan as seguintes preguntas:

1ª. Vai o Goberno galego cumplir as obrigas contidas na Lei 20/2022, do 19 de outubro, de memoria democrática?

2ª. Vai celebrar como días de recoñecemento ás vítimas da guerra civil e o franquismo o 31 de outubro e o 8 de maio con actos institucionais de recoñecemento e conmemoración?

Parlamento de Galicia, 4 de abril de 2023

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 04/04/2024 11:07:43





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/04/2024 11:10:12
Nº Rexistro: 801
Data envío: 04/04/2024 11:10:12.329

Paloma Castro Rey na data 04/04/2024 11:07:54

CSV: BOPGDSPG-z2ujNcgpo-6
Verificado en:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tarmites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30

2147

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A falta de coordinación e dilixencia por parte do Goberno galego en materia dos centros de atención residencial, así coma nos servizos de atención para persoas con dependencia ou discapacidade está motivando unha ocupación de prazas residenciais por emerxencia social de xeito caótico.

Os profesionais e as propias familias de usuarios dos centros de atención residencial puxeron en coñecemento do Goberno galego a ocupación de prazas nestes centros por persoas con patoloxías psiquiátricas e un conxunto de casuísticas moi diversas que fai que, cada vez de xeito más habitual, sexa moi complicada a convivencia e incluso en ocasións manter a seguridade dos usuarios segundo os propios profesionais.

Trátase dunha emerxencia a necesidade de establecer unha formación axeitada, así como o incremento de profesionais no só atendendo ao criterio cuantitativo senón cualitativo, debido a que estamos a tratar casuísticas que requiren perfís profesionais determinados.

Non é dilixente mesturar tal diversidade de casuísticas nun centro, sen ter en conta unha adaptación da cualificación e o número de postos laborais, así como a convivencia segundo o perfil de usuarios, xa que o resultado actual é que persoas maiores teñan que convivir con situacións complexas que condicionan directa e indirectamente o seu benestar.



Por iso, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten elaborado o Goberno galego un informe sobre o perfil de persoas usuarias de cada centro?
2. E sobre o perfil de persoas usuarias en emerxencia social?

Pazo do Parlamento, 4 de abril do 2024

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 04/04/2024 10:33:28

Elena Espinosa Mangana na data 04/04/2024 10:33:37



Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O día 1 de decembro de 2023, a Xunta de Galicia publicou no DOG número 229 a Orde do 30 de novembro de 2023 pola que se modifica a Orde do 2 de xaneiro de 2012, de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestación do Sistema para a Autonomía e a Atención á Dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

O presidente Alfonso Rueda anunciou como medida estrela no seu anterior gobernou, no Debate do Estado da Autonomía, un bono de 5.000 euros anuais para coidados, e outro de 1.200 euros como complemento para o servizo de atención residencial.

Os maiores recortes de fondos en dependencia e ademais concretamente os recortes na libranza por coidados na contorna familiar dos últimos anos foron executados polos gobernos do Partido Popular, incluída a cotización especial como coidador/a eliminada cando Mariano Rajoy presidía o Goberno de España (que retomou Pedro Sánchez ao acceder ao Goberno).

Tras executar recortes de miles de millóns en materia de dependencia por parte do Goberno do Partido Popular a nivel estatal, e ser das comunidades autónomas con menor inversión en dependencia por habitante potencialmente



dependente de todo o país por parte da Xunta de Galicia liderada polo Partido Popular dende fai 15 anos, anunciaron dita medida en período preelectoral.

Dende o sector especializado, voces como as o Colexio Oficial de Traballo Social alertaron da falta de concreción de dita medida, así como a dubidosa efectividade sobre o colectivos de persoas con dependencia e ás súas familias mentres o goberno galego non invista e incrementar de maneira significativa o equipos de valoración para axilizar listas de espera, así como mentres non se invista en crear novas prazas públicas en residencias e centros de día así como no incremento de inversión autonómica no SAF.

De feito o Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia critica as medidas anunciadas polo Goberno galego en período preelectoral, e por elo lanzaron a campaña: “Máis servizos públicos e menos bonos”, na que instan ao Goberno galego a que, en lugar de dar axudas directas sen discriminación por nivel de renda, dirixa os seus esforzos a resolver os retrasos na tramitación das resolucións de graos de dependencia e incremente os fondos para incrementar as prazas públicas de centros de atención residencial, centros de día e SAF.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Cantos expedientes de dependencia cun PIA resolto dunha libranza de coidados na contorna familiar recortaron por unha revisión de oficio á súa contía ou pasaron de xornada completa a parcial nos últimos 5 anos?

Pazo do Parlamento, 4 de abril do 2024



Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/04/2024 11:24:15
Nº Rexistro: 817
Data envio: 04/04/2024 11:24:15.375

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 04/04/2024 11:03:08

Elena Espinosa Mangana na data 04/04/2024 11:03:18



Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta, Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

O servizo de Comedor Sobre Rodas púxose en marcha durante o mandato do governo do PSdeG-PSOE no Concello de Ourense, período 2007-2015, e foi un dos programas pioneiros e de maior demanda no seu momento, dado que aportaba unha axuda fundamental e garantía unha alimentación adaptada ás necesidades das persoas maiores e tamén das persoas dependentes da cidade, perfectamente accesible para as persoas usuarias de maior vulnerabilidade económica.

Despois de 16 anos de servizo, hoxe converteuse nun servizo máis precarizado polo governo de Gonzalo Pérez Jácome, que entra dentro da súa estratexia de desmantelamento das políticas sociais municipais, o que supón que se recorten partidas da más cara á menos importante prexudicando sempre ás persoas que menos teñen e más o necesitan.

O pasado 12 de marzo, trala celebración da Xunta de Área de Servizos Sociais, dende o Grupo Municipal Socialista se denunciaba o desmantelamento encuberto do servizo de Comedor Sobre Rodas do Concello de Ourense. O governo de Jácome pasaba de comprometerse a licitar o servizo de Comedor Sobre Rodas no 2023 e afirmar que os pregos para a súa licitación estaban listos e en marcha a deixar que a concesión entrase en precario este mes de febreiro e pedir “in extremis” rescate á Xunta de Galicia a través da adhesión ao programa Xantar na Casa, despois de deixar morrer este servizo esencial. A sabendas de que a concesión entraba en precario o 28 de febreiro de 2024, o





executivo local aínda non aprobara nin sequera en Xunta de Goberno Local o convenio de adhesión ao programa Xantar na Casa coa Xunta de Galicia para a súa entrada en funcionamento, o que provocaría *a posteriori* que as persoas usuarias quedasen no limbo polo menos un mes, dado que o 27 de marzo dábase por rematado o servizo, sen ningún tipo de alternativa ou solución o respecto para eles nin para as súas familias.

A medida de recorrer ao convenio coa Xunta de Galicia para xestionar o Comedor Sobre Rodas a través do programa “Xantar na Casa” non é máis que un parche previo á desaparición deste servizo, xa que *a priori* non é ampliable no número de usuarios e a pesares de que si está en marcha en moitos outros concellos de Galicia por cuestiós de incapacidade orzamentaria para o mantemento do servizo, este non é o caso do Concello de Ourense.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Cando prevé o Goberno galego que se formalice o convenio de adhesión do programa “Xantar na Casa” co concello de Ourense?

2. Cando prevé o Goberno galego que as persoas usuarias do programa “Comedor Sobre Rodas” do Concello de Ourense gocen do servizo “Xantar na Casa”?

3. En que momento o Concello de Ourense se puxo en contacto co Goberno galego para formalizar a adhesión ao programa “Xantar na Casa”?

4. Como cualifica a Xunta de Galicia a actuación do Goberno municipal de Ourense en relación coa situación causada ás persoas usuarias do programa “Comedor Sobre Rodas”?

Parlamento de Galicia, 2 de abril de 2024



Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/04/2024 11:24:18
Nº Rexistro: 818
Data envío: 04/04/2024 11:24:18.453

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 04/04/2024 11:20:49

Silvia Longueira Castro na data 04/04/2024 11:21:00

Elena Espinosa Mangana na data 04/04/2024 11:21:12

CSV: BOPGDSPG-z2ujNcgpo-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tarmites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30

2155

@PSdeG



Á Mesa do Parlamento

Carmen María Pomar Tojo, María Martínez Allegue, Javier Arias Fouz, José Manuel Balseiro Orol, José Silvestre Balseiros Guinarte, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, Victoria Núñez López e Roberto Rodríguez Martínez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**

O Goberno de España anunciou en época electoral a posta en marcha dun plan para a dotación de vivenda pública. Prevé mobilizar ata 50.000 vivendas da Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria (Sareb) para alugueiro accesible, a través de diferentes vías. Por unha banda, a través da posta a disposición dos municipios e comunidades autónomas, de vivendas da Sareb. Tamén mediante a promoción da construcción de vivendas en solos propiedade da entidade.

O plan do Goberno central de posta a disposición de concellos e comunidades autónomas, sinalaba 1.285 vivendas da Sareb en Galicia. Sen embargo, a pesares dos moitos anuncios ao respecto feitos polo Goberno de España, aínda non foi posible executar ningunha adquisición polo Goberno galego, toda vez a entidade non oferta vivendas dispoñibles para ser cedidas ou adquiridas pola Xunta de Galicia, xa que as que ofrece ou non reúnen as condicións necesarias ou están emprazadas en concellos nos que non existe demanda de vivenda.

O pasado mes de outubro, tívose coñecemento da próxima posta en marcha por parte da Sareb, do Programa Viena, que se atopa incluído na addenda do plan de recuperación español aprobado pola Comisión Europea, e a través do cal se porá solo en dereito de superficie a disposición de promotores privados, con destino ao alugueiro.

Da información proporcionada pola sociedade pública, despréndese que o denominado Programa Viena executarase en varias fases que englobarían en total a 15.000 vivendas, que se construirían mediante colaboración público-privada. O obxectivo deste programa, nunha primeira fase, é a construcción de 3.500 vivendas de alugueiro accesible en 42 solos distribuídos en 10 autonomías, entre as que non se atopa Galicia.

Estes anuncios contrastan con actuacións que efectivamente se están levando a cabo, coma a que se desenvolve, no Concello de Santiago de Compostela, gobernado na actualidade polo BNG e Compostela Aberta. Cómpre lembrar que a Sareb, a través da súa promotora Árqura Homes, é a sociedade propietaria da parcela do antigo colexió Peleteiro, no Concello de Santiago de Compostela.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal





Se ben se ten informado a través dos medios de comunicación da existencia de negociacións entre a sociedade controlada polo Goberno de España e o Goberno municipal, para avaliar o proxecto a desenvolver na sinalada parcela, a realidade a día de hoxe é que a sociedade pública estatal, ten solicitado na parcela en cuestión, licenza para a construcción de 40 apartamentos turísticos, 41 vivendas libres de luxo, con piscina e zona grellada, e un gran centro comercial de cinco plantas e máis de 11.000 metros cadrados de superficie.

O suposto compromiso da sociedade pública estatal era o de priorizar ofrecer os seus activos ás administracións públicas para que teñan unha utilidade social que permita incrementar o parque público de vivenda en España, pero a realidade é que a Sareb está a actuar de forma contraria a este obxectivo.

A proposta do Goberno municipal era a cesión da parcela ao Concello para destinala á construcción de vivenda protexida, o que non se corresponde coa licenza solicitada.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta:

1. Que valoración lle merece ao Goberno galego a actuación que se está levando a cabo no Concello de Santiago de Compostela por parte da Sareb e o Goberno local, na parcela do antigo colexió Peleteiro?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Carmen Pomar Tojo na data 04/04/2024 11:19:37

María Martínez Allegue na data 04/04/2024 11:21:55

Javier Arias Fouz na data 04/04/2024 11:22:29

José Manuel Balseiro Orol na data 04/04/2024 11:22:49

Silvestre Balseiros Guinarte na data 04/04/2024 11:23:01





PARLAMENTO DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/04/2024 11:26:22
Nº Rexistro: 823
Data envío: 04/04/2024 11:26:22,776

María Deza Martínez na data 04/04/2024 11:23:20

Rubén Lorenzo Gómez na data 04/04/2024 11:23:27

Victoria Núñez López na data 04/04/2024 11:24:35

Roberto Rodríguez Martínez na data 04/04/2024 11:24:38

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** na **Comisión 1^a**.

O pasado 4 de decembro de 2023, o CGPJ cumpliu cinco anos bloqueado como consecuencia da negativa do PP para alcanzar un acordo.

A pesar de que a renovación é un mandato constitucional, xa que a Constitución española establece un período de vixencia de 5 anos improporrogables, o PP sempre a bloquea cando se atopa na oposición:

- Fíxoo en 1995/1996 durante OITO MESES.
- Fíxoo en 2006-2008 durante DOUS ANOS.
- E faino agora, con CASE CINCO ANOS de bloqueo.

Este bloqueo que estamos a sufrir afecta gravemente ao funcionamento Administración de Xustiza, impactando directamente na cidadanía xa que está a provocar que haxa vacantes sen renovar, demoras nos procesos xudiciais e unha maior carga de traballo para os xulgados.

O Tribunal Supremo áchase minguado en máis dun 30 % dos seus efectivos e isto fai que algunas das súas salas se atopen “ao bordo do colapso”

Dende o ano 2018, o PSOE tentou alcanzar un acordo co PP en numerosas ocasións. Ao longo destes case 5 anos, o PP, primeiro con Pablo Casado e agora, con Alberto Núñez Feijóo, puxeron innumerables escusas co único obxectivo de non renovar o CGPJ.





Os resultados acadados nas urnas o pasado mes de xullo polas diferentes forzas políticas representan a vontade da cidadanía española que ten que ser reflectida nesta nova renovación.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista solicitamos que sexan responsables e apoien o cumprimento da Constitución instando desde o Parlamento de Galicia ao Goberno galego a que rexeite o incumprimento do artigo 122 da Constitución e a conseguinte situación de bloqueo que está a sufrir o CXPX, e que manifeste aos grupos políticos con representación nas cortes a obriga de cumprimento inmediato da Carta Magna.

Por iso, as deputadas que asinan solicitan resposta á seguinte pregunta:

Que valoración fai o Goberno galego sobre a situación de bloqueo que están a facer os representantes do Partido Popular no Congreso dos Deputados impedindo a renovación do Consello Xeral do Poder Xudicial?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 04/04/2024 11:27:03

Patricia Iglesias Rey na data 04/04/2024 11:27:17



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa ao impacto da violencia machista en Galiza e ás actuacións a desenvolver por parte do goberno galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A violencia machista é un dos problemas más graves da sociedade e, polo tanto, o seu seguimento, atención e prevención é unha das responsabilidades más importantes que teñen as nosas institucións. Porén, nos últimos anos, despois de importantes avances en materia lexislativa e tamén no ámbito da concienciación social, vivimos un momento no que tamén teñen avanzado posicións abertamente negacionistas ou banalizadoras da violencia machista. Ante isto, a mellor resposta que poden dar as institucións que si acreditan na necesidade de combater o patriarcado e as súas consecuencias más extremas é a de reforzar os recursos existentes e avaliar periodicamente o seu resultado.

Segundo os datos avanzados no primeiro trimestre de 2024 por parte do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza (TSXG) no ano 2023 verificaríase en Galiza un aumento do número de denuncias e de mulleres vítimas de violencia machista rexistrados. No ano completo rexistraríanse 7.438 vítimas e un total de 7.483 denuncias, o que supón respectivamente un incremento do 7,6% e do 7% respecto dos indicadores de 2022.

No 2023 foron asasinadas en Galiza, segundo datos oficiais, tres mulleres. Así mesmo, o pasado 19 de marzo de 2024 rexistrábase o primeiro feminicidio oficial en Galiza co asasinato dunha muller en Ribeira. Cómpre insistir en que este foi o primeiro





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

feminidicio considerado como tal mais que a través dos medios de comunicación coñecemos cando menos un caso pendente de investigación que podería ser finalmente cualificado como tal. Este feito debe facernos reflexionar sobre que, tal e como ten sinalado ademais a propia Valedora do Pobo, aínda que teñamos avanzando no ámbito lexislativo e estatístico, aínda quedan ano a ano asasinatos machistas sen ser visibilizados e computados como tal.

A violencia machista debe ser unha prioridade política, social e institucional de primeira orde e fronte a efemérides rituais e baleiras de contido, temos unha responsabilidade colectiva á hora de fixar novos compromisos, asegurar o cumprimento daquelas cuestións que aínda están sen desenvolver da Lei galega contra a violencia machista e mellorar os recursos activos.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

Que valoración fai o goberno galego da evolución da violencia machista e as súas consecuencias en Galiza?

Que valoración lle merecen os datos de violencia machista do último ano completo e o avance que temos do que vai de 2024?

Fixo ou vai facer o goberno galego unha avaliación pormenorizada dos últimos feminicidios en Galiza de cara a detectar posíbeis ámbitos de mellora na prevención e na intervención?

Que valoración fai o goberno galego dos diferentes instrumentos de cooperación interinstitucional cos concellos, deputacións ou Estado? E con outras institucións relevantes como a xudicatura?





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que valoración fai do seu cumprimento do marco legal?

Que impacto considera que están a ter os discursos negacionistas e banalizadores da dereita e da extrema dereita?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2024

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 04/04/2024 11:38:31

Olalla Rodil Fernández na data 04/04/2024 11:41:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego, Daniel Castro García e Mercedes Queixas Zas, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4^a**, sobre a orde de axudas a á tradución.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A orde de axudas á tradución para 2024 publicouse o día 16 de xaneiro, moito antes do habitual. Esta orde, cuestionada polas entidades do sector, está redactada en termos moi semellantes aos de anos anteriores, nos que tamén recibiu a contestación das entidades afectadas. A orde de axudas á tradución segue sen diferenciar entre obras traducidas ao galego e do galego (e, polo tanto, sen ter en conta o feito de que estes dous tipos de obras corresponden a obxectivos e realidades culturais diferentes) e sen baremar adecuadamente a extensións das obras.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4^a:

- O adianto da publicación da orde responde a algunha necesidade ou demanda do sector?
- Ten previsto a Secretaría Xeral atender as reclamacións do sector en relación coa orde de axudas á tradución editorial?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Vaise crear un comité avaliador para esta orde de axudas á tradución?
- Vaise diferenciar entre obras traducidas ao galego e do galego?
- Vaise ter en conta a extensión das obras para valorala adequadamente nas axudas?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2024

Asdo.: **Iria Taibo Corsanego**

Daniel Castro García

Mercedes Queixas Zas

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 04/04/2024 11:54:20

Daniel Castro García na data 04/04/2024 11:54:24

Mercedes Queixas Zas na data 04/04/2024 11:54:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Ariadna Fernández González, Montserrat Prado Cores, Montserrat Valcárcel Armesto e Iago Suárez Fernández, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre o bono coidado no fogar anunciado pola Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza implantou o denominado ‘Bono coidado no Fogar’ anunciándoo como unha axuda nova vinculada á dependencia, dotada con 5.000 euros á que poderían acollerse todas as persoas que sexan coidadas por un familiar ou alguén do seu círculo próximo.

Porén, a realidade unha vez publicada no DOG a ORDE do 30 de novembro de 2023 pola que se modifica a Orde do 2 de xaneiro de 2012, de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do Sistema para a Autonomía e a Atención á Dependencia, o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, é moi diferente.

Neste senso,

- A axuda non é nada novo, trátase da actualización da Prestación por coidados na contorna familiar vinculada á Lei de dependencia desde 2006.
- O acceso a ela depende do recurso que se fixe para cada persoa no PIA.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

– A contía é de 416 euros ao mes e en ningún caso pode ser percibida como un único pagamento.

-- Esta prestación só pode ser adquirida por persoas dependentes de grao 2 e 3 naqueles casos en que a persoa coidadora conviva no mesmo domicilio.

A propaganda foi tal que mesmo o Colexio de Traballo Social de Galiza reclamou á administración unha rectificación pública polas falsas expectativas que estaba a xerar na poboación ademais da sobrecarga de traballo do persoal encargado da súa tramitación nos xa mermados servizos comunitarios.

Cómpre lembra que a Lei dependencia establece no seu artigo 14.4 que “o beneficiario poderá, excepcionalmente, recibir unha prestación económica para ser atendido por cuidadores non profesionais, sempre que se dean as condicións acaídas de convivencia e de habitabilidade da vivenda e así o estabeleza o seu Programa Individual de Atención”.

Neste senso, a administración ten a obriga de garantir o acceso a servizos públicos previstos na carteira de servizos da dependencia tales como centros de día e de noite, centros residenciais ou o Servizo de Axuda no Fogar. Porén, as cifras demostran que no noso País son as prestacións vinculadas a coidados na contorna familiar e a servizo as que máis medran. Así, das 7.010 novas prestacións recoñecidas en 2023, o 26% (1.806) correspón dese a PECEF e 4.338 a PEVS.

En Galiza existe un déficit evidente de servizos dirixidos á atención de persoas dependentes. Tanto é así que en febreiro deste ano 14.651 persoas reciben unha prestación económica vinculada a servizo para pagar na privada o dereito de acceso recoñecido a un servizo que o público non é quen de garantir.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Por que mentiu a Xunta de Galiza a respecto da prestación económica por coidados na contorna familiar?
- Vai rectificar tal e como lle demandou o COTSG?
- Que medidas vai adoptar o Goberno galego para cumplir coas súas obrigas en materia de dependencia e promover o acceso da poboación dependente a servizos públicos?
- Ten algún plan o goberno da Xunta de Galiza para garantir o acceso efectivo da poboación dependente con dereito recoñecido a un servizo que agora recibe unha prestación económica para pagalo na privada?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2024

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Ariadna Fernández González

Montserrat Valcárcel Armesto

Montserrat Prado Cores

Iago Suárez Fernández

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 04/04/2024 11:54:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ariadna Fernández González na data 04/04/2024 11:57:22

Montserrat Valcárcel Armesto na data 04/04/2024 11:58:01

María Montserrat Prado Cores na data 04/04/2024 11:58:43

Iago Suárez Fernández na data 04/04/2024 11:59:15





Á Mesa do Parlamento

Carmen María Pomar Tojo, María Martínez Allegue, Javier Arias Fouz, José Manuel Balseiro Orol, José Silvestre Balseiros Guinarte, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, Victoria Núñez López e Roberto Rodríguez Martínez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**

O pasado 16 de outubro entrou en vigor o Decreto 128/2023, do 7 de setembro, polo que se modifica o Decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia (DOG núm. 176 do 15 de setembro).

O Pacto de vivenda de Galicia 2021-2025, no que se contén as directrices das políticas de vivenda de Galicia neste período, foi asinado o 20 de xaneiro de 2021 polo Pleno do Observatorio de Vivenda.

No eixo 1 da liña estratéxica D do pacto, dedicada a outras medidas en materia de vivenda e rehabilitación, inclúese unha epígrafe denominada desenvolvemento normativo, na cal se indica que o deseño das políticas de vivenda e rehabilitación debe ir acompañado dun desenvolvemento normativo que adapte a regulación existente ás necesidades derivadas do contexto actual do sector inmobiliario.

O texto da reforma foi analizado e debatido no seo do Observatorio de Vivenda de Galicia, no cal están representados os axentes da edificación, a Federación Galega de Municipios e Provincias, as persoas consumidoras e usuarias e as persoas profesionais da intermediación inmobiliaria, e no Comité asesor de habitabilidade, órgano consultivo e adscrito a vicepresidencia segunda e consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Ademais contou cun amplio respaldo do sector.

A evolución da sociedade, os novos modos de habitar, e o tempo transcorrido desde a aprobación do Decreto 29/2010, aconsellaban sen dúbida unha reforma co fin de actualizar os requisitos actuais e dar resposta á realidade social.

Tamén a problemática detectada e derivada do progresivo abandono dos locais destinados a usos comerciais, levando consecuentemente a un proceso de degradación da imaxe da cidade e da propia vida urbana.

En definitiva, a modificación normativa busca ofrecer solucións efectivas a problemas derivados dos cambios socioeconómicos e estruturais que sufriu a sociedade galega nos últimos anos e adecuar certos aspectos da normativa de habitabilidade vixente en





Galicia, co fin de simplificar a súa aplicación e eliminar redundancias co resto da lexislación sectorial.

O Goberno galego, ten explicado que coas modificacións introducidas búscase, superar requisitos estritos e obsoletos á hora de rehabilitar ou reformar vivendas, que fan inviable en moitos casos adecuar as vivendas as propias demandas e necesidades dos seus usuarios.

E por outra banda, e entre outros, o novo decreto facilitará e permitirá que en determinados supostos, baixos comerciais ou entrecháns abandonados ou sen actividade nas contornas urbanas poidan reconverteñse en vivendas, posibilitando así un segundo uso e eliminándose trabas que a día de hoxe non atopan xustificación.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulañan a seguinte pregunta:

1. Cales son os obxectivos que pretende o Goberno galego coa modificación das normas de habitabilidade de Galicia do ano 2010?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2024



PARLAMENTO DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/04/2024 12:07:26
Nº Rexistro: 847
Data envío: 04/04/2024 12:07:26.401

Asinado dixitalmente por:

Carmen Pomar Tojo na data 04/04/2024 12:01:35

María Deza Martínez na data 04/04/2024 12:03:35

Javier Arias Fouz na data 04/04/2024 12:04:01

José Manuel Balseiro Orol na data 04/04/2024 12:04:12

Silvestre Balseiros Guinarte na data 04/04/2024 12:04:32

María Martínez Allegue na data 04/04/2024 12:04:54

Rubén Lorenzo Gómez na data 04/04/2024 12:05:25

Victoria Núñez López na data 04/04/2024 12:05:54

Roberto Rodríguez Martínez na data 04/04/2024 12:06:02



Á Mesa do Parlamento

Victoria Núñez López, Carmen María Pomar Tojo, María Martínez Allegue, Javier Arias Fouz, José Manuel Balseiro Orol, José Silvestre Balseiros Guinarte, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez e Roberto Rodríguez Martínez, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na **Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

A Xunta de Galicia adquiriu dous inmobles no casco histórico de Ourense, concretamente na rúa Colón, por preto de 370.000 euros, no marco do programa Rexurbe.

Estas novas compras sumanse a outros catro inmobles que a Xunta de Galicia, a través do Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS), xa adquirira no conxunto histórico da cidade de Ourense, o que fai un total de 6 edificios adquiridos, a través de ofertas públicas, para rehabilitalos, obter vivendas de promoción pública, e destinalas a alugueiro a prezos accesibles.

O programa Rexurbe ten como obxectivos, ademais de obter vivenda pública coa rehabilitación do patrimonio construído, facilitar a revitalización de ámbitos que, polas súas especiais características, precisan dunha maior implicación por parte das distintas administracións públicas para mellorar as condicións de vida dos veciños e veciñas, e dotalos dos recursos necesarios para garantir que recuperen o seu antigo dinamismo.

Deste xeito, recupéranse importantes espazos urbanos conseguindo dinamizar economicamente os ámbitos, protexendo o patrimonio construído e fixando poboación nos distintos cascos históricos de Galicia.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan a seguinte pregunta:

1. A canto ascende o investimento do Goberno galego na compra e rehabilitación dos inmobles adquiridos en Ourense no marco do programa Rexurbe?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal



Victoria Núñez López na data 04/04/2024 12:11:48

Carmen Pomar Tojo na data 04/04/2024 12:12:19

María Martínez Allegue na data 04/04/2024 12:12:36

Javier Arias Fouz na data 04/04/2024 12:12:41

José Manuel Balseiro Orol na data 04/04/2024 12:13:09

Silvestre Balseiros Guinarte na data 04/04/2024 12:13:20

María Deza Martínez na data 04/04/2024 12:13:25

Rubén Lorenzo Gómez na data 04/04/2024 12:13:52

Roberto Rodríguez Martínez na data 04/04/2024 12:13:55



Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Marta Mariño Regueiro, María Deza Martínez, Patricia García González, María Dolores Hermelo Piñeiro, María Martínez Allegue, Roberto Rodríguez Martínez, Raúl Santamaría González e Gonzalo Trenor López, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8^a Pesca e Marisqueo.

O Consello da Xunta analizou o 11 de xaneiro do 2024 o informe onde se detallan as sinaturas de convenios de colaboración entre a Consellería do Mar e a entidades da cadea mar industria Anfaco-Cecopesca que ten como principal obxectivo reforzar o impulso á actividade marítimo-pesqueira na comunidade galega.

A achega económica deste acordo estará dedicada a ámbitos que pasan pola coordinación de accións de potenciación, difusión e promoción dos sectores e produtos pesqueiros galegos, co fin de intensificar o coñecemento dos mesmos e incrementar así a súa competitividade.

O importe será financiado nun 70 % co Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (Fempa) dentro da súa prioridade de Mellora da comercialización mediante campañas de promoción dos produtos pesqueiros e acuícolas, e o restante 30% con cargo aos orzamentos da Xunta.

Nesta estratexia, para a Consellería do Mar é crucial facer partícipe aos actores da cadea mar-industria da tarefa, identificando en cada caso ás organizacións ou entidades que podan contribuír a alcanzar estes obxectivos e habilitar vías de colaboración con elas.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

1. Cal é a suma total do acordo de colaboración entre a Consellería do Mar e Anfaco-Cecopesca, así como cales son os obxectivos principais do devandito acordo?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2024.





PARLAMENTO DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/04/2024 12:22:23
Nº Rexistro: 852
Data envío: 04/04/2024 12:22:23.007

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 04/04/2024 12:09:15

Marta Mariño Regueiro na data 04/04/2024 12:10:34

María Deza Martínez na data 04/04/2024 12:10:49

Dolores Hermelo Piñeiro na data 04/04/2024 12:10:59

Raúl Santamaría González na data 04/04/2024 12:11:25

Patricia García González na data 04/04/2024 12:11:40

Gonzalo Trenor López na data 04/04/2024 12:11:58

María Martínez Allegue na data 04/04/2024 12:12:35

Roberto Rodríguez Martínez na data 04/04/2024 12:12:46





Á Mesa do Parlamento

Carmen María Pomar Tojo, María Martínez Allegue, Javier Arias Fouz, José Manuel Balseiro Orol, José Silvestre Balseiros Guinarte, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, Victoria Núñez López e Roberto Rodríguez Martínez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**

O Pacto Social pola Vivenda de Galicia que naceu no ano 2021, no marco do Observatorio da Vivenda de Galicia, define as directrices básicas da política de vivenda e solo na Comunidade. Un plan estratéxico para acadar o obxectivo de apoiar as persoas e as familias na consecución dunha vivenda digna, e especialmente apoiar aos que máis dificultades teñen, as persoas mozas e as persoas más vulnerables.

A Xunta aprobou a liña estratéxica para o desenvolvemento de vivenda de promoción pública e impulso da vivenda protexida de cara aos vindeiros catro anos, co obxectivo, entre outros, de incrementar o parque público residencial de Galicia nun 50%.

Nun contexto socioeconómico como o actual, no que a vivenda constitúe unha das principais inquedanzas dos cidadáns, o Goberno galego continúa a reforzar a súa aposta polo desenvolvemento de inmobles de promoción pública para a súa posta a disposición en réxime de alugueiro a prezos accesibles e a través de diferentes vías.

Ademais de aumentar a súa oferta pública residencial, a Xunta de Galicia, impulsa a construción de vivenda protexida poñendo á disposición de cooperativas e promotores solo residencial xa urbanizado e promovendo novos desenvolvimentos en parcelas da súa propiedade ou en colaboración con concellos alí onde se concentra a maior demanda de vivenda.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta:

- Cales son as vías articuladas polo Goberno galego para ampliar o parque de vivenda pública e protexida en Galicia?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2024





Asinado dixitalmente por:

Carmen Pomar Tojo na data 04/04/2024 12:21:26

María Martínez Allegue na data 04/04/2024 12:21:49

Javier Arias Fouz na data 04/04/2024 12:21:53

José Manuel Balseiro Orol na data 04/04/2024 12:22:23

María Deza Martínez na data 04/04/2024 12:22:31

Silvestre Balseiros Guinarte na data 04/04/2024 12:22:50

Rubén Lorenzo Gómez na data 04/04/2024 12:22:57

Victoria Núñez López na data 04/04/2024 12:24:09

Roberto Rodríguez Martínez na data 04/04/2024 12:24:13





Á Mesa do Parlamento

Carmen María Pomar Tojo, María Martínez Allegue, Javier Arias Fouz, José Manuel Balseiro Orol, José Silvestre Balseiros Guinarte, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, Victoria Núñez López e Roberto Rodríguez Martínez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**

O Partido Socialista (PSOE) e o Partido Nacionalista Vasco (PNV) asinaron un acordo polo que, entre outras cuestiós, se comprometen a facer efectivo o traspaso de varias competencias á comunidade autónoma vasca, como condición para o apoio dos nacionalistas á investidura.

Un dos puntos obxecto do pacto ten que ver coa transferencia ao País Vasco da xestión do litoral, exactamente a mesma reclamación que fai Galicia e que o Goberno que preside Pedro Sánchez vén negándonos desde hai anos.

Esta transferencia á comunidade autónoma vasca comprométese sen necesidade de modificar o seu estatuto de autonomía, mentres que esa esixencia de reforma estatutaria esta a servir de escusa para negarnos esta reivindicación feita desde Galicia.

Ademais, a sinatura deste compromiso faise tan só un día despois de publicarse no Boletín Oficial do Estado (BOE) o recurso de inconstitucionalidade que o Executivo central promoveu contra a lei galega do Litoral, que perde deste xeito toda a súa razón de ser.

Galicia aprobou a Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia, co aval do Parlamento e sen ningún voto en contra e, pese a iso, atópase cun recurso que impide seguir avanzando en moitos proxectos emprazados no litoral coa consecuente inseguridade xurídica.

A situación implica un evidente agravio contra a nosa Comunidade e unha diferencia de tratoinxusta e inxustificable que varía en función do interese político do presidente do Goberno á hora de favorecer a determinados territorios e atender as súas demandas.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal





Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

- Que valoración fai o Goberno galego do agravio que supón para Galicia transferir ao País Vasco a xestión do litoral mentres a Lei autonómica galega está recorrida e en suspenso?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Carmen Pomar Tojo na data 04/04/2024 12:28:02

María Martínez Allegue na data 04/04/2024 12:28:56

Javier Arias Fouz na data 04/04/2024 12:29:18

José Manuel Balseiro Orol na data 04/04/2024 12:29:23

Silvestre Balseiros Guinarte na data 04/04/2024 12:29:49

María Deza Martínez na data 04/04/2024 12:29:56

Rubén Lorenzo Gómez na data 04/04/2024 12:30:26

Victoria Núñez López na data 04/04/2024 12:30:31

Roberto Rodríguez Martínez na data 04/04/2024 12:31:30





Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Marta Mariño Regueiro, María Deza Martínez, Patricia García González, María Dolores Hermelo Piñeiro, María Martínez Allegue, Roberto Rodríguez Martínez, Raúl Santamaría González e Gonzalo Trenor López, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª Pesca e Marisqueo.

En febreiro deste ano, o Goberno Galego presentou unha proposta de modificación á ultima resolución da Secretaría Xeral de Pesca (SXP) do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación pola que establece disposicións adicionais para ordenación das pesqueira do xurelo no caladoiro do Cantábrico e noroeste (zona CIEM 8C) para barcos que utilizan artes de pesca distintas ao arrastre e o cerco.

Esta disposición realiza un reparto provincial da cota desta especie e establece uns topes de capturas que, segundo a valoración da Consellería, son contrarias á realidade do sector en Galicia e non se axustan ao esforzo pesqueiro real das embarcacións que faenan na zona.

A proba está no feito de que o ano pasado, debido a unha resolución que tampouco permitiu unha xestión óptima do recurso, consumiuse menos do 60% da cota que se podía pescar por parte da frota galega de artes menores, quedando sen utilizar preto de 33.000 quilos froito deste desaxuste.

Así, a decisión pola que o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación traslada os recortes de capturas aprobados no Consello de Ministros da UE para o xurelo á frota como cota accesoria e non dirixida establece que un reparto de 93.900 quilos para toda esta área para as embarcacións que non usan nin a modalidade de pesca do arrastre nin o cerco, establecendo un tope para o xurelo de 30 quilos por embarcación á semana. Deste total, 62.118 quilos corresponderían á provincia da Coruña e 3.822 quilos á de Lugo.

Nin a cota asignada de pesca accesoria de 65.940 quilos, nin o tope de 30 quilos por barco e semana establecen unha proporcionalidade e axuste adaptado para as provincias galegas nin ao esforzo pesqueiro xerado polo segmento da frota afectado.



Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

1. Cales son os argumentos trasladados polo Goberno galego ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación polos que reclama que modifique a resolución que reparte a cota de xurelo para o Cantábrico e noroeste?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2024.

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 04/04/2024 12:29:48

Marta Mariño Regueiro na data 04/04/2024 12:30:10

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





María Deza Martínez na data 04/04/2024 12:30:20

Dolores Hermelo Piñeiro na data 04/04/2024 12:30:27

Raúl Santamaría González na data 04/04/2024 12:30:35

María Martínez Allegue na data 04/04/2024 12:30:45

Patricia García González na data 04/04/2024 12:30:55

Gonzalo Trenor López na data 04/04/2024 12:31:04

Roberto Rodríguez Martínez na data 04/04/2024 12:31:18



Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Marta Mariño Regueiro, María Deza Martínez, Patricia García González, María Dolores Hermelo Piñeiro, María Martínez Allegue, Roberto Rodríguez Martínez, Raúl Santamaría González e Gonzalo Trenor López, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**

O Consello da Xunta autorizou o día 21 de decembro de 2023 o compromiso de gasto plurianual para a convocatoria de bolsas de formación dirixidas a persoal técnico de ciclos formativos de grao superior co obxectivo de que poidan completar a súa especialización como persoal auxiliar de investigación mariña.

A Xunta de Galicia destina recursos repartidos nas anualidades 2024, 2025 e 2026, co fin de fomentar a investigación e especialización en materia acuícola.

Estas bolsas de especialización por medio da realización de prácticas impartiranse no Centro de Investigacións Mariñas (CIMA), dependente da Xunta de Galicia. Este organismo intégrano o Centro de Investigacións Mariñas de Corón en Vilanova de Arousa (Pontevedra) e unha planta de cultivos mariños emprazada en Ribadeo (Lugo).

O Goberno galego apostá pola especialización do alumnado e por facilitar o seu acceso ao mundo laboral.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario Popular formula a seguinte pregunta:

1. A canto ascende a financiación das bolsas de formación especializada no Centro de Investigacións Mariñas (CIMA) que promove a Xunta de Galicia?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





José Manuel Balseiro Orol na data 04/04/2024 12:48:38

Marta Mariño Regueiro na data 04/04/2024 12:48:47

María Deza Martínez na data 04/04/2024 12:49:33

Patricia García González na data 04/04/2024 12:49:53

Dolores Hermelo Piñeiro na data 04/04/2024 12:50:15

María Martínez Allegue na data 04/04/2024 12:50:20

Roberto Rodríguez Martínez na data 04/04/2024 12:50:47

Raúl Santamaría González na data 04/04/2024 12:51:41

Gonzalo Trenor López na data 04/04/2024 12:51:45





Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Marta Mariño Regueiro, María Deza Martínez, Patricia García González, María Dolores Hermelo Piñeiro, María Martínez Allegue, Roberto Rodríguez Martínez, Raúl Santamaría González e Gonzalo Trenor López, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª Pesca e Marisqueo.

En xaneiro deste ano, o Goberno galego presentou alegacións contra os recortes que establece nas súas últimas resolucións a Secretaría Xeral de Pesca (SXP) polas que ordena as pesquerías do abadexo e das raias.

Estas decisións do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación trasladan os recortes das cotas de capturas que para estas especies se decidiron no pasado Consello de Ministros de Pesca da UE, polo que desde a Consellería do Mar elévanse argumentos para tratar de limitar o impacto na frota galega.

No caso do abadexo, sinálase que a xa baixa cota inicial de 70.000 quilos establecida para 2024 e 2025 para a zona 8C vese reducida polo rebasamento do ano pasado a so 55.765 quilos.

Alégase, sen embargo, que a Secretaría General de Pesca establece na resolución que en base á evolución dos consumos se podería engadir a porcentaxe que se determine da cota de España de zonas como a 9A, respectando as necesidades da frota autorizada nesas zonas.

O ano pasado sobraran nese zona 20.000 quilos, e tralo recorte do 53% para este ano, a 93.000 quilos, as posibilidades de capturas quedan nos 113.800.

Tamén se alega ao proxecto de resolución da Secretaría General de Pesca porque marca que os topes de captura serán de aplicación desde a data de publicación da mesma ata a entrada en vigor da de 2025, cando o oportuno tería sido facelo con aplicación desde o 1 de xaneiro de 2024.

No caso raia, as alegacións parten da cota inicial de 1.724.000 quilos para as zonas 8 e 9 das augas da UE este ano, cunha reserva do 2% para evitar posibles rebasamentos ou para utilizala en intercambios con outros Estados membros.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





1. Cales son as alegacións trasladadas polo Goberno galego á Secretaría Xeral de Pesca sobre os recortes para as pesquerías do abadexo e da raia?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2024.

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 04/04/2024 12:45:12

Marta Mariño Regueiro na data 04/04/2024 12:45:53

María Deza Martínez na data 04/04/2024 12:46:02

Dolores Hermelo Piñeiro na data 04/04/2024 12:46:11

Raúl Santamaría González na data 04/04/2024 12:46:19

María Martínez Allegue na data 04/04/2024 12:46:30





PARLAMENTO DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/04/2024 12:58:28
Nº Rexistro: 871
Data envío: 04/04/2024 12:58:28.658

Patricia García González na data 04/04/2024 12:46:54

Gonzalo Trenor López na data 04/04/2024 12:48:26

Roberto Rodríguez Martínez na data 04/04/2024 12:49:04





Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Marta Mariño Regueiro, María Deza Martínez, Patricia García González, María Dolores Hermelo Piñeiro, María Martínez Allegue, Roberto Rodríguez Martínez, Raúl Santamaría González e Gonzalo Trenor López, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**

O DOG do 26 de setembro de 2023 publicaba a Orde do 14 de setembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) no marco do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura 2021-2027.

As axudas terán como finalidade apoiar iniciativas que dean lugar a un aumento do valor, creación de emprego, valoración e fomento da participación das mulleres, atracción de persoas mozas e promoción da innovación en todas as fases da cadea de produción e subministración dos produtos da pesca e a acuicultura, e a mellora da imaxe destes produtos e a actividade produtiva a nivel local para a súa incorporación á cultura alimentaria do territorio.

A través destes apoios tamén se estaría fomentando a economía azul nas zonas pesqueiras e acuícolas mediante a diversificación dentro e fóra do sector da pesca comercial e se favorece a aprendizaxe permanente e a creación de emprego.

Poderán ser beneficiarias pequenas e medianas empresas, persoas traballadoras autónomas e persoas xurídicas sen ánimo de lucro con domicilio fiscal e social na Comunidade Autónoma de Galicia.

Por todo o anterior o Grupos Parlamentario Popular presenta a seguinte Pregunta oral en Pleno e en Comisión:

1. Cal é o orzamento destinado pola Consellería do Mar para os proxectos impulsados polos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP)?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2024



Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 04/04/2024 12:58:02

Marta Mariño Regueiro na data 04/04/2024 12:58:14

María Deza Martínez na data 04/04/2024 12:58:42

Patricia García González na data 04/04/2024 12:58:48

Dolores Hermelo Piñeiro na data 04/04/2024 12:59:19

María Martínez Allegue na data 04/04/2024 12:59:25

Roberto Rodríguez Martínez na data 04/04/2024 12:59:38

Raúl Santamaría González na data 04/04/2024 13:00:11

Gonzalo Trenor López na data 04/04/2024 13:00:17





Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Marta Mariño Regueiro, María Deza Martínez, Patricia García González, María Dolores Hermelo Piñeiro, María Martínez Allegue, Roberto Rodríguez Martínez, Raúl Santamaría González e Gonzalo Trenor López, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**

O Consello da Xunta analizou na reunión do día 22 de febreiro de 2024 o informe de execución dos proxectos para a protección e recuperación da biodiversidade dos ecosistemas mariños mediante a recollida de residuos

As principais accións desenvolvidas polo sector marítimo-pesqueiro ao abeiro destes apoios da Xunta de Galicia consistiron na recollida de lixo das costas galegas, pero tamén hai outras accións para mellorar a concienciación ambiental, a formación e a colaboración entre os axentes implicados, como poden ser xornadas formativas, material divulgativo, obradoiros, reportaxes de vídeo e exposicións.

Na súa execución participaron confraría de pescadores, organizacións de produtores pesqueiros e outras entidades asociativas do sector en Galicia como as ONG en alianza coas entidades do sector ou convxuntamente cos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP).

Todas estas iniciativas enmárcanse no plan MarLimpio promovido polo Goberno galego, co que se pretende contribuír a acadar un ambiente costeiro e mariño limpo, saudable, produtivo e bioloxicamente diverso e unha redución da cantidade de residuos existentes nas zonas costeiras.

A través del tamén se busca que os sectores pesqueiro e marisqueiro integren nas súas operativas boas prácticas que contribúan á protección do medio mariño.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia, formula a seguinte pregunta oral:

- ¿Cantos proxectos foron desenvolvidos no marco das convocatorias de axudas da Xunta de Galicia para accións de retirada de residuos mariños e cal foi o volume de residuos recollidos?





PARLAMENTO DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/04/2024 13:11:23
Nº Rexistro: 877
Data envío: 04/04/2024 13:11:23,394

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 04/04/2024 13:07:25

Marta Mariño Regueiro na data 04/04/2024 13:07:47

María Deza Martínez na data 04/04/2024 13:08:09

Patricia García González na data 04/04/2024 13:08:16

Dolores Hermelo Piñeiro na data 04/04/2024 13:08:44

María Martínez Allegue na data 04/04/2024 13:08:49

Roberto Rodríguez Martínez na data 04/04/2024 13:09:51

Raúl Santamaría González na data 04/04/2024 13:10:04

Gonzalo Trenor López na data 04/04/2024 13:10:38



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Ariadna Fernández González, Montserrat Prado Cores, Montserrat Valcárcel Armesto e Iago Suárez Fernández, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre os datos de pobreza e exclusión social ou o risco de a padecer en Galiza e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo os últimos datos publicados na Enquisa de condicións de vida, en 2023, o 25,5% das galegas e galegos estaban en risco de pobreza e exclusión social (Taxa AROPE). Isto supón un incremento de case dous puntos porcentuais máis que no 2022.

É dicir, o pasado ano no noso País, un cuarto da poboación atopábase en risco de pobreza e exclusión, en termos absolutos: 688.500 persoas.

Neste senso, malia que Galiza se situou un punto porcentual por baixo da media do estado (26,5%) neste indicador, é a novena comunidade autónoma cun índice de pobreza e exclusión maior.

Así mesmo, os datos sinalan que a poboación en risco de pobreza, é dicir, a porcentaxe de poboación que non chega ao 60% da mediana de ingresos da poboación xeral, foi do 19,4% da poboación galega (+1,4 puntos a respecto de 2022).

Aliás, o 8,2% rexistra unha carencia material e social severa, case dous puntos máis que hai un ano. Trátase de persoas que viven en fogares que non poden enfrentar





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

catro ou máis conceptos de consumo dun total de nove considerados básicos en territorio europeo.

Entre eses ítems está non poder manter a vivenda a unha temperatura acaída. Neste caso, o 21,5% da poboación galega (dous puntos máis que en 2022) situándose como a maior proporción de galegas e galegos nos últimos 15 anos.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Que valoración fai a Xunta de Galiza dos datos de risco de pobreza e exclusión social en Galiza?
- Que medidas vai adoptar para garantir unhas condicións de vida dignas ao conxunto da poboación e, polo tanto, combater o risco de pobreza e exclusión social?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2024

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Ariadna Fernández González

Montserrat Valcárcel Armesto

Montserrat Prado Cores

Iago Suárez Fernández

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 04/04/2024 13:07:10

Ariadna Fernández González na data 04/04/2024 13:09:50

Montserrat Valcárcel Armesto na data 04/04/2024 13:10:20

María Montserrat Prado Cores na data 04/04/2024 13:10:55

Iago Suárez Fernández na data 04/04/2024 13:11:28





Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Marta Mariño Regueiro, María Deza Martínez, Patricia García González, María Dolores Hermelo Piñeiro, María Martínez Allegue, Roberto Rodríguez Martínez, Raúl Santamaría González e Gonzalo Trenor López deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª Pesca e Marisqueo.

En febreiro deste ano, o Goberno galego presentou ante a Secretaría Xeral de Pesca (SXP) do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación unha serie de peticións co fin de poñer en marcha determinadas flexibilidades, exencións e medidas de simplificación no desenvolvemento do regulamento europeo para o control da pesca que se recollen dentro da propia normativa comunitaria e que resultarían beneficiosos para o sector en Galicia e, de forma especial, para a súa frota artesanal.

Así, desde a Consellería trasladan á Secretaría Xeral Pesca un total de 23 propostas entre as que se atopan a da exención de determinadas categorías de buques pesqueiros da obriga de completar e presentar unha notificación previa e unha declaración de transbordo; a exención para determinadas poboacións de la obriga de estivar por separado as poboacións demersais suxeitas a plans plurianuais; as normas sobre procedementos de pesada e as normas especiais relativas ás pequenas especies peláxicas; normas sobre os observadores encargados do control; ou as normas sobre inspeccións das autoridades competentes dos Estados membros e dos operadores.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

1. Cales son as solicitudes de desenvolvemento normativo que presentou o Goberno galego ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación que permiten facilitar ao sector da comunidade, especialmente ao artesanal e ao marisqueo, o cumprimento das obrigas establecidas pola UE?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2024.





Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 04/04/2024 13:08:58

María Deza Martínez na data 04/04/2024 13:09:53

Dolores Hermelo Piñeiro na data 04/04/2024 13:10:02

Marta Mariño Regueiro na data 04/04/2024 13:10:10

Raúl Santamaría González na data 04/04/2024 13:10:20

María Martínez Allegue na data 04/04/2024 13:10:29

Patricia García González na data 04/04/2024 13:10:46

Roberto Rodríguez Martínez na data 04/04/2024 13:10:57

Gonzalo Trenor López na data 04/04/2024 13:11:40



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego, Luis Bará Torres, Mercedes Queixas Zas e Paulo Ríos Santomé, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2^a**, sobre a mobilidade na comarca da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comarca da Coruña ten a mobilidade entre os seus principais problemas. A diario, entran e saen da cidade máis de 100.000 persoas, de acordo con datos do INE, o que fai preciso prestar especial atención a este asunto, tanto desde o punto de vista das infraestruturas como dos servizos de transporte público que se prestan.

En canto ás infraestruturas, o plan viario da comarca da Coruña (concellos da Coruña, Arteixo, Bergondo, Culleredo, Cambre, Oleiros e Sada) máis recente data do ano 2004. En 2002, varios dos concellos afectados uníronse para demandar unha actualización urxente deste documento. Este plan debe incluír a finalización da Vía Ártabra co seu trazado orixinal (que incluía a ligazón coa A-6, ademais da AP-9 e da N-VI), ademais doutras estradas que deben servir para vertebrar a mobilidade comarcal, con prazos de execución concretos.

Por outra banda, é preciso mellorar e actualizar o servizo do transporte público, que en absoluto se adecúa á realidade poboacional, laboral e social da comarca: as liñas de transporte en autobús, as súas frecuencias e itinerarios non concordan coa realidade da cidadanía.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ademais, a Xunta de Galiza debe asumir a súa responsabilidade no transporte ferroviario e as súas competencias no ámbito da media distancia que, xunto cos trens de proximidade, deben contribuír a desconxestionar as estradas da comarca. Para isto, é imprescindible que a Xunta de Galiza asuma a súa competencia na media distancia. A combinación do transporte por ferrocarril e por autobús debe estar á disposición das necesidades da cidadanía.

A Xunta de Galiza debe estudar a viabilidade da recuperación do transporte marítimo na ría da Coruña, co obxectivo de favorecer a mobilidade dos veciños e veciñas da comarca, de desincentivar o uso do vehículo privado e de adecuar os servizos á realidade social, laboral e ambiental da comarca.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2.^a:

- Cando vai elaborar o goberno galego un plan actualizado para a rede viaria da Comarca da Coruña?
- Que medidas ten previsto impulsar o goberno galego para mellorar os servizos de transporte público na comarca da Coruña?
- A Xunta de Galiza vai asumir a súa competencia no ámbito da media distancia ferroviaria, para responsabilizarse da ligazón entre A Coruña e Betanzos?
- Cales son as actuacións previstas para mellorar as liñas e frecuencias de transporte por autobús na comarca da Coruña?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- O goberno galego ten previsto estudar a viabilidade do transporte marítimo na ría da Coruña?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2024

Asdo.: **Iria Taibo Corsanego**

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 04/04/2024 13:11:05

Mercedes Queixas Zas na data 04/04/2024 13:11:08

Paulo Ríos Santomé na data 04/04/2024 13:11:17

Iria Taibo Corsanego na data 04/04/2024 13:11:39





Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Marta Mariño Regueiro, María Deza Martínez, Patricia García González, María Dolores Hermelo Piñeiro, María Martínez Allegue, Roberto Rodríguez Martínez, Raúl Santamaría González e Gonzalo Trenor López, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**

O DOG do 31 de xaneiro de 2024 publicaba a ORDE do 28 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria para o ano 2024 para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas a proxectos colectivos para a modernización e mellora dos equipamentos e das infraestruturas dos portos pesqueiros, dos lugares de desembarque, das lonxas e dos fondeadoiros.

Esta orde, cofinanciada polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (Fempa), ten por obxecto a concesión de axudas destinadas a proxectos tan diversos como os de mellora da eficiencia enerxética, protección do medio ambiente, da seguridade e das condicións de traballo, da calidade e do incremento do control e da rastrexabilidade dos produtos desembarcados procedentes da pesca e da seguridade das infraestruturas fronte a eventos meteorolóxicos provocados polo cambio climático.

As axudas terán como finalidade apoiar proxectos colectivos que se desenvolvan nos edificios ou instalacións dos portos pesqueiros nos que se presten servizos ou desenvolvan actividades directamente vinculadas coa actividade pesqueira, lonxas ou establecementos autorizados para a primeira venda de produtos pesqueiros e lugares de desembarque da Comunidade Autónoma de Galicia.

Poderán ser beneficiarias as confrarías de pescadores, agrupacións de interese económico do sector pesqueiro, as organizacións de produtores, as cooperativas, as asociacións profesionais de persoas pescadoras e mariscadoras e as asociacións profesionais de redeiras.

Por todo o anterior o Grupos Parlamentario Popular presenta a seguinte pregunta:

- Cal é o orzamento destinado pola Consellería do Mar para apoiar estas axudas dirixidas a mellorar as instalacións portuarias?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2024





Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 04/04/2024 13:20:30

Marta Mariño Regueiro na data 04/04/2024 13:20:45

María Deza Martínez na data 04/04/2024 13:20:50

Patricia García González na data 04/04/2024 13:21:30

Dolores Hermelo Piñeiro na data 04/04/2024 13:22:02

María Martínez Allegue na data 04/04/2024 13:22:26

Roberto Rodríguez Martínez na data 04/04/2024 13:22:29

Raúl Santamaría González na data 04/04/2024 13:22:59

Gonzalo Trenor López na data 04/04/2024 13:23:03





Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Marta Mariño Regueiro, María Deza Martínez, Patricia García González, María Dolores Hermelo Piñeiro, María Martínez Allegue, Roberto Rodríguez Martínez, Raúl Santamaría González e Gonzalo Trenor López, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo**

Como cada mes de decembro o Consello de Agricultura e Pesca da Unión Europea acorda o establecemento dos límites de captura para as principais poboacións de peixes de interese comercial en augas do Atlántico, do mar do Norte, do Mediterráneo e do mar Negro. O acordo político integra así mesmo os resultados das consultas con Noruega e o Reino Unido sobre as poboacións compartidas.

Xa que logo a frota pesqueira galega é a de maior relevancia do conxunto dos países da Unión Europea tamén estas decisións sobre as cotas teñen un maior impacto no correcto desenvolvemento da actividade deste sector.

Nunha primeira valoración do acordo apuntábase a que resulta decepcionante para os intereses de Galicia ao non mellorar a proposta inicial da Comisión Europea. De feito chama a atención que non se aproveitase daquela a presidencia española do Consello da UE para frear impactos negativos en especies de gran interese para a frota galega, como poden ser a solla, o merlán e o linguado, entre outros.

Polo exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia do resultado do Consello de Ministros de Agricultura e Pesca da Unión Europea, no que se negocian as posibilidades pesqueiras para o ano 2024?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 04/04/2024 13:26:02

Marta Mariño Regueiro na data 04/04/2024 13:26:32

María Deza Martínez na data 04/04/2024 13:26:53





PARLAMENTO DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/04/2024 13:29:24
Nº Rexistro: 900
Data envío: 04/04/2024 13:29:24.165

Patricia García González na data 04/04/2024 13:27:10

Dolores Hermelo Piñeiro na data 04/04/2024 13:27:14

María Martínez Allegue na data 04/04/2024 13:27:36

Roberto Rodríguez Martínez na data 04/04/2024 13:27:42

Raúl Santamaría González na data 04/04/2024 13:28:17

Gonzalo Trenor López na data 04/04/2024 13:28:21

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Marta Mariño Regueiro, María Deza Martínez, Patricia García González, María Dolores Hermelo Piñeiro, María Martínez Allegue, Roberto Rodríguez Martínez, Raúl Santamaría González e Gonzalo Trenor López, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª Pesca e Marisqueo.

O Consello da Xunta do día 7 de decembro de 2023 analizou o informe sobre a resolución das axudas de carácter compensatorio aos acuicultores polos custos adicionais en que incorreran a consecuencia da guerra de Ucraína.

Esta convocatoria extraordinaria do Executivo galego convocada no Diario Oficial de Galicia (DOG) no 8 de agosto permitiu que as empresas beneficiarias contaran cun apoio económico ante a suba de custos tanto nos carburantes que utilizan as embarcacións auxiliares do sector, como nos envases ou embalaxes e o consumo eléctrico dos establecementos do sector.

Estas axudas, cofinanciadas ao 75% polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), forma parte dos apoios que a Xunta de Galicia mobilizou no ano 2023 para contribuír a paliar o impacto que a suba de prezos provocada pola invasión rusa de Ucraína tivo no sector marítimo pesqueiro galego.

Estas axudas extraordinarias para a acuicultura súmanse á convocatoria que cada ano se mobiliza para favorecer os investimentos produtivos no sector co fin de mellorar a súa producción, eficiencia enerxética e competitividade.

Os potenciais beneficiarios destas achegas son principalmente os bateeiros -o sector miticulor copa o 90% destes apoios-, confrarías de pescadores e acuicultores que promovan unha actividade sustentable e que sexan titulares de establecementos de acuicultura situados nas zonas terrestre, marítimo-terrestre ou marítima e que teñan as súas instalacións na comunidade.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en comisión.

1. Canto foi o importe desta orde de axudas de carácter compensatorio aos acuicultores polos custos adicionais en que incorreran a consecuencia da guerra de Ucraína. e as empresas beneficiarias?





PARLAMENTO DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/04/2024 13:36:26
Nº Rexistro: 902
Data envío: 04/04/2024 13:36:26,492

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2024.

Asinado dixitalmente por:

Raúl Santamaría González na data 04/04/2024 12:19:17

José Manuel Balseiro Orol na data 04/04/2024 12:19:29

Marta Mariño Regueiro na data 04/04/2024 12:19:52

María Deza Martínez na data 04/04/2024 12:20:07

Patricia García González na data 04/04/2024 12:20:21

Dolores Hermelo Piñeiro na data 04/04/2024 12:20:38

María Martínez Allegue na data 04/04/2024 12:20:54

Roberto Rodríguez Martínez na data 04/04/2024 12:21:14

Gonzalo Trenor López na data 04/04/2024 12:21:44



Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Marta Mariño Regueiro, María Deza Martínez, Patricia García González, María Dolores Hermelo Piñeiro, María Martínez Allegue, Roberto Rodríguez Martínez, Raúl Santamaría González e Gonzalo Trenor López, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**

O incremento dos custos de producción, tales como a enerxía, os embalaxes ou o aceite, o encarecimiento dos custos de persoal, e a forte caída do consumo, maior para peixe, conservas e produtos transformados do mar, provocaron que empresas do sector transformador amosen serios problemas de liquidez nos últimos tempos.

Esas circunstancias provocan altos volumes de existencias nas empresas, que unido á falta de ventas, e ás importacións libres de aranceis de terceiros países como Vietnam, China, Rusia, Tailandia ou Indonesia, impide recuperar o gasto na producción.

Para impulsar a demanda de produtos do mar, e polo tanto mellorar os ingresos e a liquidez nas empresas do sector, o Goberno de España debería tomar exemplo da Xunta de Galicia e poñer en marcha medidas e accións tales como as campañas para promover o consumo de peixe e conservas (como Galicia sabe a Mar) ou habilitar axudas á cadea mar-industria.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Que valoración fai a Xunta de Galicia da situación na que se atopan as empresas de transformación de produtos do mar?
- 2.- Que medidas cre que debería tomar o Goberno de España para que melloren a súa liquidez e poidan manter á actividade e os postos de traballo?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 04/04/2024 13:34:21

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia

@GrupoPopularGal



Marta Mariño Regueiro na data 04/04/2024 13:35:00

María Deza Martínez na data 04/04/2024 13:35:17

Patricia García González na data 04/04/2024 13:35:27

Dolores Hermelo Piñeiro na data 04/04/2024 13:35:44

María Martínez Allegue na data 04/04/2024 13:35:58

Roberto Rodríguez Martínez na data 04/04/2024 13:36:11

Raúl Santamaría González na data 04/04/2024 13:36:35

Gonzalo Trenor López na data 04/04/2024 13:36:47





Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Marta Mariño Regueiro, María Deza Martínez, Patricia García González, María Dolores Hermelo Piñeiro, María Martínez Allegue, Roberto Rodríguez Martínez, Raúl Santamaría González e Gonzalo Trenor López, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª Pesca e Marisqueo.

O Consello da Xunta de Galicia abordou na súa reunión do 29 de febreiro de 2024 un informe relativo ao inicio de consulta pública previa para á tramitación dunha orde coa que se pretende cumplir cunha vella demanda do sector pesqueiro galego: a regulación da actividade de traslado de determinadas especies de crustáceos na comarca autónoma, que se coñece popularmente co nome de aviveiramento.

Esta práctica, que se estende polo conxunto do litoral galego, pasa por manter almacenadas no mar e con vida as capturas deste tipo de mariscos, en concreto o camarón, a nécora, a centola, o boi, o lumbrigante e o santiaguiño. Pode ir desde so unhas horas a varios días en función da previsión dos prezos ou de xuntar unha cantidade suficiente de crustáceos que compense ao produtor o seu traslado á lonxa, co fin de que cheguen ao punto da primeira venda nas mellores condicións.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en comisión:

1. Cal é o obxectivo do procedemento popularmente coñecido como aviveiramento?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2024.

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 04/04/2024 12:03:29

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreos, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia

@GrupoPopularGal



Marta Mariño Regueiro na data 04/04/2024 12:09:55

María Deza Martínez na data 04/04/2024 12:10:07

Patricia García González na data 04/04/2024 12:10:25

Dolores Hermelo Piñeiro na data 04/04/2024 12:10:41

María Martínez Allegue na data 04/04/2024 12:11:44

Roberto Rodríguez Martínez na data 04/04/2024 12:12:18

Raúl Santamaría González na data 04/04/2024 12:12:59

Gonzalo Trenor López na data 04/04/2024 12:13:43



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2^a**, sobre a urgencia de impulsar un Plan de vivenda accesible de Galiza que aborde a actual crise de acceso á vivenda.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante os últimos anos, logo da explosión da burbulla inmobiliaria de 2008, vense producendo un reaxuste do sector inmobiliario e financeiro que configura un novo ciclo organizado para aumentar a extracción de plusvalías nos inmobles en réxime de aluguer. Esta mudança está supondo un notable incremento dos prezos da vivenda, especialmente naquelas en réxime de aluguer.

As causas desta reordenación teñen que ver, en parte, cun aumento da incapacidade de endebedamento en sectores que anteriormente accedían á vivenda en réxime de compra que condicionou que unha parte do sector inmobiliario baseado na compra se redirixise cara ao mercado de aluguer, tanto residencial como vacacional. A esta situación hai que sumarlle a falta de políticas públicas de vivenda durante estes 15 anos nos que, por exemplo, a vivenda protexida caeu a mínimos históricos. Estes factores configuraron o entorno propicio para a actual burbulla de prezos na vivenda en aluguer.

Entre os anos 2014 e 2024 o incremento do prezo do aluguer, segundo datos do propio Observatorio da vivenda de Galiza, foi dun 44%. Isto supón, de media, que as familias galegas pagan case 2.000€ máis ao ano por unha renda de aluguer do que hai





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

unha década. Pero estas cifras resultan áinda máis avultadas no caso das cidades: na Coruña houbo un incremento do 62,8%, do 53% en Pontevedra, 49,6% en Vigo, 47,4% en Santiago, 52,3% en Lugo e do 55% en Ferrol.

Tamén o incremento nalgúns concellos de menor poboación resultan alarmantes, especialmente naqueles que están sufrindo un incremento exponencial da vivenda de uso turístico ante a súa falla de regulación. O cal é tamén un indicativo de que este é outro factor que está afectando na alza de prezos. A alta rendibilidade que permiten acadar este modelo de aluguer turístico en relación coa que ofrecen arrendamentos de vivenda habitual está condicionando o desprazamento de parte da oferta de uso residencial cara a súa explotación turística, sen que se albiske no futuro próximo que esta tendencia vaia a frearse.

A pesar de que o mercado do aluguer está cada vez más tensionado e a pesar de que empeora a accesibilidade da vivenda, en paralelo estamos asistindo a un incremento do número de vivendas baleiras, que se sitúa xa no entorno das 500.000 no noso país. É dicir, case un 30% do parque construído galego está baleiro. Un fenómeno que non é exclusivo de ámbitos en declive demográfico, senón que tamén se dá en contornas con maior dinamismo urbano. De feito, as sete grandes cidades suman 90.000 vivendas baleiras. Estas cifras revelan a falla de políticas públicas por parte da Xunta de Galiza para actuar na ordenación do parque construído e a súa conservación e mobilización para a colocación no mercado. Ademais son tamén un indicativo de que a idea dunha autorregulación dos mercados mediante a oferta e a demanda é unha visión reducionista e simplista do actual problema.

Pola contra, cabe concluír que neste momento estamos asistindo a unha convención de factores que condicionan o actual incremento de prezos: un novo ciclo organizado para aumentar a extracción de plusvalías nos inmobles en réxime de aluguer, a falla de políticas públicas de vivenda -especialmente en materia de vivenda protexida





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

e de vivenda baleira- e a aparición do fenómeno da vivenda turística, son algúns dos aspectos máis relevantes.

As consecuencias sociais deste incremento de prezos están a ser dramáticas, xa que o actual ciclo afecta especialmente a sectores en situación de pobreza, que son os que viñan recorrendo ao réxime de alugueiro nunha maior porcentaxe ao non poderen acceder ao réxime de tenencia en propiedade. Segundo o informe FOESSA 2019, o 38% dos fogares en exclusión social acceden á vivenda en réxime de aluguer, fronte ao 17% da poboación restante. Ese mesmo informe tamén sinala que o 2,5% dos galegos e galegas víronse obrigados a retrasar con certa frecuencia os pagos da vivenda.

Segundo estudos do Observatorio da vivenda de Galiza, en 2018 máis dunha cuarta parte dos fogares galegos dedicaban máis dun 30% de ingresos ao aluguer, e o 56,7% das persoas en situación de pobreza severa dedican máis dun 40% da súa renda para o mantemento dos gastos relacionados coa vivenda (datos do INE). Podemos concluír, por tanto, que esta burbuilla de prezos centrada no aluguer agranda a brecha da desigualdade social e deixa as persoas más empobrecidas nunha situación dramática.

Ante esta situación crítica e urxente, a Xunta de Galiza ten o reto fundamental de dar unha resposta socialmente xusta. Isto pasa por actuar de forma inmediata na procura dun descenso dos prezos da vivenda, mediante a posta en marcha dun Plan de vivenda accesible. Este debe analizar e abordar como afecta este incremento de prezos de forma concreta e territorializada na realidade e a dinámica urbana galega (a rede de cidades medias, a urbanización difusa, a turistificación litoral, etc.) e propor un conxunto de medidas complementarias entre si que permitan unha rebaixa dos prezos, mais tamén a planificación e ordenación doutros aspectos como os usos ou o estado do parque inmobiliario.

Para alén dunha perspectiva territorializada do problema compre unha visión poliédrica para resolvelo que debe incluír cando menos unha abordaxe dende a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Administración Pública dos seguintes vectores: medidas urxentes que garantan o dereito á vivenda digna, a actuación sobre a vivenda baleira, a planificación e regulación dos usos do parque construído, o impulso da vivenda pública e a iniciativa da propia Xunta para a declaración de mercados tensionados.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- Considera a Xunta de Galiza que o incremento de prezos actuais é axeitado?
- Considera a Xunta de Galiza como unha das súas prioridades a baixada dos prezos da vivenda, especialmente en aluguer?
- Considera que os actuais prezos afectan ao acceso á vivenda?
- Ten a Xunta de Galiza realizado algunha avaliación sobre o impacto social que están a ter os actuais prezos da vivenda?
- Que medidas contempla a Xunta de Galiza para baixar os prezos da vivenda?
- A Xunta de Galiza márcase algún obxectivo de redución dos prezos da vivenda?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2024

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**
Luis Bará Torres
Deputada e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 04/04/2024 13:38:09

Luis Bará Torres na data 04/04/2024 13:43:51





Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Marta Mariño Regueiro, María Deza Martínez, Patricia García González, María Dolores Hermelo Piñeiro, María Martínez Allegue, Roberto Rodríguez Martínez, Raúl Santamaría González e Gonzalo Trenor López, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª Pesca e Marisqueo.

En febreiro deste ano, o Goberno galego presentou ante a Secretaría Xeral de Pesca (SXP) do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación un escrito no que demanda ao Goberno central a eliminación dos totais admisibles de capturas (TAC) sobre especies accesorias dado que non existen informes científicos concluíntes sobre o estado real destes recursos pesqueiros en varios caladoiros comunitarios. Unha medida, en todo caso, que supedita á adopción de medidas técnicas de xestión sobre estas especies.

O documento menciona especificamente a situación do abadexo -en augas do Gran Sol, Cantábrico, Noroeste, e augas de Escocia-, o linguado e o merlán -nas augas do Cantábrico, Noroeste e Francia-, a maruca – en augas internacionais-, e a solla -en augas do Cantábrico, Noroeste e Portugal.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en comisión:

1. Cales son os datos nos que basa o escrito do Goberno galego ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2024.

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 04/04/2024 12:59:17

Marta Mariño Regueiro na data 04/04/2024 12:59:51





María Deza Martínez na data 04/04/2024 13:00:05

Patricia García González na data 04/04/2024 13:00:20

Dolores Hermelo Piñeiro na data 04/04/2024 13:00:39

María Martínez Allegue na data 04/04/2024 13:00:54

Roberto Rodríguez Martínez na data 04/04/2024 13:01:15

Raúl Santamaría González na data 04/04/2024 13:01:39

Gonzalo Trenor López na data 04/04/2024 13:02:27





Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Marta Mariño Regueiro, María Deza Martínez, Patricia García González, María Dolores Hermelo Piñeiro, María Martínez Allegue, Roberto Rodríguez Martínez, Raúl Santamaría González e Gonzalo Trenor López, deputadas e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo**

O 3 xaneiro do ano 2023 a Xunta de Galicia publicou, no Diario Oficial de Galicia, a orde reguladora das axudas para investimentos en pequenas e medianas empresas do sector da transformación dos produtos pesqueiros e de acuicultura.

Esta subvención está cofinanciada co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) e contou cun orzamento que supera os 9,7 millóns de euros.

Entre as actuacións obxecto de apoio atopamos aquelas que:

- Contribúan a aforrar enerxía ou reducir o impacto no medio ambiente, incluíndo tratamento de residuos.
- Melloren a seguridade, hixiene, saúde e as condicións de traballo.
- Axuden á transformación de capturas de pescado comercial que non se poidan destinar ao consumo humano.
- Se refiran á transformación de subprodutos obtidos das actividades principais de transformación.
- Se refiran á transformación de produtos de acuicultura ecolóxica.
- Dean lugar a novos e mellores produtos, novos ou mellores procesos, ou novos ou mellores sistemas de xestión e organización.
- A través destas achegas subvenciónase ata o 50% dos investimentos que fagan as PEMES que fomenten a sustentabilidade ambiental.

Que obxecto de avaliar esta convocatoria, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

1. En que situación se atopa esta orde de axudas para investimentos en PEMES do sector da transformación dos produtos pesqueiros e da acuicultura?
2. Cal foi o número de beneficiarios destas axudas e o orzamento mobilizado?





PARLAMENTO DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/04/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 916
Data envío: 04/04/2024 14:07:53.607

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 04/04/2024 13:47:12

Marta Mariño Regueiro na data 04/04/2024 14:03:20

María Deza Martínez na data 04/04/2024 14:04:19

Patricia García González na data 04/04/2024 14:04:24

Dolores Hermelo Piñeiro na data 04/04/2024 14:05:13

María Martínez Allegue na data 04/04/2024 14:05:54

Roberto Rodríguez Martínez na data 04/04/2024 14:05:58

Raúl Santamaría González na data 04/04/2024 14:06:45

Gonzalo Trenor López na data 04/04/2024 14:06:49



Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Marta Mariño Regueiro, María Deza Martínez, Patricia García González, María Dolores Hermelo Piñeiro, María Martínez Allegue, Roberto Rodríguez Martínez, Raúl Santamaría González e Gonzalo Trenor López, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª Pesca e Marisqueo.

O Consello da Xunta do día 7 de decembro de 2023 analizou o informe sobre a resolución das axudas convocadas en 2023 destinadas á preparación e aplicación dos plans de producción e comercialización das organizacións de produtores pesqueiros, e a creación de organizacións de produtores pesqueiros (OPP) e de asociacións de organizacións de produtores pesqueiros (AOP), cofinanciadas co FEMP.

O conxunto das organizacións de produtores pesqueiros (OPP) do sector dos produtos da pesca e da acuicultura que operan en Galicia están a desenvolver plans de producción e comercialización cos que están a impulsar a tanto a sostibilidade da pesca e a acuicultura como a produtividade destas actividades.

Son importantes axentes económicos nas zonas nas que desenvolven a súa actividade e contribúen así ao impulso da economía de toda Galicia.

Estes plans inclúen, entre outros aspectos, o programa de producción para as especies capturadas, a estratexia para adaptar a cantidade, calidade e presentación da oferta ás exixencias do mercado e medidas preventivas especiais de adaptación da oferta para as especies que presenten dificultades de comercialización.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en comisión:

1. A canto ascende a achega destas axudas convocadas en 2023 destinadas á preparación e aplicación dos plans de producción e comercialización das organizacións de produtores pesqueiros, e a creación de organizacións de produtores pesqueiros (OPP) e de asociacións de organizacións de produtores pesqueiros (AOP), cofinanciadas co FEMP?.

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2024.





Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Trenor López na data 04/04/2024 12:22:43

José Manuel Balseiro Orol na data 04/04/2024 12:23:02

Marta Mariño Regueiro na data 04/04/2024 12:23:21

María Deza Martínez na data 04/04/2024 12:23:42

Patricia García González na data 04/04/2024 12:24:06

Dolores Hermelo Piñeiro na data 04/04/2024 12:24:23

María Martínez Allegue na data 04/04/2024 12:24:40

Roberto Rodríguez Martínez na data 04/04/2024 12:25:08

Raúl Santamaría González na data 04/04/2024 12:25:32





Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Marta Mariño Regueiro, María Deza Martínez, Patricia García González, María Dolores Hermelo Piñeiro, María Martínez Allegue, Roberto Rodríguez Martínez, Raúl Santamaría González e Gonzalo Trenor López, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**

O pasado 20 de decembro a Xunta de Galicia formalizou a solicitude ao Goberno de España para que se declaren como “zona catastrófica” os bancos marisqueiros das rías galegas afectados polo alto índice de mortaldade de bivalvos.

O baixo nivel de salinidade das augas causado polas fortes precipitacións do pasado outono provocou severas perdas nas poboacións de bivalvos de interese comercial das rias galegas

A declaración destes espazos costeiros como zonas afectadas gravemente por unha situación de emerxencia -que é a denominación actual equivalente á de “zona catastrófica”- permitiría habilitar axudas extraordinarias para compensar de forma completa e áxil ao sector afectado polas perdas ocasionadas

A pasividade do Executivo estatal contrasta co traballo realizado desde a Xunta da man do sector habilitando axudas directas para os profesionais e un conxunto de actuacións vinculadas ao Plan de Competitividade e Sostibilidade do Marisqueo en Galicia 2024-2025

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

1. Que medidas está a tomar a Xunta de Galicia diante da situación que está a acontecer nas rías galegas como consecuencia da alta mortalidade de marisco?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2024





PARLAMENTO DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/04/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 920
Data envío: 04/04/2024 14:13:43,891

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 04/04/2024 14:09:37

Marta Mariño Regueiro na data 04/04/2024 14:09:43

María Deza Martínez na data 04/04/2024 14:10:25

Patricia García González na data 04/04/2024 14:10:47

Dolores Hermelo Piñeiro na data 04/04/2024 14:11:08

María Martínez Allegue na data 04/04/2024 14:11:25

Roberto Rodríguez Martínez na data 04/04/2024 14:12:08

Raúl Santamaría González na data 04/04/2024 14:12:13

Gonzalo Trenor López na data 04/04/2024 14:13:01



Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Marta Mariño Regueiro, María Deza Martínez, Patricia García González, María Dolores Hermelo Piñeiro, María Martínez Allegue, Roberto Rodríguez Martínez, Raúl Santamaría González e Gonzalo Trenor López, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo**

O pasado mes de setembro celebrouse en Vigo a 45º Reunión Anual da Organización de Pesquerías do Atlántico Noroeste (NAFO). A Organización de Pesqueiras do Atlántico Noroeste eco (NAFO), como Organización Rexional de Ordenación Pesqueira (OROP), está dedicada á xestión sustentable dos recursos pesqueiros nunha área específica das augas internacionais, na área regulada pola NAFO.

A Organización das Nacións Unidas para a Alimentación (FAO) considera que as OROP desempeñan un papel importante tanto ao fomentar a concienciación dos instrumentos internacionais entre as súas partes contratantes, como tamén ao asegurar que as súas medidas de conservación e ordenación apoian e complementan as medidas de conservación e ordenación internacionais.

Dentro da área regulada pola NAFO, a frota galega faena fundamentalmente na parte exterior dos Grandes Bancos de Terranova que queda fora da ZEE de Canadá (divisións 3L e 3NO) e nunha meseta próxima coñecida como Flemish Cap (división3M).

As pesqueiras do Atlántico Noroeste son moi importantes para a frota formada polos buques de pesca de arrastre que operan dentro da área regulada por esta organización rexional de ordenación pesqueira.

No seo da reunión da NAFO, constatáronse os bos resultados da aplicación do enfoque ecosistémico na xestión do caladoiro, e abordáronse, entre outros, a fixación de cotas de captura na área para o ano 2024, e a revisión do programa de observadores pesqueiros da organización.





Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta

- Cales son os principais resultados da 45º Reunión Anual da Organización de Pesquerías do Atlántico Noroeste (NAFO), no que respecta de interese para a Comunidade Autónoma de Galicia, e como valora o Goberno galego os acordos alcanzados?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 04/04/2024 14:17:42

Marta Mariño Regueiro na data 04/04/2024 14:18:01

María Deza Martínez na data 04/04/2024 14:18:14

Patricia García González na data 04/04/2024 14:18:17

Dolores Hermelo Piñeiro na data 04/04/2024 14:18:41

María Martínez Allegue na data 04/04/2024 14:18:48

Roberto Rodríguez Martínez na data 04/04/2024 14:19:19

Raúl Santamaría González na data 04/04/2024 14:19:23

Gonzalo Trenor López na data 04/04/2024 14:19:49



Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Marta Mariño Regueiro, María Deza Martínez, Patricia García González, María Dolores Hermelo Piñeiro, María Martínez Allegue, Roberto Rodríguez Martínez, Raúl Santamaría González e Gonzalo Trenor López, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª Pesca e Marisqueo**

O Consello da Xunta do día 7 de decembro de 2023 analizou o informe sobre a resolución das axudas de carácter compensatorio aos acuicultores polos custos adicionais en que incorreran a consecuencia da guerra de Ucraína.

Esta convocatoria extraordinaria do Executivo galego convocada no Diario Oficial de Galicia (DOG) no 8 de agosto permitiu que as empresas beneficiarias contaran cun apoio económico ante a suba de custos tanto nos carburantes que utilizan as embarcacións auxiliares do sector, como nos envases ou embalaxes e o consumo eléctrico dos establecementos do sector.

Estas axudas, cofinanciadas ao 75% polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), forma parte dos apoios que a Xunta de Galicia mobilizou no ano 2023 para contribuír a paliar o impacto que a suba de prezos provocada pola invasión rusa de Ucraína tivo no sector marítimo pesqueiro galego.

Estas axudas extraordinarias para a acuicultura súmanse á convocatoria que cada ano se mobiliza para favorecer os investimentos produtivos no sector co fin de mellorar a súa producción, eficiencia enerxética e competitividade.

Os potenciais beneficiarios destas achegas son principalmente os bateeiros -o sector miticulor copa o 90% destes apoios-, confrarías de pescadores e acuicultores que promovan unha actividade sustentable e que sexan titulares de establecementos de acuicultura situados nas zonas terrestre, marítimo-terrestre ou marítima e que teñan as súas instalacións na comunidade.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en comisión:

1. Canto foi o importe desta orde de axudas de carácter compensatorio ao acuicultores polos custos adicionais a consecuencia da guerra de Ucraína e as empresas beneficiarias?





PARLAMENTO DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/04/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 924
Data envío: 04/04/2024 14:24:23.132

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2024.

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 04/04/2024 14:03:08

Marta Mariño Regueiro na data 04/04/2024 14:03:36

María Deza Martínez na data 04/04/2024 14:03:50

Patricia García González na data 04/04/2024 14:04:07

Dolores Hermelo Piñeiro na data 04/04/2024 14:04:27

María Martínez Allegue na data 04/04/2024 14:04:56

Roberto Rodríguez Martínez na data 04/04/2024 14:05:16

Raúl Santamaría González na data 04/04/2024 14:05:38

Gonzalo Trenor López na data 04/04/2024 14:06:13



Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Marta Mariño Regueiro, María Deza Martínez, Patricia García González, María Dolores Hermelo Piñeiro, María Martínez Allegue, Roberto Rodríguez Martínez, Raúl Santamaría González e Gonzalo Trenor López, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**

O Regulamento do Fondo Europeo Marítimo da Pesca (FEMP) establece as medidas financeiras da Unión Europea para a aplicación da Política Pesqueira Común (PPC) que teñen por obxecto a conservación dos recursos biolóxicos mariños, a xestión da pesca e das frotas e a transformación e comercialización dos produtos da pesca e da acuicultura.

Este regulamento establece que o FEMP, contribuirá a:

- Fomentar unha pesca e unha acuicultura competitivas, medioambiental e economicamente viables, sustentables e socialmente responsables.
- Impulsar a aplicación da PPC.
- Fomentar un desenvolvemento territorial equilibrado e integrador das zonas pesqueiras e acuícolas.
- Impulsar o desenvolvemento e a aplicación da Política Marítima Integrada da UE de forma complementaria á política de cohesión e á PPC.

Por outra banda, a Estratexia galega da acuicultura (Esga) é o documento de articulación que rexerá a planificación e a xestión da actividade acuícola cun horizonte situado no ano 2030.

A Esga establece as liñas de acción no territorio galego que se pretenden desenvolver na acuicultura, en consonancia coas disposicións do Plan estratéxico plurianual da acuicultura española.

Ante este novo marco comunitario, a Xunta de Galicia adquiriu o compromiso de publicar bases reguladoras que establezan o procedemento para a concesión de determinadas axudas ao abeiro da normativa antes citada e, ao mesmo tempo, realizar a convocatoria destas. Son axudas coa finalidade de apoiar o sector pesqueiro, no seu sentido máis amplio, en medidas que contribuirán a facelo máis competitivo e respectuoso co seu contorno.





No cumprimento destes compromisos comunitarios a Xunta de Galicia, publicou a Orde do 27 de decembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións para investimentos produtivos, incremento da eficiencia enerxética e fomento da reconversión das empresas acuícolas, a fontes de enerxía renovables, e para a obtención de servizos de asesoramento de carácter técnico, científico, xurídico, ambiental ou económico no ámbito da acuicultura, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), e se procede a súa convocatoria para o ano 2023

As axudas convocadas ao abeiro desta orde tiñan como fins específicos:

- A protección e a recuperación da biodiversidade acuática.
- A potenciación dos ecosistemas relacionados coa acuicultura.
- O fomento dunha acuicultura eficiente no uso dos recursos.

Polo exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Que balance fai a Xunta de Galicia das axudas convocadas en 2023 para apoio á acuicultura e cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP)?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 04/04/2024 14:21:49

Marta Mariño Regueiro na data 04/04/2024 14:22:13

María Deza Martínez na data 04/04/2024 14:23:57

Patricia García González na data 04/04/2024 14:24:10

Dolores Hermelo Piñeiro na data 04/04/2024 14:24:28

María Martínez Allegue na data 04/04/2024 14:24:41





PARLAMENTO DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/04/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 926
Data envío: 04/04/2024 14:30:33.040

Roberto Rodríguez Martínez na data 04/04/2024 14:24:58

Raúl Santamaría González na data 04/04/2024 14:25:21

Gonzalo Trenor López na data 04/04/2024 14:25:35

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Secundino Fernández Fernández, Ariadna Fernández González, Montserrat Valcárcel Armesto e Sonia Vidal Lamas, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª**, sobre a situación dos expedientes de solicitude de axuda dos ecorréximes na PAC 2023.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2023 entrou en funcionamento a PAC para o novo período coñecida como PEPAC 23-27. Neste novo período houbo cambios que afectan dunha forma moi importante ao sector agrario galego; estes cambios inflúen dunha maneira determinante nas axudas que reciben as explotacións agrícolas e gandeiras afectadas pola PAC. Así as nosas explotación para minimizar as perdas de axudas da PAC neste novo período debían acollerse a novas modalidades de axudas. Estas novedades das axudas tramitadas na solicitude única da PAC 2023 da consellería do medio rural trouxo consigo nova burocracia e unha grande incerteza entre os titulares das explotacións agrarias de Galiza.

Entre estes cambios están a aparición dos chamados ecorréximes. Concretamente:

Réximes en favor do clima, o ambiente e o benestar animal (ecorréximes) de acordo coas seguintes prácticas:

- Pastoreo extensivo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Illas de biodiversidade en superficies de pastos ou sega sustentable.
- Rotación de cultivos con especies mellorantes.
- Sementeira directa.
- Cuberta vexetal espontánea ou sementada.
- Cuberta inerte.
- Establecemento de illas de biodiversidade

As explotacións galegas que se acolleron a estas axudas tiveron que facer un grande esforzo burocrático para escoller unha ou varias destas prácticas para poder solicitar axudas e así non perder, ou perder o mínimo posible a nivel económico con respecto ao período anterior da PAC.

Este esforzo burocrático e a incerteza que trouxo consigo non tivo resposta pola Xunta de Galiza, nin polo FOGGA organismo que tramita. Como pode ser que no mes de abril do 2024 o sector non saiba nada da aprobación e pago destas axudas. Todo isto pode afectar á viabilidade das explotacións do noso País

Por todo o exposto anteriormente formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

- Cantos expedientes de ecorréximes hai en Galiza?
- Cantos expedientes hai para cada unha das practicas destes ecorréximes?
- Cal é a situación dos expedientes de solicitude?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Canto vai supor a axuda por ha en cada práctica?
- Vai facer algo a Xunta para que na reforma da PEPAC non se rebaixe a axuda por ha nos ecorréximes?
- Vai compensar a Xunta de Galiza a baixada que pretende o ministerio con respecto ao pago inicial?
- Por que non se pagaron estes expedientes?
- Vai a Xunta de Galiza a través do FOGGA aprobar e pagar estes expedientes antes de que se acabe o período de solicitude da PAC do ano 2024?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2024

Asdo.: **Secundino Fernández Fernández**

Sonia Vidal Lamas

Montserrat Valcárcel Armesto

Ariadna Fernández González

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Montserrat Valcárcel Armesto na data 04/04/2024 17:40:04





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Ariadna Fernández González na data 04/04/2024 17:40:24

Sonia Vidal Lamas na data 04/04/2024 17:40:33

Secundino Fernández Fernández na data 04/04/2024 17:40:47



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego, Luis Bará Torres e Mercedes Queixas Zas, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2^a**, sobre a Vía Ártabra.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A ligazón entre a Vía Ártabra e a N-VI sufriu un derrubamento o pasado 4 de marzo. Esta parte da obra abrira menos dun ano antes, e este defecto súmase a outros erros e problemas da súa construcción e tramitación administrativa: a anulación da conexión coa A-6, que estaba inicialmente prevista, o problema administrativo derivado dunha disputa sobre a competencia para a aprobación dun proxecto do trazado, que tamén ocasionou unha importante demora, a anulación xudicial dalgúns proxectos denunciados polo concello de Cambre ou a interrupción das obras debido a unha planificación más ca deficiente no que se refire á afección destes traballos sobre as liñas de gas e de media tensión.

Consideramos que o trazado previsto na actualidade para a Vía Ártabra non é o máis axeitado para a realidade das necesidades da comarca. Independentemente das demoras ocasionadas por todos estes defectos de tramitación, o trazado debería contemplar a ligazón da Vía Ártabra coa A-6, ademais de coa N-VI e coa AP-9, para que poida converterse nunha verdadeira circunvalación que atenda as necesidades de toda a comarca da Coruña, ademais de garantir a gratuidade para a cidadanía desta vía.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto anteriormente formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- As empresas responsábeis das obras vanse fazer cargo da reparación do derrubamento que se produciu o pasado 4 de marzo na zona próxima ao almacén da empresa Jardiland, en Oleiros?
- Este defecto da obra vai supor algunha penalización para as empresas concesionarias, tanto polas molestias ocasionadas á ciudadanía como pola proximidade da data da entrega desta fase da obra?
- A demora da obra (tanto a actual como as anteriores) vai supor algúun custe adicional a respecto do orzamento inicial?
- Estará esta vía libre de peaxes para a ciudadanía?
- Vanse depurar responsabilidades no ámbito da administración galega en relación cos numerosos problemas que acumula a tramitación e a construcción da Vía Ártabro?
- Vaise retomar o trazado previsto inicialmente, enlazando coa A-6, ademais da N-VI e a AP-9?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2024

Asdo.: **Iria Taibo Corsanego**

Mercedes Queixas Zas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 04/04/2024 18:13:14

Luis Bará Torres na data 04/04/2024 18:13:17

Mercedes Queixas Zas na data 04/04/2024 18:13:25





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Ariadna Fernández González, Montserrat Prado Cores, Montserrat Valcárcel Armesto e Iago Suárez Fernández, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a elaboración do Plan estratéxico de servizos sociais de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galiza obriga a Xunta a través da consellaría competente en materia de servizos sociais a elaborar cada seis anos un Plan estratéxico de servizos sociais (artigo 45) que se formulará en función das necesidades sociais presentes e emerxentes da cidadanía galega, garantindo, en todo caso, a participación das entidades locais.

O articulado da lei sinala que, “o Plan estratéxico de servizos sociais deberá ser aprobado polo Consello da Xunta de Galiza” coa finalidade de “desenvolver e concretar os obxectivos do sistema galego de servizos sociais definidos nesta lei, así como a de priorizar o establecemento de medidas, servizos e recursos que permitan acadalos””

Así mesmo, “identificará o tipo de centros e servizos en relación coa estrutura do sistema e distribución competencial”, “conterá criterios de calidade e os mecanismos de seguimento e control e irá acompañado dunha memoria económica”.

Porén, o Goberno galego non dispón desta ferramenta de planificación que é, ademais dunha esixencia legal, un necesario instrumento para enfrentar importantes retos presentes e futuros da sociedade galega en materia de política social quer na





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

prevención da dependencia e promoción da autonomía persoal; quer na conciliación ou na promoción da corresponsabilidade social.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Por que non elaborou a Xunta de Galiza o Plan estratéxico de servizos sociais previsto na Lei 13/2008?
- Cando vai elaborar esta necesaria ferramenta de planificación o Goberno galego?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2024

**Asdo.: Olalla Rodil Fernández
Ariadna Fernández González
Montserrat Valcárcel Armesto
Montserrat Prado Cores
Iago Suárez Fernández**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 04/04/2024 13:21:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ariadna Fernández González na data 04/04/2024 13:23:33

Montserrat Valcárcel Armesto na data 04/04/2024 13:24:18

María Montserrat Prado Cores na data 04/04/2024 13:24:59

Iago Suárez Fernández na data 04/04/2024 13:25:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Iago Suárez Fernández, Daniel Castro García, Mercedes Queixas Zas e Alexandra Fernández Gómez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión de control da CRTVG**, sobre a garantía do pluralismo político e social na cobertura da CRTVG.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En numerosas ocasións desde o G.P. do Bloque Nacionalista Galego mais tamén desde diversas organizacións e entidades sociais, vimos denunciando a falta de pluralismo político na CRTVG.

Alén da obriga que calquera medio de comunicación ten á hora de informar con rigor, cando falamos dos medios de comunicación públicos a responsabilidade é aínda maior. E é que, entre os principios retores (artigo 14) da CRTVG atópanse:

O reflexo do pluralismo ideolóxico, político, cultural e social de Galiza.

A obxectividade, imparcialidade, veracidade e neutralidade informativa, así como o respecto á liberdade de expresión e á formación dunha opinión pública plural.

É máis, a Lei 9/2011 de medios de comunicación públicos de Galiza contén un capítulo específico centrado no pluralismo democrático e un artigo no que sinala:

Artigo 38. Pluralismo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Corporación RTVG asegurará o dereito que todas as persoas teñen a que a comunicación audiovisual inclúa unha programación en aberto que reflecta e respecte a diversidade cultural, ideolóxica e política da sociedade galega.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na comisión de control da CRTVG:

- Cre a CRTVG que está cumprindo co reflexo da diversidade e pluralidade ideolóxica, política e social?
- Que medidas vai adoptar a CRTVG para garantir o pluralismo político e social na cobertura da CRTVG?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2024

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Iago Suárez Fernández

Daniel Castro García

Mercedes Queixas Zas

Alexandra Fernández Gómez

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 04/04/2024 12:21:10

Iago Suárez Fernández na data 04/04/2024 12:21:18

Daniel Castro García na data 04/04/2024 12:21:28

Mercedes Queixas Zas na data 04/04/2024 12:21:38

Alexandra Fernández Gómez na data 04/04/2024 12:21:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Iago Suárez Fernández, Daniel Castro García, Mercedes Queixas Zas e Alexandra Fernández Gómez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión de control da CRTVG**, sobre os plans da CRTVG para este inicio de lexislatura.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Comeza un novo curso político e ábrense importantes interrogantes sobre o futuro dos medios públicos de Galiza a respecto do cumprimento da lexislación vixente en diversas materias que foron incumpridas de maneira reiterada ao longo dos últimos 13 anos.

Por exemplo:

- A aprobación do Estatuto Profesional e a creación do Consello de Informativos (artigo 36).
- A aprobación e sinatura do primeiro Contrato Programa (artigo 33).
- A elección da Dirección Xeral por dous terzos do Parlamento de Galiza (artigo 23).

Hai anos que desde o G.P. do Bloque Nacionalita Galego vimos preguntando por estas cuestións e esixindo, especialmente, a garantía e respecto escrupuloso dos dereitos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

do persoal da CRTVG mais sobre todo do conxunto da cidadanía galega que é, en primeira e última instancia, a propietaria dos medios públicos do noso País.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na comisión de control da CRTVG:

Cando vai cumplir a CRTVG coas súas obrigas?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2024

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Iago Suárez Fernández

Daniel Castro García

Mercedes Queixas Zas

Alexandra Fernández Gómez

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 04/04/2024 12:27:43

Iago Suárez Fernández na data 04/04/2024 12:27:55





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García na data 04/04/2024 12:28:06

Mercedes Queixas Zas na data 04/04/2024 12:28:16

Alexandra Fernández Gómez na data 04/04/2024 12:28:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Iago Suárez Fernández, Daniel Castro García, Mercedes Queixas Zas e Alexandra Fernández Gómez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión de control da CRTVG**, sobre o proceso de renovación da Dirección Xeral da CRTVG.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A actual Dirección Xeral da CRTVG está á marxe da lei que regula os medios de comunicación públicos de Galiza nunha secuencia de decisións políticas que alteran o correcto funcionamento da Corporación pública:

1. Alfonso Sánchez Izquierdo foi nomeado a dedo polo presidente da Xunta en 2009, con arranxo ao que daquela determinaba a Lei de creación da CRTVG aprobada en 1984.
2. En 2011 apróbase a Lei 9/2011 de medios públicos de comunicación audiovisual de Galiza que no seu artigo 23.2 determina que, a directora ou o director xeral é elixido polo Parlamento de Galicia por maioria de dous terzos. No caso de non acadarse a maioria de dous terzos nunha primeira votación, o Parlamento de Galicia poderá volver someter a votación o mesmo candidato transcurrido un mes desde a primeira votación, e neste caso abondará para a súa elección a maioria dos tres quintos do Pleno da Cámara.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. En 2015 e diante do flagrante e manifesto incumprimento da lexislación en vigor en 2015 o Goberno do Partido Popular na Xunta de Galiza procede a modificar a lei a través da Lei de acompañamento aos orzamentos de 2015 para garantir a permanencia do actual director sen data límite.

Ao longo dos últimos anos a situación dos medios públicos de Galiza veu empeorando, degradada até o infinito polo uso partidista que o PP desde a Xunta de Galiza fixo e fai dos mesmos. De feito, as traballadoras e traballadores da CRTVG levan máis de cinco anos mobilizados reclamando a garantía, o respecto e o cumprimento dos seus dereitos (Estatuto Profesional e Consello de Informativos) así como o fin da manipulación informativa.

E é que a actual Dirección Xeral non é o único incumprimento da lexislación vixente en materia de medios públicos en Galiza.

Por estes motivos, desde o compromiso más absoluto co derecho á información así como aos principios de pluralidade, neutralidade e veracidade que deben presidir calquera medio público, formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na comisión de control da CRTVG:

Cando vai cumplir o Goberno do Partido Popular a lei de medios públicos de Galiza??

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Iago Suárez Fernández

Daniel Castro García

Mercedes Queixas Zas

Alexandra Fernández Gómez

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 04/04/2024 12:51:08

Iago Suárez Fernández na data 04/04/2024 12:53:28

Daniel Castro García na data 04/04/2024 12:53:31

Mercedes Queixas Zas na data 04/04/2024 12:54:11

Alexandra Fernández Gómez na data 04/04/2024 12:54:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé, Alexandra Fernández Gómez, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Valcárcel Armesto, Sonia Vidal Lamas e Iria Carreira Pazos, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o proxecto de construcción dunha megafactoría de producción de pasta de celulosa de Altri na comarca da Ulloa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1.A Xunta do PP e a empresa portuguesa Altri promoven a construcción dunha macrofactoría de producción de pasta de celulosa no concello de Palas de Rei. Este proxecto tramitouse con absoluta falta de transparencia e con enganos, xa que durante máis de dous anos publicitouse unha factoría circular de fibras téxiles e finalmente sóubose que o obxectivo principal será a producción de pasta de celulosa soluble, destinada preferentemente á exportación.

2.Estamos diante dunha actividade industrial nada sostible nin circular, que terá fortísimos impactos no territorio, no ambiente, no patrimonio cultural, nas actividades socioeconómicas, no río Ulla, na ría de Arousa e no modelo forestal.

-Terá un impacto territorial e paisaxístico enorme polas dimensións xigantescas da factoría, que ten unha poligonal de 366 hectáreas, que prevé explanar, pavimentar e ocupar case un millón e medio de metros cadrados con diversas instalacións industriais contaminantes e unha cheminea de 75 m de altura, e que afectará directa e negativamente a numerosos concellos da contorna, ademais de Palas: Agolada, Santiso, Melide... co impacto das conducións de auga, accesos e liñas eléctricas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Terá un impacto ambiental crítico no espazo natural da Rede Natura 2000 serra do careón e na zona proposta para a súa ampliación, unha área que alberga hábitats e especies de grande valor ambiental e que están clasificadas como vulnerábeis ou en risco de extinción. As emisións de gases contaminantes tamén terá unha incidencia perxudicial na saúde, no uso residencial e na calidade e aproveitamento dos solos nunha ampla zona circundante.

-Terá un impacto visual e paisaxístico fortísimo no ámbito de protección do BIC Camiño de Santiago e outros bens culturais da contorna.

-Prevé un consumo de grandes cantidades de auga procedentes do río Ulla e o vertido dun voluminoso caudal de augas sometidas a depuración industrial mais contaminantes, que incidirán negativamente na calidade das augas, na biodiversidade e na produtividade tanto do río Ulla como da ría de Arousa.

-Vai ter un impacto negativo nas actividades económicas e no emprego na contorna, o que non compensa en absoluto os supostos beneficios da nova actividade industrial. E tamén terá unha incidencia negativa na actividade produtiva e polo tanto a economía da ría de Arousa.

-Condicionará de maneira decisiva a política forestal, incrementando a eucaliptización e afectando aos equilibrios, á biodiversidade e ás cadeas de valor da industria forestal galega.

3. A afección deste proxecto vai máis alá dos concellos da contorna, do río Ulla e da ría de Arousa. É un proxecto que atenta contra os intereses xerais de Galiza. Estamos diante dun exemplo de libro de industria de enclave e de espolio colonial dos recursos naturais do noso país, na repetición do modelo de implantación da celulosa de ENCE na ría de Pontevedra: disponibilidade de solo barato, disponibilidade de eucalipto





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

a grande escala e a prezos baixos, primeira transformación con escaso valor engadido, e destino principal á exportación sen peche de ciclos.

En realidade, a orixe e implantación deste proxecto ten que ver coa moratoria ao eucalipto en Portugal e ao interese da empresa promotora por dispoñer de grandes cantidades de madeira de eucalipto e entrar no lucrativo mercado da producción e comercialización de pasta de celulosa destinada á produción de fibras téxtils. En contra do que se anunciou inicialmente, non se apreza a vinculación coa industria téxtil situada maioritariamente no Norte de Portugal, xa que a maior parte da produción está destinada á exportación e a transformación en zonas do mundo moi afastadas de Galiza.

4. O proxecto ten tamén unha vertente relacionada coa produción e venda de enerxía “renovábel” a partir de biomasa e outros refugallos, o que explica as xigantescas dimensíons do complexo industrial.

5. Tanto a Xunta como a empresa actuaron de maneira escurantista e con enganos, publicitando unha planta circular e de produción de fibras téxtils cando en realidade estamos diante dun macrocomplexo industrial equivalente a unha planta clásica de produción de celulosa.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Vai o goberno galego trasladar ao parlamento toda a documentación relativa a tramitación do proxecto desde os seus inicios en 2020 e até a declaración como Proxecto Industrial Estratéxico en decembro de 2022?

Que proxectos se presentaron en 2020 á convocatoria en “Concorrencia competitiva” do chamado proxecto tractor de “Xestión sostíbel dos bosques galegos” e cales foron os criterios para a escolla do proxecto de Altri?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que outros proxectos se presentaron e en que consistían?

Desde cando tivo coñecemento o goberno galego as intencións de Altri de construír en Galiza unha megafactoría de producción de pasta de celulosa e de producción de enerxía?

Ten coñecemento a Xunta da capacidade tecnolóxica de Altri-Greenfiber para producir lyocell?

Como valora a Xunta o impacto territorial, ambiental, socioeconómico e sobre os recursos hídricos da megafactoría de Altri na Ulloa?

Ten previsto o goberno galego avaliar favoravelmente o proxecto a pesar do seu fortísimo impacto e o rexeitamento maioritario nas comarcas afectadas?

Avaliou a Xunta o impacto económico e sobre o emprego que tería a inxección de 200 millóns de euros nas comarcas afectadas polo proxecto?

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2024

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Paulo Ríos Santomé

Alexandra Fernández Gómez

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Valcárcel Armesto

Sonia Vidal Lamas

Iria Carreira Pazo

Deputados e deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 02/04/2024 10:06:51

Paulo Ríos Santomé na data 02/04/2024 10:24:23

Alexandra Fernández Gómez na data 02/04/2024 10:25:24

Olalla Rodil Fernández na data 02/04/2024 10:25:57

Montserrat Valcárcel Armesto na data 02/04/2024 10:26:42

Sonia Vidal Lamas na data 02/04/2024 10:27:24

Iria Carreira Pazos na data 02/04/2024 10:28:09





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Rosana Pérez Fernández, Ramón Fernández Alfonzo, Oscar Insua Lema e Brais Ruanova Vilas-Boas, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ás actuacións que debe impulsar a Xunta de Galiza para posicionar o noso país no marco do Estado de cara ao debate sobre a reforma do sistema de financiamento.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sistema de financiamento e todo aquilo que ten que ver coa relación económica de Galiza co Estado é un debate fundamental para as finanzas galegas, polo seu peso orzamentario e pola importancia política que supón ter capacidade económica para exercer o noso autogoberno.

É necesario recordar que o modelo vixente, dentro do marco de réxime común, foi asinado xa no ano 2009 polo propio ex presidente da Xunta de Galiza, Núñez Feijoo. Este acordo debía revisarse xa no ano 2014 mais o debate foi recorrentemente adiado por parte dos gobernos do Estado. Primeiro, polo Partido Popular, despois polo PSOE, incapaz de concluir unha nova proposta.

Co inicio dunha nova lexislatura no Estado no segundo semestre de 2023 e coa celebración de diferentes eleccións, diferentes líderes están a poñer novamente enriba da mesa a necesidade dunha nova negociación do sistema de financiamento. Porén, unha vez máis, Galiza está ausente deste debate. Cómpre recordar que pasados 20 anos desde que no ano 2001 o Parlamento Galego puxese en marcha un instrumento institucional





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

para debater respecto do financiamento e das necesidades galegas, a instancias do BNG constituiuse na XI lexislatura unha comisión de estudio a finais de 2021 que non concluíu os seus traballos.

Ante o inicio dunha nova lexislatura do Parlamento Galego, é preciso deixar atrás a falta de perfil propio que caracterizou os gobernos da Xunta do Partido Popular, que se limitou a facer seguidismo da súa estratexia estatal. Hoxe estamos nun novo contexto político e está novamente á orde do día o debate sobre o sistema de financiamento e a reforma do réxime común.

Tres lustros foi un período máis que suficiente para comprobar a insuficiencia para Galiza do sistema, tanto durante a crise financeira, como na crise da pandemia ou na crise de prezos. Existe, ademais, un amplio consenso respecto da insuficiencia para cubrir as competencias de ámbito galego e para avanzar no autogoberno. Ademais, a recuperación do marco de estabilidade e sostibilidade por parte das institucións europeas e estatais e a súa imposición ás autonomías e concellos, institucións ás que restrinxen desigualmente a súa capacidade de gasto, é aínda máis necesario que Galiza conte cun sistema de reparto xusto.

É o momento de dar prioridade aos intereses de Galiza e apostar por unha posición de país que esixa un sistema máis racional e transparente do punto de vista económico que o actual, centralizado e controlado desde o Estado, e que permita avanzar na autorresponsabilidade e no autogoberno.

Por estes motivos, é necesario que a Xunta de Galiza saia do inmobilismo e do sectarismo dos últimos lustros e impulse unha posición forte para a negociación co Estado, defendendo os intereses do país e contando coa implicación do Parlamento Galego e coa pluralidade política que escolleran as e os galegos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Vai impulsar o goberno galego unha posición de país respecto do sistema de financiamento para esixir no ámbito do Estado un trato xusto que permita avanzar no autogoberno e no desenvolvemento das nosas competencias?

Valora o goberno galego asumir unha negociación bilateral co Estado como fórmula para ter un trato xusto no sistema de financiamento?

Cal é a razón de que renuncie a esta vía que están demandando Presidencias de todas as cores políticas?

Considera o goberno galego que é compatible a defensa dos intereses de Galiza ante cuestións nas que hai consenso galego, como o peso inxusto do avellentamento e da dispersión, co centralismo estatal?

Que medidas vai defender o goberno galego para avanzar na cesión de máis tributos?

Que medidas vai defender o goberno galego para avanzar no autogoberno fiscal e financeiro?

Que medidas vai defender Galiza para que despois de sufrir as consecuencias da aplicación das normas de déficit non se vexa penalizada no lugar de compensada?

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Ramón Fernández Alfonzo

Oscar Insua Lema

Brais Ruanova Vilas-Boas

Rosana Pérez Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 02/04/2024 13:34:00

Ramón Fernández Alfonzo na data 02/04/2024 13:36:06

Óscar Insua Lema na data 02/04/2024 13:36:37

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 02/04/2024 13:37:26

Rosana Pérez Fernández na data 02/04/2024 13:38:27





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias, Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Daniel Pérez López e Paulo Ríos Santomé, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ás medidas a adoptar pola Xunta de Galiza para garantir a preservación da calidade das augas do río Ulla e da ría de Arousa, a súa biodiversidade, os postos de traballo do sector do mar e a recuperación da ría diante do proxecto de Altri para a comarca da Ulloa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A grave situación produtiva da ría de Arousa vén sendo posta de manifesto en innumerábeis ocasións polo sector do mar (pesqueiro, marisqueiro e mexilloneiro) dende hai máis de dez anos. Unha situación avalada empíricamente polos propios datos de capturas que recolle e publica periodicamente a Consellería do Mar.

Tamén, a iniciativa do Grupo Parlamentario do BNG foi un asunto que ocupou incontábeis debates parlamentares na última lexislatura. E, do mesmo xeito, son incontábeis igualmente as veces que o Partido Popular votou en contra de todas e cada unha das propostas do BNG encamiñadas a recoñecer que existe un problema de merma de produtividade na ría e a tomar decisións e poñer en marcha actuacións para reverter a realidade actual.

A maiores, as condicións climatolóxicas do último outono-inverno, que aínda perduran, deixaron a miles de traballadores e traballadoras do mar nunhas circunstancias extremas, praticamente sen rendas polo seu traballo e cunhas expectativas totalmente





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

incertas para vindeiras campañas. As propias confrarías, en moitos casos e diante da falta de ingresos, tiveron que levar a cabo ERTEs e cada día prodúcense baixas de persoas que non poden aturar máis a situación na que están.

Ata o de agora, a Xunta de Galiza non foi quen de tomar medidas para evitar o drama que se vén producindo, o deterioro do sector, a perda de postos de traballo, o empeoramento do estado biolóxico da ría e a súa recuperación e conservación.

Moi ao contrario, os pasos que se están a dar por parte do Goberno galego indican claramente unha apostia e unha priorización doutras actividades que van incidir, áinda máis, na perda de calidade das augas e, como consecuencia, van dificultar as actividades do mar, precipitar a perda de emprego no sector e imposibilitar a necesaria e tan reclamada atención e recuperación da ría de Arousa.

O último é o caso da empresa portuguesa ALTRI, que promove a construcción dunha macrofactoría de producción de pasta de celulosa no Concello de Palas de Rei, unha actividade industrial nada sostíbel que terá un forte impacto no río Ulla e na ría de Arousa, na súa biodiversidade e produtividade, que se verán sometidas ao vertido dun voluminoso caudal de augas, suxeitas a depuración industrial mais contaminantes, e que incidirán negativamente na calidade das augas.

Todo elo, apoiado e promovido polo mesmo Goberno, o galego, que ten competencias exclusivas e a obriga legal de protexer as rías e de adicar os recursos humanos, económicos e tecnolóxicos para investigar, vixiar e actuar diante do todos os factores que poden incidir no seu deterioro e, ao mesmo tempo, amparar a todas as persoas que viven delas e que as converten nun dos principais motores socioeconómicos do país.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- . Que valoración fai o Goberno galego da situación do sector do mar na ría de Arousa?
- . Que medidas vai poñer en marcha para reverter o deterioro do sector, a perda de postos de traballo, o empeoramento do estado biolóxico da ría e comezar a súa recuperación e conservación?
- . Considera que se deben priorizar a mellora da calidade das augas, a recuperación da ría e dos postos de traballo do sector do mar diante doutras actividades que poidan incidir no seu empeoramiento?
- . Considera que o proxecto industrial de ALTRI para a comarca da Ulloa vai incidir negativamente na calidade das augas do río Ulla e da ría de Arousa? De ser así, que medidas vai tomar ao respecto? Vai rexeitar a macrofactoría de ALTRI para a producción de pasta de celulosa en Palas de Rei?

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2024

Asdo.: Rosana Pérez Fernández

Paulo Ríos Santomé

Carmela González Iglesias

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Daniel Pérez López

Deputados e deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 01/04/2024 11:10:09

Paulo Ríos Santomé na data 01/04/2024 11:11:30

Carmela González Iglesias na data 01/04/2024 11:12:00

María Montserrat Prado Cores na data 01/04/2024 11:13:00

Iria Carreira Pazos na data 01/04/2024 11:13:36

Daniel Castro García na data 01/04/2024 11:14:54

Daniel Pérez López na data 01/04/2024 11:17:40





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Óscar Insua Lema, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, sobre a folga das profesionais da quenda de oficio e actuacións realizadas pola Xunta de Galiza para solucionar o conflito.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai máis de 4 meses, dende o día 21 de novembro de 2023, as profesionais da avogacía e da procuradoría adscritas á quenda de oficio están en folga en reclamación e defensa da dignificación e mellora das condicións nas que se presta o servizo de asistencia xurídica gratuítia e da quenda de oficio. O incremento das retribucións/compensacións pola intervención profesional, a inclusión de conceptos ate agora excluídos do baremo ou o incremento da cantidade que a Xunta de Galiza destina aos Colexios Profesionais para a atención da quenda de oficio e do servizo de xustiza gratuítia son algunas das demandas que reivindican as profesionais.

A medida adoptada por estas profesionais está a provocar a suspensión de numerosas actuacións xudiciais (vistas, declaracóns, asistencias...), así como na tramitación de múltiples procedementos xudiciais, fundamentalmente no orde penal e civil, coa conseguinte dilación na resolución dos conflitos que se seguen nos xulgados e tribunais de Galiza.

A principios do mes de marzo as profesionais da avogacía e procura adscritas á quenda de oficio penal actuantes nos partidos xudiciais de Lalín e A Estrada procederon





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

a solicitar a baixa do servizo, polo que os referidos partidos ficaron sen profesionais que voluntariamente presten o servizo de asistencia á detida, declaracíons de investigadas ou para a celebración de xuízos rápidos.

Malia a contumaz negativa da Dirección Xeral de Xustiza – reiterada en sede parlamentar – a recoñecer a precariedade das condicións nas que se presta o servizo, inferiores ás de hai 15 anos, un comunicado do Consello da Avogacía Galega informa da existencia de negociacíons cara a mellorar as condicións nas que se presta o servizo, solicitándose -como fixo o BNG en distintas ocasións- que tales medidas se adoptasen sen dilación e sen agardar ao remate do convenio asinado en 2021, estimándose necesario o incremento do orzamento aprobado polo Partido Popular para xustiza gratuíta.

Por outra banda non consta o resultado das reunións, no seu caso, mantidas pola Xunta de Galiza coa representación das profesionais mobilizadas.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Cantas xuízos orais, vistas ou declaracíons xudiciais suspendéronse como consecuencia da folga das profesionais da avogacía e da procura adscritas á quenda de oficio? Con indicación da concreta unidade xudicial afectada?

Reuniuse a Xunta de Galiza coa representación das profesionais en folga?

Entende a Xunta de Galiza necesario incrementar a partida orzamentaria destinada a xustiza gratuíta?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No seu caso, en que contía e por que razón non contemplaron ese incremento nos orzamentos recentemente aprobados?

Considera procedente a actualización das cantidades contempladas no baremo vixente, sen agardar o vencemento do termo inicialmente pactado?

Ten previsto incluír novos conceptos no actual baremo?

Cónstalle a Xunta que o valor das compensacións contempladas nos baremos actualmente vixentes (p.ex. P.A, XUR con ou sen conformidade, Apelacións penais, Procedemento civil ordinario ou verbal...) son inferiores ás previstas no 2009?

Coñece a Xunta de Galiza se son abondas as achegas realizadas aos Colexios Profesionais para o mantemento da infraestrutura para a prestación do servizo de asistencia xurídica gratuíta e a quenda de oficio?

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2024

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Óscar Insua Lema

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 03/04/2024 11:02:06





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 03/04/2024 11:02:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González e Sonia Vidal Lamas, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a enfermidade hemorráxica epizoótica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A enfermidade hemorráxica epizoótica é causada por un virus da familia Reoviridae , do xénero Orbivirus, e trátase dunha proceso infeccioso, non contaxioso, transmitido por vectores (Culipoides spp.). O ciclo biolóxico destes mosquitos picadores actívase coa subida das temperaturas, despois dunha pausa invernal larvaria na auga, polo que nos próximos meses a capacidade de contaxio irá en aumento que comenzará de novo a fase expansiva.

Dita doença afecta tanto a rumiantes domésticos coma salvaxes, onde da lugar a unha clínica moderada e autolimitante, aínda que nalgúns casos pode dar lugar a secuelas ou incluso a morte (1% mortalidade media, cunha morbilidade media do 7,53%). Trátase dunha enfermidade de declaración obligatoria e o seu período de incubación oscila entre os 2 e os 10 días. En canto á clínica preséntase con hipertermia, perda do apetito, edema facial, secreción ocular e/ou nasal, salivación, dificultade respiratoria, eritema ou descamación de boca ou nariz, coxeira e eritema da ubre. Aínda que os síntomas tenden a desaparecer en aproximadamente 2 semanas, os animais afectados sofren unha perda de peso considerable debido á imposibilidade de inxerir alimentos, de xeito que as súas condición corporal despois de padecer a enfermidade é lamentable.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En Galiza os primeiros casos detectáronse en setembro do 2023, nos concellos de A Capela e Abegondo, data dende a cal se continuaron confirmando positivos polo resto do país ao longo de varios meses, afectando a todas as provincias (a última Pontevedra, cun caso en Vila de Cruces a finais do outubro pasado), ata reducírense considerablemente pola chegada das estacións frías, onde o vector é menos activo e o risco diminúe de xeito evidente, áinda que non total.

A problemática reside agora coa chegada novamente das estacións de temperaturas máis suaves, momento no que os insectos comezan a estar máis presentes e, polo tanto, así é tamén co transmisor da EHE. A data de hoxe áinda non temos vacina para facerlle fronte a dita enfermidade, de xeito que se presenta unha etapa moi complicada para os gandeiro/as, tanto de extensivo coma de intensivo, que se verán alcanzados por grandes perdas económicas derivadas da enfermidade e do seu tratamento. A única ferramenta que terán os posibles afectados será o uso preventivo de desinsectantes, tanto nos animais coma nas instalacións e medios de transporte destes e o illamento preventivo dos afectados. Outra recomendación é evitar a existencia de posibles zonas de cría do mosquito, especialmente zonas enlamadas ou con grande cantidade de materia orgánica acumulada.

A desinformación e a falla de medios para evitar a propagación de xeito efectivo, preocupa moito ao sector, que se enfrenta á EHE nas mesmas condicións que na campaña anterior.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Que campaña de información recibieron sobre a EHE os gandeiro/as na campaña do 2023 cando os casos comenzaron a chegar ao país e se estenderon polas catro provincias?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cando se comenzaron a conceder as indemnizacíons por morte dos animais afectados?

Que criterios se seguiron para a detección dos casos e a posterior indemnización dos mesmos?

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2024

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

Sonia Vidal Lamas

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 02/04/2024 11:53:33

Sonia Vidal Lamas na data 02/04/2024 11:58:39



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego, Mercedes Queixas Zas, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o Centro de saúde da Casa do Mar de Mera, en Oleiros.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A poboación de Oleiros aumentou nos últimos anos, mais os servizos non se están a adaptar de xeito acorde. Ademais doutras demandas relacionadas coa atención sanitaria, a zona norte do concello, que corresponde a veciños e veciñas das parroquias de Dexo, Serantes e Maianca, está atendida pola Casa do Mar de Mera. O andar superior, que foi acondicionado pola Xunta de Galiza para acoller un centro de día, sen que isto chegara a producirse, podería acoller unha ampliación do servizo médico e paliar a súa saturación.

O edificio da Casa do Mar acumula diversas deficiencias, e hai máis de 20 anos que o Concello de Oleiros demanda melloras básicas no edificio, tanto na fachada como nos teitos interiores.

Os centros de saúde de Oleiros atópanse saturados durante todo o ano, e os e as profesionais sanitarias deben atender cotas elevadas, o que se ve incrementado co aumento da poboación nos meses do verán. Por outra banda, están previstas novas urbanizacións na zona norte do concello, o que fai preciso prever e planificar a ampliación dos servizos públicos básicos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Ten prevista a Xunta de Galiza ampliar a atención sanitaria en Oleiros, especialmente aproveitando as instalacións da Casa do Mar de Mera, para adaptala á realidade da poboación deste concello?
- A Xunta de Galiza ten previsto reparar os danos estruturais e a deterioración da Casa do Mar?
- Cales son as obras que vai fazer a Xunta de Galiza para reparar os danos da Casa do Mar de Mera?

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2024

Asdo.: **Iria Taibo Corsanego**

Mercedes Queixas Zas

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 01/04/2024 12:30:00

Mercedes Queixas Zas na data 01/04/2024 12:31:22

María Montserrat Prado Cores na data 01/04/2024 12:31:52





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 01/04/2024 12:32:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Cristina Fernández Davila, Iria Taibo Corsanego, Daniel Castro García e Secundino Fernández Fernández, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o impacto da macrocelulosa proxectada por Altri na Ulloa sobre o Camiño de Santiago como Patrimonio da Humanidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A documentación para iniciar a tramitación da solicitude da Autorización Ambiental Integrada, Declaración de Impacto Ambiental e a declaración de interese público (en período de alegacións até o 16 de abril) fixo pública a fraude do proxecto industrial de Altri e da que é partícipe o PP: o que se vendeu como proxecto circular de producción de 200.000 toneladas de fibras téxtils (lyocell*) é realmente unha megaplanta de producción de pasta de celulosa.

O impacto deste proxecto é moi alto a todos os niveis, mais sinalamos como especialmente crítico o impacto territorial, socioeconómico, sobre os recursos hídricos e sobre o modelo forestal.

E isto non só na zona de afección máis inmediata, 3 provincias e 4 concellos (Palas, Agolada, Santiso e Melide), pois os impactos negativos esténdense a todo o noso país: por unha parte polo afección dos vertidos contaminantes no río Ulla e na ría de Arousa; por outra, pola forte presión que vai xerar a favor da eucaliptización.

O impacto socioeconómico negativo afecta a iniciativas de desenvolvemento do sector primario (agricultura, gandería e outras), empresas transformadoras da





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

denominación de orixe Arzúa Ulloa, PEMES de transformación agroindustrial e de posta en valor de recursos locais, e actividades turísticas relacionadas co Camiño Xacobeo, pois hai afección na zona de amortecemento deste BIC.

O valor cultural único a nivel mundial desta paisaxe e da súa contorna foi un dos elementos fundamentais no proceso de declaración do Camiño de Santiago como Patrimonio da Humanidade pola UNESCO en 1993.

Unha declaración que pode verse agora comprometida ao instalar na zona de amortecemento unha cheminea de 75 metros para Altri que provoca un forte impacto visual.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Como valora o goberno da Xunta o impacto da macrocelulosa proxectada por Altri na Ulloa sobre o Camiño de Santiago como Patrimonio da Humanidade?
- Valorou o goberno o impacto socioeconómico negativo para esta comarca se autoriza un proxecto industrial que condiciona os valores de protección do Camiño de Santiago?
- Considera que unha cheminea de 75 metros de altura representa un impacto visual moi negativo sobre a paisaxe deste BIC?
- Entende o goberno que facer o Camiño de Santiago con vistas a unha celulosa é un atractivo turístico e ademais compatíbel coa súa declaración como Patrimonio da Humanidade?
- Considera oportuno que a UNESCO informe sobre as afeccións visuais e paisaxísticas do proxecto e o seu impacto no ámbito do Camiño de Santiago?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que medidas vai tomar o goberno para preservar a singularidade desta paisaxe declarada BIC e protexela da agresión visual e paisaxística que representa o proxecto da macrocelulosa de Altri?

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2024

Asdo.: Mercedes Queixas Zas

Cristina Fernández Davila

Iria Taibo Corsanego

Daniel Castro García

Secundino Fernández Fernández

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 01/04/2024 13:42:09

Cristina Fernández Davila na data 01/04/2024 13:44:42

Iria Taibo Corsanego na data 01/04/2024 13:45:05

Daniel Castro García na data 01/04/2024 13:45:38

Secundino Fernández Fernández na data 01/04/2024 13:45:57





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Suárez Fernández, Montserrat Valcárcel Armesto e Secundino Fernández Fernández, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o traslado do CRAEGA da localidade de Monforte de Lemos á cidade de Lugo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Consello Regulador da Agricultura Ecolólica de Galiza (CRAEGA), dependente da Xunta de Galiza como todos os Consellos Reguladores, foi creado no ano 1997 e desde entón é o órgano encargado do control e certificación das producións ecolóxicas en Galiza. Desde a súa creación, o CRAEGA tivo a súa sede na localidade de Monforte de Lemos, unha zona do país castigada demograficamente e na cal os postos de traballo son reducidos.

Hai un tempo, coñeceuse a intención deste organismo de trasladar dita sede á cidade de Lugo, algo que tería unhas consecuencias considerables para o sur da provincia pola perda de postos de traballo de persoas que levan décadas traballando en Monforte. Ademais, todo apunta a que a decisión está tomada e que a volta atrás nesta cuestión parece complicada, algo que, por tanto, será realmente prexudicial para o territorio.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Cal é a situación dos consellos reguladores galegos actualmente?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que opina o Goberno galego sobre o traslado do CRAEGA á cidade de Lugo?
- Ten a Xunta pensado facer algo ao respecto para manter os postos de traballo en Monforte?
- Que alternativas ofrecerá ás traballadoras que non se poidan desprazar a Lugo?
- Por que non actuou o goberno galego neste asunto?

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2024

Asdo.: Iago Suárez Fernández
Secundino Fernández Fernández
Montserrat Valcárcel Armesto
Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 02/04/2024 11:16:19

Secundino Fernández Fernández na data 02/04/2024 11:22:41

Montserrat Valcárcel Armesto na data 02/04/2024 11:23:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila, Luis Bará Torres e Alexandra Fernández Gómez, , deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a necesidade de mellorar e completar o servizo básico de saneamento nos concellos polos que discorre o río Tea: O Covelo, Mondariz, Mondariz Balneario, Ponteareas e Salvaterra de Miño.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Río Tea é un afluente do Miño. Cunha lonxitude de 50 Km. discorre polos Concellos do Covelo, Mondariz, Mondariz Balneario, Ponteareas e Salvaterra de Miño, todos eles, concellos da Comarca Condado-Paradanta.

A meirande parte do río está declarado como "Zona de Especial Conservación (ZEC) río Tea" e integrado na rede Natura 2000, sendo un espazo protexido e de alto valor Natural, cunha riqueza na súa biodiversidade moi importante.

No seu percorrido o río Tea baña 5 concellos da Comarca que carecen, na maior parte do seu territorio, de saneamento e a depuración debida das súas augas residuais.

Debemos ter en conta que o saneamento é un servizo básico que debe estar garantido para toda a ciudadanía, evitando así que se contaminen os terreos onde se ubican as fosas sépticas, os regatos e acuíferos, así como o seu frecuente baleirado e custo do mesmo.

Debemos evitar tamén, naquelhas zonas onde sexa posible, a instalación das minidepuradoras que foron adquiridas por gobernos anteriores, cando a Xunta de Galiza





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

subvencionaba este sistema e que está demostrada a súa incapacidade e ineficacia para unha depuración axeitada, así como o alto custo de mantemento, consumo eléctrico e a alta incidencia de avarías.

É común a todos os Concellos bañados polo TEA (O Covelo, Mondariz, Mondariz Balneario, Ponteareas e Salvaterra) a carencia de conexión á rede de saneamento dos seus municipios na maior parte das súas parroquias. En moitas nas que existe rede, está conectada nunha minidepuradora, que nas continuas avarías verte os residuos directamente ao río Tea. Habería polo tanto que substituís cara unha depuradora que teña capacidade suficiente para recoller estas redes existentes, así como outras novas que son necesarias desenvolver.

É preciso valorar a capacidade das depuradoras existentes, ampliando a instalación e poder dar servizo á totalidade do concello onde se ubica a mesma e poder conectar a rede dos concellos limítrofes, sendo así más eficaces e eficientes.

Plantexamos ademais facer un estudo da rede do saneamento actual en funcionamento para que quede rexistrado nun documento que permita dispoñer de toda a información para a súa ampliación ou obras de mantemento futuro, traballando da man dos Concellos.

En Ponteareas, capital da comarca do Condado, estase neste intre a executar a ampliación da depuradora da Moscadeira, dando así capacidade de conexión para 20.000 persoas. Este era a acción imprescindible para poder continuar coa creación de novas redes de conexión ao saneamento. Quedaría pendente unha nova instalación na parroquia de Moreira para dar servizo ao resto das parroquias que verten augas abajo, así como algunha fitodepuradora para aqueles lugares nos que sería inviable enganchar coa depuradora actual. Na actualidade iniciaranse pronto as obras da primeira fase da rede de saneamento da parroquia de Ribadetea, a máis poboada ao carón do río. É





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

importante que se elaboren canto antes os proxectos de execución das fases pendentes para dispoñer desta rede canto antes.

Mención especial precisa a depuradora construída na PLISAN na que é necesaria unha ampliación para poder conectar as parroquias da contorna.

Polo tanto, a deficiencia e falta do servizo de saneamento afecta e contamina de xeito directo o noso ámbito natural máis representativo e valioso, o noso río Tea, ademais doutros ríos da contorna e tamén regatos, manantiais, fontes, pozos, augas subterráneas, etc.

É preciso un gran investimento na construcción das infraestruturas de depuración e redes de colectores para acadar o 100 % do servizo a toda a veciñanza afectada.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Cando teñen planificado avaliar mediante os estudos que sexan precisos, aquelas obras para dispoñer do servizo básico de saneamento nos Concellos polos que discorre o río Tea, integrado na rede Natura 2000: O Covelo, Mondariz, Mondariz Balneario, Ponteareas e Salvaterra de Miño?
- Que criterio adopta a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade para decidir en que concellos se realizan proxectos de saneamento, para mellorar as instalacións ou redes existentes, ou crear infraestruturas novas?
- Por que non ten asumido a Consellería de Infraestruturas os convenios precisos cos concellos en cuestión para mellorar a situación do servizo de saneamento naquelhas zonas afectadas directamente pola Rede Natura 2000?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Cal é o tipo de planificación que realizan dende a Consellería de Infraestruturas para ter en conta as obras que se precisan nos concellos galegos para solventar os problemas do saneamento?
- En que situación está en concreto esta comarca do Condado-Paradanta nesa planificación?
- Está considerada como unha área prioritaria?

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2024

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**
Alexandra Fernández Gómez
Luis Bará Torres
Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 03/04/2024 10:00:11

Alexandra Fernández Gómez na data 03/04/2024 10:04:40

Luis Bará Torres na data 03/04/2024 10:05:25





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Rosana Pérez Fernández, Ramón Fernández Alfonzo, Oscar Insua Lema e Brais Ruanova Vilas-Boas, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á valoración do goberno galego dos resultados do Fondo de Compensación Interterritorial, ás actuacíons que debe impulsar para unha mellor execución e ás demandas que debe dirixir ao goberno do Estado nesta materia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente, as negociacións políticas no ámbito do Estado e a conjuntura económica teñen aberto debates e reflexións arredor do financiamento dos servizos e institucións públicas en xeral e do financiamento autonómico en particular. Aínda que o grosor dos debates e declaracíons se teñen dado arredor das repercuśóns da débeda pública ou da asunción de maior ou menor capacidade fiscal, hai un elemento que non é menor dentro do financiamento e que é necesario avaliar, o coñecido como Fondos de Compensación Interterritorial (en diante, FFCI).

Os FFCI nacen ao abeiro das negociacións enmarcadas no que coñecemos como sistema de financiamento e constitúen un recurso das comunidades autónomas destinado a corrixir os desequilibrios e favorecer a converxencia. Na actualidade prevese un Fondo de Compensación e un Fondo de Compensación Complementario.

O Consello de Contas é o organismo encargado da súa fiscalización e o seu Pleno, por acordo do 8 de abril de 2022, aprobou o programa anual de traballo para o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ano 2022 no que se inclúa ordinariamente a fiscalización dos FFCI para o exercicio 2021 segundo esixe a Lei 22/2001 reguladora dos Fondos de Compensación Interterritorial, que establece a obriga para o Consello de Contas de elaborar un informe separado e suficiente de todos os proxectos financiados con cargo aos FFCI, co fin de sometelo ao control do Parlamento Galego.

Tal e como podemos observar na información orzamentaria como no propio informe do Consello, ao noso país correspondeulle, no último exercicio analizado, unha dotación final dos FFCI de 38.550.650 euros, correspondendo 28.913.710 euros ao Fondo de Compensación e 9.636.940 euros ao Fondo Complementario.

Os FFCI como instrumento permanecen sen cambios na súa dotación estatal desde o ano 2013, con independencia das concxunturas económicas. Así mesmo, analizando o que compete a Galiza e o recollido no Informe observamos no exercicio 2021 que, con relación á dotación dos exercicios 2020 a 2018, téñense reducido nunha porcentaxe do -9,30%, unha das más altas xunto con Estremadura (-11,31%), Cantabria (-7,54%) e a Rexión de Murcia (-7,10%). Se comparamos a dotación do exercicio 2021 coa do exercicio 2016, Galiza rexistra un descenso do -14,39% pasando a ser a CA que mais dotación perde xunto con Estremadura (-11,83%) e a Rexión de Murcia (-9,19%) e, en consecuencia, superior á media conxunta dos territorios. Ao mesmo tempo, os datos de converxencia socioeconómica e de competitividade, non son positivos para Galiza, tal e como amosa a Memoria do CES para 2022, o último publicado.

Xunto coa preocupación pola utilidade e alcance deste e doutros instrumentos, o Informe do Consello engade novamente preocupacións respecto da xestión dos fondos por parte do goberno galego. Dunha banda, o exercicio de 2021 representa eivas de execución que deben ser explicadas por parte do goberno galego. Por outra banda, o Informe recolle limitacións ao alcance preocupantes do punto de vista democrático. Por





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

exemplo, sinala que “*a información facilitada pola DX de Planificación e Orzamentos a través da IXCA é insuficiente, polo que na presente fiscalización non se puideron levar a cabo comprobacións sobre:*

- *os expedientes de modificacións cualitativas e/ou cuantitativas de proxectos tramitadas no exercicio 2021 e seguintes.*
- *a situación acumulada de cada proxecto financiado cos FFCI, co fin de calcular as desviacións de financiamento acumuladas a 31.12.2021.”*

É necesario que o goberno galego faga unha boa xestión dos recursos económicos e que, ao mesmo tempo, sendo insuficiente o noso autogoberno fiscal e financeiro, recibamos un trato xusto e equitativo por parte do Estado nos fondos existentes en canto non avancemos cara un modelo de máis autorresponsabilidade política.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Que valoración fai o goberno galego dos Fondos de Compensación Interterritorial que recibe Galiza?

E do aproveitamento que deles impulsa o goberno galego?

Cales son as razóns da mala execución do exercicio 2021? Cales son os resultados que manexa o goberno galego verbo dos exercicios de 2022 e 2023?

Porque mantén limitacións ao alcance da fiscalización do Consello de Contas por parte da Consellaría de Facenda?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cales son as razóns de que non estean incorporadas todas as súas recomendacións?

Que valoración cualitativa fai dos investimentos escollidos?

Dará máis peso no futuro aos investimentos en materia sanitaria? Que criterios políticos de escolla territorial está a aplicar para estes fondos?

Como valora a perda de peso nos Fondos de Galiza?

E a conxelación práctica do conxunto dos fondos? Que demandas trasladou ou vai trasladar ao goberno do Estado?

Considera viable, para evitar unha conxelación e maiores perdidas de posición de Galiza, unha negociación destes fondos separadamente do resto de elementos vinculados ao financiamento autonómico?

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2024

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Ramón Fernández Alfonzo

Oscar Insua Lema

Brais Ruanova Vilas-Boas

Rosana Pérez Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 02/04/2024 13:41:22

Ramón Fernández Alfonzo na data 02/04/2024 13:43:46

Óscar Insua Lema na data 02/04/2024 13:44:09

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 02/04/2024 13:44:55

Rosana Pérez Fernández na data 02/04/2024 13:45:11



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Iria Carreira Pazos e Luis Bará Torres, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ás medidas a adoptar pola Xunta de Galiza para garantir a preservación da calidade das augas do río Ulla e dos concellos que se abastecen del directamente diante do proxecto de Altri para a comarca da Ulloa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A estación de tratamiento de auga potábel (ETAP) do río Ulla, ubicada en Padrón, abastece a dez concellos, entre os que se atopan os catro de Arousa Norte: Ribeira, A Pobra do Caramiñal, Boiro e Rianxo.

A súa explotación e o suministro a eses concellos é competencia da Xunta de Galiza (Augas de Galiza) dende o ano 1996 e que, case 30 anos despois, vén de adxudicar áinda este ano a súa ampliación, diante da crecente demanda e a escaseza de auga nos períodos de seca, que nos últimos anos prodúcense cada vez con máis frecuencia.

Segundo os datos da propia Xunta de Galiza, a capacidade de tratamiento da estación aumentará un 40% e a ampliación permitirá pasar de tratar 450 litros por segundo a 630, o que garantiría o suministro a unha poboación que se achega aos 100.000 habitantes no conxunto dos concellos.

Nomeadamente, no caso dos de Arousa Norte, o límite de suministro vén provocando restricións aos veciños e veciñas e acoutando as posibilidades de desenvolvemento de chan industrial que varios municipios teñen xa iniciado.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O último episodio de seca, despois dun outono-inverno de baixas precipitacións, padeceuse no verán de 2022, onde os concellos abastecidos polo Ulla tamén estiveron sometidos a restricións de abastecemento.

As obras de ampliación da ETAP do Ulla eran pois unha vella demanda dos territorios afectados e a súa adxudicación por case 8,5 millóns de euros dá idea da importancia das actuacións que se van acometer con cartos públicos para satisfacer unhas necesidades crecientes nunha zona, a de Arousa Norte, de gran dinamismo económico.

No entanto, as recentes noticias da instalación dunha macrofactoría de pasta de celulosa na comarca da Ulloa e a exposición pública do proxecto que pretende levar a cabo volven acender todas as alarmas, tamén no referido ao impacto na bacía hidrográfica e na calidade das augas do río Ulla.

O proxecto, promovido por Greenfiber, S. L. no Concello de Palas de Rei prevé unha actividade directamente ligada ao río Ulla e un consumo de auga directamente desde o río de 46.000 metros cúbicos ao día, o que supón máis do 10% do volumen de auga do encoro de Portodemouros e equivale ao consumo de auga humano de toda a provincia de Lugo. Tamén, un vertido de augas industriais de 30.000 metros cúbicos ao día de volta ao río Ulla.

De se levar a cabo, este proxecto vai supor un empeoramento da calidade da auga do río, tanto polos vertidos como polo risco de eutrofización ao baixar o caudal do río nos tres encoros superpostos (Portodemouros, Brandariz e Touro).

É evidente que todos estes efectos negativos serán trasladados augas abaixo causando un impacto do río Ulla moi severo, empeorando a calidade das súas augas e comprometendo o caudal en épocas de estiaxe.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Como queda dito, a auga potábel de dez concellos provén directamente do río Ulla, a través da captación na parroquia de Carcacía, en Padrón. A adxudicación da ampliación da ETAP do Ulla e o investimento público que conleva, contrasta claramente coas pretensións do proxecto de ALTRI na Ulloa e a Xunta de Galiza debe asegurar a protección do río e da auga potábel da que se abastece a veciñanza e as empresas de tantos concellos.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- . Que valoración fai o Goberno galego das condicións nas que se atopa a bacía hidrográfica e a calidade das augas do río Ulla?
- . Que medidas vai poñer en marcha para a mellora integral da calidade da auga e da biodiversidade da bacía do río Ulla?
- . Considera que o proxecto industrial de ALTRI para a comarca da Ulloa vai incidir negativamente na calidade das augas do río Ulla e dos concellos que se abastecen directamente del? De ser así, que medidas vai tomar ao respecto? Vai rexeitar a macrofactoría de ALTRI para a produción de pasta de celulosa en Palas de Rei?

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2024

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Iria Carreira Pazos

Luis Bará Torres

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 01/04/2024 11:48:51

Iria Carreira Pazos na data 01/04/2024 11:51:50

Luis Bará Torres na data 01/04/2024 11:53:35





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego, Rosana Pérez Fernández e Mercedes Queixas Zas, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o saneamento do Porto de Lorbé, en Oleiros.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No pasado mes de febreiro, a Xunta de Galiza finalizou o último treito da Vía Ártabra no porto de Lorbé, acompañado dos correspondentes traballos de mellora, dentro dos cales ficaron instalados trece novos sumidoiros e as conducións que facilitan a instalación do bombeo de saneamento.

Na actualidade, o Porto de Lorbé, competencia da Xunta de Galiza, carece de saneamento, co conseguinte problema sanitario e ambiental.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- A Xunta de Galiza vai asumir o saneamento do Porto de Lorbé, de acordo coa súa competencia?
 - En que prazo o vai facer?
 - A Xunta de Galiza está a coordinar esta actuación coas outras administracións implicadas?

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Iria Taibo Corsanego**

Mercedes Queixas Zas

Rosana Pérez Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 02/04/2024 09:17:34

Mercedes Queixas Zas na data 02/04/2024 09:17:40

Rosana Pérez Fernández na data 02/04/2024 09:18:19





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé, Alexandra Fernández Gómez, Montserrat Valcárcel Armesto e Sonia Vidal Lamas, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre os beneficios multimillonarios da concesionaria da AP9, a transferencia da infraestrutura e o rescate da concesión.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1.O pasado 27 de marzo déronse a coñecer os resultados da AP9 en 2023 con unha cifra récord de ingresos e beneficios para a concesionaria: 192,6 millóns de ingresos totais (+12%) e 82,6 millóns de beneficios (+24,9%). Dos ingresos totais, 58,7 millóns corresponden a pagamentos do Estado por bonificacións (36,7 millóns), peaxes en sombra (12,6 millóns) e limitación de tarifa (9,2 millóns).

2. A partir do 17 de agosto de 2023 a AP9 debería ser gratuíta, como outras autoestradas da mesma época, mais as galegas e galegos seguiremos pagando unhas peaxes abusivas debido a unha medida aprobada polo goberno do PP en 2000: a prórroga da concesión por 25 anos até o máximo legal de 75 anos (2048), situación que só se dá en dúas autoestradas estatais galegas (AP9 e AP 53) e noutra en Castela-León (León-Campomanes).

Esta prórroga está sometida a unha investigación da Comisión Europea, a partir dunha denuncia da asociación En Colectivo baseada no feito de que a normativa europea obligaba a licitar en concorrencia pública o contrato de concesión e non permitía unha prórroga automática. Como consecuencia, a Comisión requiriu ao





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

gobierno español que xustificase o cumprimento da normativa europea sobre contratos e concesións públicas.

3. Ademais da escandalosa cifra de ingresos e beneficios da concesionaria, fican outras cuestións pendentes en relación coa AP9. A primeira é a transferencia da autoestrada a Galiza, unha medida que foi aprobada por unanimidade en numerosas ocasións polo parlamento galego e que foi sistematicamente vetada polos gobernos centrais. O último intento foi en 2021-2023 e viuse frustrado polo obstrucionismo dos grupos parlamentares do PP e do PSOE no Congreso, que presentaron emendas e dilataron os prazos de tramitación para facer fracasar a transferencia. No ano 2023 aprobouse unha nova proposición de lei para a transferencia da autoestrada, que deberá ser admitida a trámite polo Congreso.

A segunda cuestión pendente é o rescate da concesión, ben por iniciativa do governo ou ben polo procedemento aberto pola Comisión Europea. Sexa cal sexa o procedemento, é necesario facer estudos sobre os custos que podería ter unha medida deste tipo.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Cales son as razóns, a xuízo do Goberno galego, polas que aínda non se efectivizou a transferencia da autoestrada AP 9 a Galiza?

Considera xusto o governo galego que a concesión da AP 9 se prolongue até o ano 2048 mentres outras estradas da mesma época son gratuítas?

Considera de interese o governo galego a contratación dun estudo ao sistema universitario galego sobre a viabilidade da anulación da concesión da AP9 e o seu rescate para o público, analizando a fórmula xurídica máis acaída, a vía aberta polo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

procedemento incoado pola Comisión Europea, e os custos financeiros para o Estado da situación actual e dun hipotético rescate da concesión?

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2024

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Paulo Ríos Santomé

Alexandra Fernández Gómez

Montserrat Valcárcel Armesto

Sonia Vidal Lamas

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 02/04/2024 09:38:36

Paulo Ríos Santomé na data 02/04/2024 09:41:41

Alexandra Fernández Gómez na data 02/04/2024 09:42:15

Montserrat Valcárcel Armesto na data 02/04/2024 09:42:49

Sonia Vidal Lamas na data 02/04/2024 09:43:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Cristina Fernández Davila, Iria Taibo Corsanego, Daniel Castro García e Secundino Fernández Fernández, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a necesidade de o goberno dignificar o Centro Dramático Galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A celebración do Día Mundial do Teatro o pasado 27 de marzo remitía para unha efemérede singular: a celebración do 40 aniversario do Centro Dramático Galego, unha das institucións culturais de base que naceu cos inicios da Autonomía cos obxectivos de protección da dramaturxia galega, fomento das profesións vinculadas co teatro e canonización do repertorio escénico.

É esta unha boa oportunidade para avaliar se estas catro décadas cumpriron os obxectivos fundacionais, analizar o desenvolvemento do proxecto na actualidade e fixar os retos de futuro nun marco sociocultural ben diferente ao de hai 40 anos e sometido a mudanzas de dinámicas de calado que se producen a gran velocidade e que requieren anticipación para acertar nas decisións.

A información trasladada aos medios desde o goberno da Xunta a respecto da celebración dos 40 anos de CDG remiten para un programa de actuacións diversas, mais non centra a atención naquelas demandas estruturais reiteradas polo propio sector da escena galega que, en ocasións, teñen xerado polémicas que en absoluto contribúen a reforzar o importante músculo histórico do teatro galego até a actualidade e que hoxe xa conta cun legado patrimonial colectivo relevante.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Que avaliación achega o goberno dos 40 anos de CDG?
- Considera que o goberno do PP atendeu o CDG para asentar os obxectivos fundacionais como unidade de creación e producción?
- Cal é o proxecto de futuro do Partido Popular na Xunta para o CDG?
- Comprométese o Partido Popular a dignificar orzamentariamente o CDG para comenzar a reverter os severos recortes aos que o someteu nos últimos 15 anos? En que medida e en que prazos?
- Comprométese a dignificar o CDG a través duns estatutos que garantan o seu pleno rendemento e autonomía artística, dotándoo dunha estrutura estable e réxime xurídicos que lles permitan á Dirección Artística traballar con independencia e solvencia?
- Ten previsto o goberno da Xunta activar algunha medida para a dixitalización, conservación e catalogación de todo o patrimonio escénico do Centro Dramático Galego, das súas coproducións e por extensión dos grupos e artistas que recibiron o apoio das axudas da Administración nestes 40 anos para facilitar o traballo de investigadores e investigadoras e o acceso á cidadanía?

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2024

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Cristina Fernández Davila

Iria Taibo Corsanego

Daniel Castro García

Secundino Fernández Fernández





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 02/04/2024 12:16:02

Cristina Fernández Davila na data 02/04/2024 12:17:18

Iria Taibo Corsanego na data 02/04/2024 12:17:37

Daniel Castro García na data 02/04/2024 12:18:11

Secundino Fernández Fernández na data 02/04/2024 12:18:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila, Luis Bará Torres e Alexandra Fernández Gómez, , deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as inundacións persistentes que sufren dúas persoas en Arbo na súa propiedade debido ás obras nunha estrada do Concello..

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 9 de xuño, hai xa 10 meses, dúas persoas veciñas do Concello de Arbo, comprobaron como o baixo da súa casa estaba completamente asolagado, con destrozos importantes no mobiliario, paredes, electrodomésticos...

Esta situación comeza cando a empresa Oresa está a executar unha obra de Humanización dunha nova rúa en Arbo, entre a rúa Vázquez Estévez e a Estrada PO-400, financiada nun 70% pola Xunta de Galicia a través do Plan Hurbe.

Unhas das primeiras actuacións da humanización consistiron en demolicións, escavacións, recheos e desbroces; renovacións de pavimentos; melloras nas redes de abastecemento, pluviais, alumeadou comunicacóns, e con todas estas accións algunha delas tocou algunha/s veta/s de auga que remataron desviándose cara á vivenda e o eido, onde hai filtracións de xeito permanente e escóitase o murmurio do decorrer da auga.

Dende o primeiro momento as donas da vivenda acudiron ao Concello que non solventa a situación e desvía a responsabilidade das continuas inundacións na propiedade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Calquera persoa pode imaxinar a desesperanza que supón unha situación como esta, convivindo coa entrada de auga permanente, humidades, mobiliario e enseres desfeitos... Canto máis se a resposta do concello é ningunha ou ben con escusas ou incluso mentiras. Escudándose en técnicos da Xunta que deben revisar a obra e que non aparecen nunca nin dan explicacións ou prazos para solventar este gran problema para a familia.

O pasado 12 de novembro, pasados xa 5 meses dende as primeiras entradas de auga, a veciñanza concentrouse diante do Concello para reclamar unha solución as filtracións e a reposición da vivenda familiar, aínda así non houbo ningunha resposta a maiores do Alcalde do Concello de Arbo sen ser más escusas e colgarles o teléfono.

O BNG presentou no Parlamento o pasado ano preguntas sobre esta cuestión e a Consellaría de Medioambiente, Territorio e Vivenda enviou contestación na que informa sobre o convenio asinado entre esta Consellaría e o Concello de Arbo para executar estas obras que afirma ter finalizado en agosto de 2023. Esta primeira afirmación xa non concorda coa realidade, xa que nesta data as obras aínda se estaban a realizar.

Confirman tamén a reclamación interposta polas persoas propietarias da vivenda e finca afectada que orixina a emisión de informes por parte da dirección de obra e do Servizo de Supervisión de Proxectos, que proponen realizar unha instalación de drenaxe das augas subterráneas que se dirixiron cara a vivenda e o seu enlace coa rede municipal existente augas abajo. Dita obra realizouse pero non eliminou as filtracións de auga existentes.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Vai o goberno da Xunta a asumir a responsabilidade das filtracións de auga que están a sufrir as dúas persoas veciñas de Arbo por mor das obras que se están a realizar





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cofinanciadas pola Xunta de Galicia e o Concello, e así resolver o problema e repoñer as deficiencias que mostra a vivenda e a reposición do mobiliario, electrodomésticos e enseres estropeados?

- Despois da execución da obra de drenaxe proposta nos informes e que non solventaron o problema, teñen planificado os servizos técnicos da Xunta de Galiza unha nova actuación para evitar as filtracións de auga na vivenda de xeito definitivo?
- En que prazo estiman os servizos técnicos que se poda solventar este problema tan grave?.
- Como van a compensar ás persoas afectadas cando todo isto estea arranxado?
- Porque dende a Alcaldía non se puxeron os medios necesarios para identificar e solventar as filtracións dende o primeiro contacto que fixo a familia?
- Puxo o Alcalde en coñecemento da Xunta as dificultades que estaban a atopar na obra con respecto a esta vivenda nada máis coñecelas?

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2024

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**

Alexandra Fernández Gómez

Luis Bará Torres

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 03/04/2024 10:09:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez na data 03/04/2024 10:10:06

Luis Bará Torres na data 03/04/2024 10:10:28



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Rosana Pérez Fernández, Ramón Fernández Alfonzo, Oscar Insua Lema e Brais Ruanova Vilas-Boas, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á valoración por parte do goberno galego da evolución da crise de prezos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde hai máis dun ano Galiza sofre con intensidade unha crise de prezos que, lonxe de se superar, está a cronificarse e que mantén un diferencial á alza respecto do Estado. É dicir, as e os galegos empobrecémonos a máis velocidade.

O pasado 27 de marzo de 2024 o Instituto Nacional de Estatística publicaba o dato adiantado de marzo, no que o indicador estatal rexistra un ascenso de catro décimas, ata o 3,2%, despois da baixada experimentada en febreiro de seis décimas. De acordo con este organismo, o ascenso deberíase principalmente ao incremento do prezo de electricidade e carburantes, que un ano antes experimentaban un descenso.

Á espera de coñecer o dato desagregado galego a mediados de abril, podemos tomar como referencia a evolución da inflación cos últimos datos do Instituto Galego de Estatística publicados o pasado 14 de marzo de 2024, que de novo marcaban diferenza co estado. Así, con base á información publicada nese momento, Galiza rexistrou un incremento de prezos do 3,2%, catro décimas máis do que no Estado español (2,8%). Polo tanto, ante o indicador adiantado do INE, é previsible que Galiza manteña a diferenza á alza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Segundo os últimos datos galegos, a alimentación aínda permanecía como un dos elementos que máis decididamente contribúen á alza, polo que este segue a ser un ámbito fundamental do que facer seguimento polo seu impacto nas economías familiares ademais de na economía en xeral. Máis aínda se temos en conta que aínda que no mes de febreiro a inflación subxacente experimenta un descenso, a nosa taxa seguía a ser superior á do Estado, cun 4,3% galego fronte ao 3,5% estatal.

Ante este escenario e, sobre todo, ante o alongamento no tempo da situación inflacionaria, é preciso que o goberno galego reflexione e actúe sobre o impacto que isto ten nas galegas e nos galegos. É preciso ter en conta que a acumulación no tempo desta situación produce un espellismo estatístico polo cal, aínda que mellorar lixeiramente os datos en termos interanuais, hai unha acumulación da suba de prezos ao longo do tempo e isto impacta, por exemplo, no poder adquisitivo. Así, a finais de marzo, o propio gobernador do Banco de España advertía que os salarios non recuperaría o poder adquisitivo até 2025.

Esta situación debe ser obxecto de atención e preocupación do goberno galego para impulsar medidas paliativas naqueles ámbitos más vulnerables e para facer seguimento das consecuencias que esta situación poida ter no debilitamento do conxunto da economía galega.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Que medidas vai impulsar o goberno galego ante o mantemento no tempo da crise de prezos e o seu diferencial co Estado español?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Como avalía o goberno galego a cronificación da crise de prezos? Impulsou ou vai impulsar algún estudo e/ou mesa de traballo plural ao respecto?

Que valoración lle merece a evolución da inflación subxacente? E a súa diferenza co Estado?

Como avalía a evolución do prezo dos combustibles, da electricidade ou dos alimentos?

Que medidas de reorientación orzamentaria valora?

Que medidas valora o goberno galego para evitar o impacto económico da inflación nas maiorías sociais?

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2024

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonzo

Oscar Insua Lema

Brais Ruanova Vilas-Boas

Rosana Pérez Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 02/04/2024 12:28:24

Ramón Fernández Alfonzo na data 02/04/2024 12:30:10

Óscar Insua Lema na data 02/04/2024 12:31:02

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 02/04/2024 12:31:36

Rosana Pérez Fernández na data 02/04/2024 12:32:17



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Rosana Pérez Fernández, Ramón Fernández Alfonzo, Oscar Insua Lema e Brais Ruanova Vilas-Boas, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á valoración do goberno galego da capacidade económica dos fogares e do impacto nestes da situación económica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado día 2 de abril de 2024 o Instituto Galego de Estatística publicaba os datos correspondentes ao Primeiro trimestre de 2024 verbo da Enquisa conxuntural a fogares, que ten por obxecto proporcionar información sobre as medidas que toman, ou pensan tomar, os fogares galegos segundo sexa a súa propia situación económica. Isto é, que decisións toman ou van tomar sobre os gastos efectuados, o aforro, solucións de tipo financeiro, etc. Esta enquisa e a súa observación ao longo do tempo permítenos albiscar cal é a situación dos fogares galegos e a efectividade que teñen as políticas económicas, fiscais e financeiras do goberno galego á hora de contribuír, ou non, á redistribución da riqueza.

Os últimos datos rexistrados polo Instituto Galego de Estatística indican que no primeiro trimestre de 2024 o 45,05% dos fogares galegos chega con facilidade ou moita facilidade a fin de mes, o 45,04% con dificultade e o 9,91% restante con moita dificultade. Atendendo a este dato observamos o mantemento dunha situación que se





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

prolonga ao longo do tempo: máis da metade dos fogares de Galiza chegan con dificultade ou moita dificultade a fin de mes.

Máis aínda, se observamos a evolución dos datos con respecto a hai un ano, podemos constatar que con respecto ao primeiro trimestre do ano 2023, a porcentaxe de fogares que chega con facilidade ou moita facilidade a fin de mes diminúe 1,06 puntos porcentuais. Canto á porcentaxe de fogares que chega con dificultade a fin de mes, este dato tamén diminúe, en 1,16 puntos entre ambos períodos. Porén, a porcentaxe de fogares que chega con moita dificultade medra en 2,22 puntos. Polo tanto, é preocupante que en termos globais aumente a poboación que peores circunstancias ten. É máis, se analizamos a evolución trimestral deste dato, non deixou de aumentar no último ano en cada un dos trimestres de 2023.

A análise destes datos e a súa comparación con outros indicadores económicos do propio Instituto Galego de Estatística, así como a información sobre a situación socioeconómica avaliada na Memoria Económica do Consello Económico e Social, por exemplo, deberían levar a unha reflexión sobre a necesidade de reforzar a redistribución da riqueza nun contexto económico no que o empobrecemento dos fogares galegos vén producíndose con intensidade nos últimos anos por mor da crise de prezos e o seu maior impacto en Galiza.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Que valoración fai o goberno galego da consolidación do dato de que máis da metade dos fogares galegos chegue a final de mes con dificultade?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E de que ao longo do tempo aumenten os fogares que o fan con moita dificultade?

Considera que as súas medidas económicas e fiscais favorecen a redistribución da riqueza?

Considera un problema económico que non paren de aumentar as persoas que chegan con dificultade a fin de mes e que non se consiga inverter a balanza desta estatística?

Valora impulsar algún estudio complementario, de tipo cualitativo, para avaliar a situación?

Valora reformar a súa política fiscal?

Valora o goberno galego impulsar medidas de apoio económico, financeiro ou social ao respecto?

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2024

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonzo

Oscar Insua Lema

Brais Ruanova Vilas-Boas

Rosana Pérez Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 03/04/2024 11:05:34

Ramón Fernández Alfonzo na data 03/04/2024 11:07:21

Óscar Insua Lema na data 03/04/2024 11:07:52

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 03/04/2024 11:08:21

Rosana Pérez Fernández na data 03/04/2024 11:08:49





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Rosana Pérez Fernández, Ramón Fernández Alfonzo, Oscar Insua Lema e Brais Ruanova Vilas-Boas, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á valoración do Goberno galego dos datos de desaceleración económica que apunta o primeiro Informe de Conxuntura Socioeconómica sobre 2024 do Foro Económico de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comezos de abril coñeciamos o primeiro Informe de Conxuntura Socioeconómica sobre 2024 do Foro Económico de Galiza. Dito informe apunta a que se ben en termos de perspectiva europea tanto o Estado como Galiza manteñen un ritmo positivo, a economía galega continúa a apuntar unha desaceleración considerable e mantén unha diferenza salientable coa evolución máis positiva de Portugal.

O Informe recolle que, da mesma maneira que a maior parte dos países da nosa contorna, continúa a ralentización en termos de crecemento do PIB, que ademais é moi superior no caso da evolución portuguesa (2,3%). Así, o PIB galego medra en 2023, malia a caída do último trimestre, un 1,8%, cumprindo as estimacións elaboradas último Orzamento aprobado polo goberno galego, mais faino sete décimas por debaixo da evolución estatal (2,5%).

Analizando a composición interna do PIB observamos unha vez máis como no caso galego a súa evolución positiva débese ao consumo externo, pois o interno





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

contráese e é o que explica o diferencial co Estado. Unha vez máis, o informe insiste no feito de que o impacto da pandemia foi menor en Galiza como un dos elementos que más resistencia deu ao noso país para enfrentar o último ciclo económico.

Por sectores económicos, o terciario presenta unha importante desaceleración e en termos xerais vólvese sinalar a menor produtividade relativa do tecido produtivo galego como un dos principais problemas económicos do noso país. Así, a produtividade relativa da industria manufactureira sitúase no 74,6% da media española en termos de posto de traballo equivalente a tempo completo e no 76,1% en termos de horas traballadas, datos inferiores aos datos pre crise financeira de 2008.

Este e outros informes, como a Memoria Económica do Consello Económico e Social, apuntan tendencias e dificultades que, con lixeiras mudanzas, vanse mantendo no tempo. Apuntan diferentes leccións sobre as fortalezas e debilidades da economía galega que a Xunta debería atender e sobre as que debería intervir no lugar de seguir desaproveitando a súa capacidade para iniciar unha nova etapa de desenvolvemento dos sectores estratégicos e de impulso das grandes pancas de transformación da economía galega para facela máis forte e menor permeable á inestabilidade do contexto.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Como valora o goberno galego a ralentización do crecemento da economía galega?

Como valora o goberno galego o diferencial macroeconómico de Galiza respecto do Estado?

E respecto de Portugal?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Considera o goberno galego que aproveitou o menor impacto da pandemia en Galiza para impulsar medidas económicas, fiscais e financeiras que fortalecesen o noso país?

Como valora o goberno galego que un dos principais problemas da economía galega siga a ser a produtividade relativa do tecido produtivo galego en relación á media estatal? Que medidas valora ao respecto?

Como valora o goberno galego a dependencia dun reducido número de países como destinos exportadores, tendo en conta a importancia deste factor na nosa economía? Que medidas impulsará para a súa diversificación?

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2024

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Ramón Fernández Alfonzo

Oscar Insua Lema

Brais Ruanova Vilas-Boas

Rosana Pérez Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 03/04/2024 11:40:16

Ramón Fernández Alfonzo na data 03/04/2024 11:42:42

Óscar Insua Lema na data 03/04/2024 11:43:05

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 03/04/2024 11:43:35

Rosana Pérez Fernández na data 03/04/2024 11:43:58





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, sobre a situación que están a vivir os colectivos de galegos e galegas na Arxentina.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación social e económica da Arxentina leva sendo moi convulsa desde hai anos, mais quedou xa claro que a chegada do Presidente Milei non fixo outra cousa que empeorar as condicións de vida dos e das arxentinas.

Isto provocou tamén que os miles de galegos e galegas que alí residen sufran un grave deterioro das súas condicións de vida, algo que xa quedou de manifesto nos medios de comunicación do noso país.

Deste xeito, galegos e galegas da Arxentina denuncian, entre outras cousas, graves situacións como que o para un xubilado ou unha xubilada a cesta básica da compra duplica os seus ingresos.

A situación dos máis maiores é dun continuo empobrecemento que chega ao punto de que teñen que fraccionar os seus medicamentos para poder pagalos, algo que denuncia o Presidente da Federación de Asociaciones Gallegas de la República Argentina.

Destaca tamén que a situación social cada vez é más caótica e que, ao igual ca inflación, as colas nos comedores sociais cada vez son más grandes.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Outros representantes da colectividade galega mostran o medo que hai entre os galegos e galegas emigradas a enfermar, xa que cada vez sae más caro ten problemas de saúde coas políticas privatizadoras que introduciu o goberno do ultradereitista Milei.

Ante esta grave situación, a emigración galega chegou a un punto no que ten que comenzar a reducir a compra de alimentos xa que lles é imposible chegar a fin de mes.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Vai a Xunta de Galiza crear novos tipos de axudas para paliar as condicións de vida dos galegos e galegas emigrados na Arxentina?
- Considera a Xunta de Galiza que as políticas do Presidente Milei están a empeorar a vida dos galegos e galegas que alí residen?

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2024

Asdo.: **Daniel Castro García**
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García na data 03/04/2024 13:49:13

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 03/04/2024 13:49:17





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Montserrat Valcárcel Armesto, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o persoal facultativo do PAC da Fonsagrada e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A veciñanza da Fonsagrada e de Negreira de Muñiz leva meses mobilizándose na defensa da sanidade pública nos seus concellos pola falta de persoal facultativo no Punto de Atención Continuada (PAC).

E é que o Servizo Galego de Saúde (SERGAS) está a deixar só 2 persoas facultativas fixas dun total de 5 para a asistencia sanitaria de 4 mil persoas entre ambos os dous municipios.

A esta situación engádeselle que os servizos de atención primaria relacionados coa radioloxía, a rehabilitación fisioterapéutica ou a revisión xinecolóxica están derivados ao Concello de Becerreá, o que supón un percorrido en coche, no mellor dos casos, dunha hora cunha distancia que poder chegar até os 85 quilómetros de tratarse de persoas que viven no norte do concello.

Cómpre lembrar que A Fonsagrada é o concello máis extenso de Galiza e que esta zona da montaña carece dun servizo de transporte que garanta a correcta mobilidade da veciñanza obligando a numerosas persoas, as máis delas de avanzada idade, a pagar un taxi para poder ser atendidas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A falta de persoal sanitario suficiente en centros de saúde e PACs como este representa unha enorme fenda entre a poboación alén de mermar un dereito fundamental como o acceso universal ao servizo sanitario público en condicións de equidade e proximidade.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Creo o Goberno galego que a situación actual neste centro garante unha asistencia sanitaria de calidade para a poboación dos Concellos da Fonsagrada e Negreira de Muñiz?

Que medidas vai adoptar a Xunta de Galiza para garantir o persoal do PAC da Fonsagrada?

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2024

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Montserrat Valcárcel Armesto

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 03/04/2024 13:53:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 03/04/2024 13:54:54

Montserrat Valcárcel Armesto na data 03/04/2024 13:55:54



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Suárez Fernández, Noa Presas Bergantiños, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Xosé Manuel Golpe Acuña, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o Parque Eólico Avoceta Wind.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O día 19 de febreiro, xusto a xornada despois das eleccións ao Parlamento galego, o DOG publicaba un anuncio da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, pola que se sometía a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construcción así como o estudo de impacto ambiental das instalacións do parque eólico Avoceta Wind de oito aeroxeradores e as súas infraestruturas de evacuación, situado nos concellos de Carballedo, San Cristovo de Cea, Vilamarín, Coles, O Pereiro de Aguiar e Ourense promovido pola empresa Avoceta Solar, S.L.U.

Un proxecto que desde o primeiro momento espertou a indignación de boa parte da veciñanza, sobre todo no concello de Carballedo, por proxectar até sete aeroxeradores a moi pouca distancia de vivendas, principalmente na parroquia da Aguada. O proxecto, tal e como se atopa exposto, configúrase como un proxecto industrial de grandes dimensións, orientado únicamente ao reforzo do sistema oligopolístico de xeración de enerxía. Tal proxecto non se basea nunha planificación orientada ao aumento da eficiencia enerxética e ao aforro no seu consumo, nin tampouco ao fomento do autoconsumo e producción en proximidade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Opostamente, supón unha perda significativa de superficie natural e unha grave deterioración dos valores ambientais e servizos ecosistémicos, de tal maneira que os posibles beneficios da implantación da enerxía eólica quedan invalidados polas afeccións globais aos sistemas naturais, segundo veñen denunciando asociacións ecoloxistas como a a Asociación para a Defensa Ecolóxica da Galiza (Adega).

Estando demostradas as afectacións que este tipo de parques eólicos teñen no territorio, a afectación á flora e fauna, e mesmo á saúde das persoas por mor dos ruídos que producen os muíños, resulta preocupante a actitude do Goberno da Xunta que non parece ter estas cuestións en conta á hora de publicar este tipo de proxectos.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Cal vai ser a política en materia eólica da Xunta de Galiza durante a presente lexislatura?
- Que opina a Xunta acerco do proxecto do Parque Eólico Avoceta Wind?
- Preocúpalle ao Goberno galego a escasa distancia dos aeroxeradores a vivendas en Carballedo?
- Que ten previsto facer a Xunta ante as posibles afectacións á saúde da veciñanza por mor dos aeroxeradores?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2024

Asdo.: **Iago Suárez Fernández**

Noa Presas Bergantiños

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Manuel Golpe Acuña

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 04/04/2024 09:24:48

Noa Presas Bergantiños na data 04/04/2024 09:25:23

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 04/04/2024 09:25:56

José Mauel Golpe Acuña na data 04/04/2024 09:26:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández e Montserrat Valcárcel Armesto, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Asociación de Pais e Nais de Persoas con Discapacidade (ASPNAIS) en Lugo traslada a súa sede no ano 2020, deixando a antiga sede, un edificio de titularidade da Xunta de Galiza, baleiro, sen actividade algunha e avanzando no seu deterioro.

O abandono deste inmoble resulta aínda máis gravoso para a cidade de Lugo e a súa veciñanza tendo en conta que o Goberno galego se comprometeu en novembro de 2020 a cedelo a AFALU (Asociación de Familiares de Alzheimer) e ALUME (Asociación Lucense pola Saúde Mental), algo que non aconteceu.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Por que a Xunta de Galiza mantén abandonado o antigo edificio de ASPNAIS en Lugo?

Por que o Goberno galego non lle cedeu o edificio, como prometeu en 2020, a AFALU e ALUME?

Cando vai cumplir coas súas promesas o Goberno da Xunta de Galiza?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
Montserrat Valcárcel Armesto
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 04/04/2024 09:46:03

Montserrat Valcárcel Armesto na data 04/04/2024 09:47:04



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Oscar Insua Lema, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a ampliación da planta xudicial galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O último informe estatístico do Consello Xeral do Poder Xudicial sobre a entrada, resolución e número de asuntos en tramitación nos diferentes órganos xurisdicionais de Galiza reflicte un importante incremento na degradación do funcionamento da administración de xustiza en Galiza.

Os órganos xudiciais galegos pecharon o ano 2023 con máis de 196.200 asuntos en tramitación, isto é, un 17,40% máis que no exercicio precedente. O número de asuntos pendentes é o máis elevado da historia recente, case un 30% superior ao do ano 2018 cando a administración de xustiza viviu unha folga das funcionarias que durante máis de 4 meses tivo paralizados os xulgados e tribunais de Galiza; ou tamén moi superior a número de asuntos en tramitación no ano 2020, no que a actividade xudicial ficou paralizada por mor da pandemia de COVID 19.

O incremento do número de asuntos pendentes atinxe á totalidade dos ordes xurisdicionais, tanto ao civil, como o penal, social ou contencioso-administrativo, se ben resulta máis preocupante no orde civil, aínda que posiblemente sexa o do penal o máis susceptíbel de producir unha maior alarma e preocupación social.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O número de asuntos civís en tramitación, por primeira vez, supera ampliamente os 100.000, case duplicando os asuntos que había pendentes no ano 2009, cando eran de algo máis de 64.000.

Como é ben coñecido e por moita que sexa a cualidade técnica e profesional das funcionarias e traballadoras xudiciais, unha Xustiza lenta non é xusta, e actualmente son moitos os partidos xudiciais que precisarían de todo un ano de traballo sen entrada de novos asuntos para poñerse ao día nos procedementos civís. Sendo os casos más reveladores, aínda de infelizmente non os únicos, os dos partidos xudiciais de Viveiro, Ribeira, Sarria ou Carballo, por citar só algúns casos de partidos xudiciais ubicados fora das sete cidades más poboadas da Galiza.

Aínda que o incremento da planta xudicial para axustala as necesidades da poboación galega non é a única medida necesaria para solucionar o problema da pendencia nos órganos xudiciais galegos, a escasa creación de unidades nos últimos 15 anos é unha das causas que provoca o atasco que actualmente padece a administración de xustiza en Galiza.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Cal é a causa do extraordinario incremento do número de asuntos pendentes nos órganos xurisdicionais galegos?

Ten previsto a Xunta de Galiza trasladar ao Goberno do Estado a necesidade de creación de novas unidades xudiciais?

No seu caso, cantas e que concretas unidades?

Estas medidas foron consensuadas ou debatidas cos operadores xudiciais e coa representación da traballadoras da Administración de Xustiza en Galiza?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que medidas de apoio e reforzo de persoal ten implementado a Xunta de Galiza nos últimos 10 anos e cada concreto órgano xudicial de Galiza?

Considera a Xunta abondas as competencias e facultades que ten atribuídas Galiza en materia de planta e demarcación xudicial?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2024

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Oscar Insua Lema

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 04/04/2024 09:58:16

Óscar Insua Lema na data 04/04/2024 10:00:13





Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Patricia Iglesias Rey e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

A comarca de Pontevedra constitúe un lugar estratégico nas oportunidades de desenvolvimento industrial do territorio galego, entre outros motivos pola situación loxística na que se atopa o seu solo industrial, pola conectividade ferroviaria directa, a proximidade ao porto de Marín e a facilidade de acceso á autoestrada AP-9.

A Xunta do PP non foi quen de ver isto e no desenvolvimento do Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais no ano 2014 deixou sen desenvolver todas estas posibilidades e agora na segunda modificación do Plan que se está a tramitar tampouco prevé ningunha ampliación na comarca de Pontevedra, a maiores algunas zonas que si estaban previstas tampouco foron desenvolvidas nestes 10 anos.

Nun momento de oportunidade como o que estamos a vivir coa recepción de fondos europeos que nos permitirán desenvolver unha industria verde destinada á xeración de recursos que faciliten unha autosuficiencia enerxética e melloren a nosa capacidade produtiva, o Goberno da Xunta, como administración competente, ten que ser capaz de reter no noso territorio o maior investimento posible.

Na comarca de Pontevedra existen 4 polígonos industriais, a Reigosa (Pontecaldelas), Fragamoreira (Poio), O Campiño (Pontevedra), Barro-Meis, que necesitan crecer da man para poder chegar a albergar todos esos ambiciosos proxectos e xerar emprego de calidade no territorio.





A maiores desde o Grupo Socialista levamos anos insistindo na necesidade de crear un porto seco, que poida ampliar a industria vinculada ao porto de Marín e que neste momento, non ten posibilidades de crecemento, sinalando o lugar de Leborei na parroquia de Cerponzóns (Pontevedra) como axeitado por contar con 435.137 metros cadrados e presentar unha situación máis que axeitada para satisfacer as necesidades do porto de Marín.

Por todo iso, dende o Grupo Socialista solicitamos ao goberno da Xunta de Galicia, como administración competente en materia de ordenación do territorio, industria e fomento e planificación da actividade económica de Galicia, que desenvolva a ampliación destes parques co fin de cubrir as necesidades empresariais existentes na comarca de Pontevedra.

Por todo o antedito, as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª. Entende este goberno que a comarca de Pontevedra ten cubertas as súas necesidades empresariais?

2ª. Considera este goberno que a comarca de Pontevedra constitúe un lugar estratégico nas oportunidades de desenvolvemento industrial do territorio galego?

3. En 2015 e diante do flagrante e manifesto incumprimento da lexislación en vigor en 2015 o Goberno do Partido Popular na Xunta de Galiza procede a modificar a lei a través da Lei de acompañamento aos orzamentos de 2015 para garantir a permanencia do actual director sen data límite.

Ao longo dos últimos anos a situación dos medios públicos de Galiza veu empeorando, degradada até o infinito polo uso partidista que o PP desde a Xunta de Galiza fixo e fai dos mesmos. De feito, as traballadoras e traballadores da CRTVG levan máis de cinco anos mobilizados reclamando a garantía, o respecto e o cumprimento dos seus dereitos (Estatuto Profesional e Consello de Informativos) así como o fin da manipulación informativa.

E é que a actual Dirección Xeral non é o único incumprimento da lexislación vixente en materia de medios públicos en Galiza.

Por estes motivos, desde o compromiso más absoluto co derecho á información así como aos principios de pluralidade, neutralidade e veracidade que deben presidir calquera medio público, formúlase a seguinte pregunta para resposta escrita:

Cando vai cumplir o Goberno do Partido Popular a lei de medios públicos de Galiza??

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2024

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Suárez Fernández

Daniel Castro García

Mercedes Queixas Zas

Alexandra Fernández Gómez

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 04/04/2024 12:51:51

Iago Suárez Fernández na data 04/04/2024 12:53:24

Daniel Castro García na data 04/04/2024 12:53:43

Mercedes Queixas Zas na data 04/04/2024 12:54:07

Alexandra Fernández Gómez na data 04/04/2024 12:54:23





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Ariadna Fernández González, Montserrat Prado Cores, Montserrat Valcárcel Armesto e Iago Suárez Fernández, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre os datos de pobreza e exclusión social ou o risco de a padecer en Galiza e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo os últimos datos publicados na Enquisa de condicións de vida, en 2023, o 25,5% das galegas e galegos estaban en risco de pobreza e exclusión social (Taxa AROPE). Isto supón un incremento de case dous puntos porcentuais máis que no 2022.

É dicir, o pasado ano no noso País, un cuarto da poboación atopábase en risco de pobreza e exclusión, en termos absolutos: 688.500 persoas.

Neste senso, malia que Galiza se situou un punto porcentual por baixo da media do estado (26,5%) neste indicador, é a novena comunidade autónoma cun índice de pobreza e exclusión maior.

Así mesmo, os datos sinalan que a poboación en risco de pobreza, é dicir, a porcentaxe de poboación que non chega ao 60% da mediana de ingresos da poboación xeral, foi do 19,4% da poboación galega (+1,4 puntos a respecto de 2022).

Aliás, o 8,2% rexistra unha carencia material e social severa, case dous puntos máis que hai un ano. Trátase de persoas que viven en fogares que non poden enfrentar





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

catro ou máis conceptos de consumo dun total de nove considerados básicos en territorio europeo.

Entre eses ítems está non poder manter a vivenda a unha temperatura acaída. Neste caso, o 21,5% da poboación galega (dous puntos máis que en 2022) situándose como a maior proporción de galegas e galegos nos últimos 15 anos.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Que valoración fai a Xunta de Galiza dos datos de risco de pobreza e exclusión social en Galiza?
- Que medidas vai adoptar para garantir unhas condicións de vida dignas ao concxunto da poboación e, polo tanto, combater o risco de pobreza e exclusión social?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2024

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Ariadna Fernández González

Montserrat Valcárcel Armesto

Montserrat Prado Cores

Iago Suárez Fernández

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 04/04/2024 13:07:48

Ariadna Fernández González na data 04/04/2024 13:09:43

Montserrat Valcárcel Armesto na data 04/04/2024 13:10:25

María Montserrat Prado Cores na data 04/04/2024 13:10:51

Iago Suárez Fernández na data 04/04/2024 13:11:32



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego, Luis Bará Torres, Mercedes Queixas Zas e Paulo Ríos Santomé, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a mobilidade na comarca da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comarca da Coruña ten a mobilidade entre os seus principais problemas. A diario, entran e saen da cidade máis de 100.000 persoas, de acordo con datos do INE, o que fai preciso prestar especial atención a este asunto, tanto desde o punto de vista das infraestruturas como dos servizos de transporte público que se prestan.

En canto ás infraestruturas, o plan viario da comarca da Coruña (concellos da Coruña, Arteixo, Bergondo, Culleredo, Cambre, Oleiros e Sada) máis recente data do ano 2004. En 2002, varios dos concellos afectados uníronse para demandar unha actualización urxente deste documento. Este plan debe incluír a finalización da Vía Ártabra co seu trazado orixinal (que incluía a ligazón coa A-6, ademais da AP-9 e da N-VI), ademais doutras estradas que deben servir para vertebrar a mobilidade comarcal, con prazos de execución concretos.

Por outra banda, é preciso mellorar e actualizar o servizo do transporte público, que en absoluto se adecúa á realidade poboacional, laboral e social da comarca: as liñas de transporte en autobús, as súas frecuencias e itinerarios non concordan coa realidade da cidadanía.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ademais, a Xunta de Galiza debe asumir a súa responsabilidade no transporte ferroviario e as súas competencias no ámbito da media distancia que, xunto cos trens de proximidade, deben contribuír a desconxestionar as estradas da comarca. Para isto, é imprescindible que a Xunta de Galiza asuma a súa competencia na media distancia. A combinación do transporte por ferrocarril e por autobús debe estar á disposición das necesidades da cidadanía.

A Xunta de Galiza debe estudar a viabilidade da recuperación do transporte marítimo na ría da Coruña, co obxectivo de favorecer a mobilidade dos veciños e veciñas da comarca, de desincentivar o uso do vehículo privado e de adecuar os servizos á realidade social, laboral e ambiental da comarca.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Cando vai elaborar o goberno galego un plan actualizado para a rede viaria da Comarca da Coruña?
- Que medidas ten previsto impulsar o goberno galego para mellorar os servizos de transporte público na comarca da Coruña?
- A Xunta de Galiza vai asumir a súa competencia no ámbito da media distancia ferroviaria, para responsabilizarse da ligazón entre A Coruña e Betanzos?
- Cales son as actuacións previstas para mellorar as liñas e frecuencias de transporte por autobús na comarca da Coruña?
- O goberno galego ten previsto estudar a viabilidade do transporte marítimo na ría da Coruña?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2024

Asdo.: Iria Taibo Corsanego

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 04/04/2024 13:14:31

Mercedes Queixas Zas na data 04/04/2024 13:14:35

Paulo Ríos Santomé na data 04/04/2024 13:14:44

Luis Bará Torres na data 04/04/2024 13:14:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Ariadna Fernández González, Montserrat Prado Cores, Montserrat Valcárcel Armesto e Iago Suárez Fernández, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a elaboración do Plan estratéxico de servizos sociais de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galiza obriga a Xunta a través da consellaría competente en materia de servizos sociais a elaborar cada seis anos un Plan estratéxico de servizos sociais (artigo 45) que se formulará en función das necesidades sociais presentes e emerxentes da cidadanía galega, garantindo, en todo caso, a participación das entidades locais.

O articulado da lei sinala que, “o Plan estratéxico de servizos sociais deberá ser aprobado polo Consello da Xunta de Galiza” coa finalidade de “desenvolver e concretar os obxectivos do sistema galego de servizos sociais definidos nesta lei, así como a de priorizar o establecemento de medidas, servizos e recursos que permitan acadalos””

Así mesmo, “identificará o tipo de centros e servizos en relación coa estrutura do sistema e distribución competencial”, “conterá criterios de calidade e os mecanismos de seguimento e control e irá acompañado dunha memoria económica”.

Porén, o Goberno galego non dispón desta ferramenta de planificación que é, ademais dunha esixencia legal, un necesario instrumento para enfrentar importantes retos presentes e futuros da sociedade galega en materia de política social quer na





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

prevención da dependencia e promoción da autonomía persoal; quer na conciliación ou na promoción da corresponsabilidade social.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Por que non elaborou a Xunta de Galiza o Plan estratéxico de servizos sociais previsto na Lei 13/2008?
- Cando vai elaborar esta necesaria ferramenta de planificación o Goberno galego?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2024

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
Ariadna Fernández González
Montserrat Valcárcel Armesto
Montserrat Prado Cores
Iago Suárez Fernández

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 04/04/2024 13:21:38

Ariadna Fernández González na data 04/04/2024 13:23:30





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Montserrat Valcárcel Armesto na data 04/04/2024 13:24:22

María Montserrat Prado Cores na data 04/04/2024 13:24:55

Iago Suárez Fernández na data 04/04/2024 13:25:42



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a urgencia de impulsar un Plan de vivenda accesible de Galiza que aborde a actual crise de acceso á vivenda.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante os últimos anos, logo da explosión da burbulla inmobiliaria de 2008, vense producendo un reaxuste do sector inmobiliario e financeiro que configura un novo ciclo organizado para aumentar a extracción de plusvalías nos inmobles en réxime de aluguer. Esta mudança está supondo un notable incremento dos prezos da vivenda, especialmente naquelas en réxime de aluguer.

As causas desta reordenación teñen que ver, en parte, cun aumento da incapacidade de endebedamento en sectores que anteriormente accedían á vivenda en réxime de compra que condicionou que unha parte do sector inmobiliario baseado na compra se redirixise cara ao mercado de aluguer, tanto residencial como vacacional. A esta situación hai que sumarlle a falta de políticas públicas de vivenda durante estes 15 anos nos que, por exemplo, a vivenda protexida caeu a mínimos históricos. Estes factores configuraron o entorno propicio para a actual burbulla de prezos na vivenda en aluguer.

Entre os anos 2014 e 2024 o incremento do prezo do aluguer, segundo datos do propio Observatorio da vivenda de Galiza, foi dun 44%. Isto supón, de media, que as familias galegas pagan case 2.000€ máis ao ano por unha renda de aluguer do que hai





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

unha década. Pero estas cifras resultan áinda máis avultadas no caso das cidades: na Coruña houbo un incremento do 62,8%, do 53% en Pontevedra, 49,6% en Vigo, 47,4% en Santiago, 52,3% en Lugo e do 55% en Ferrol.

Tamén o incremento nalgúns concellos de menor poboación resultan alarmantes, especialmente naqueles que están sufrindo un incremento exponencial da vivenda de uso turístico ante a súa falla de regulación. O cal é tamén un indicativo de que este é outro factor que está afectando na alza de prezos. A alta rendibilidade que permiten acadar este modelo de aluguer turístico en relación coa que ofrecen arrendamentos de vivenda habitual está condicionando o desprazamento de parte da oferta de uso residencial cara a súa explotación turística, sen que se albiske no futuro próximo que esta tendencia vaia a frearse.

A pesar de que o mercado do aluguer está cada vez más tensionado e a pesar de que empeora a accesibilidade da vivenda, en paralelo estamos asistindo a un incremento do número de vivendas baleiras, que se sitúa xa no entorno das 500.000 no noso país. É dicir, case un 30% do parque construído galego está baleiro. Un fenómeno que non é exclusivo de ámbitos en declive demográfico, senón que tamén se dá en contornas con maior dinamismo urbano. De feito, as sete grandes cidades suman 90.000 vivendas baleiras. Estas cifras revelan a falla de políticas públicas por parte da Xunta de Galiza para actuar na ordenación do parque construído e a súa conservación e mobilización para a colocación no mercado. Ademais son tamén un indicativo de que a idea dunha autorregulación dos mercados mediante a oferta e a demanda é unha visión reducionista e simplista do actual problema.

Pola contra, cabe concluír que neste momento estamos asistindo a unha convención de factores que condicionan o actual incremento de prezos: un novo ciclo organizado para aumentar a extracción de plusvalías nos inmobles en réxime de aluguer, a falla de políticas públicas de vivenda -especialmente en materia de vivenda protexida





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

e de vivenda baleira- e a aparición do fenómeno da vivenda turística, son algúns dos aspectos máis relevantes.

As consecuencias sociais deste incremento de prezos están a ser dramáticas, xa que o actual ciclo afecta especialmente a sectores en situación de pobreza, que son os que viñan recorrendo ao réxime de alugueiro nunha maior porcentaxe ao non poderen acceder ao réxime de tenencia en propiedade. Segundo o informe FOESSA 2019, o 38% dos fogares en exclusión social acceden á vivenda en réxime de aluguer, fronte ao 17% da poboación restante. Ese mesmo informe tamén sinala que o 2,5% dos galegos e galegas víronse obrigados a retrasar con certa frecuencia os pagos da vivenda.

Segundo estudos do Observatorio da vivenda de Galiza, en 2018 máis dunha cuarta parte dos fogares galegos dedicaban máis dun 30% de ingresos ao aluguer, e o 56,7% das persoas en situación de pobreza severa dedican máis dun 40% da súa renda para o mantemento dos gastos relacionados coa vivenda (datos do INE). Podemos concluír, por tanto, que esta burbuilla de prezos centrada no aluguer agranda a brecha da desigualdade social e deixa as persoas más empobrecidas nunha situación dramática.

Ante esta situación crítica e urxente, a Xunta de Galiza ten o reto fundamental de dar unha resposta socialmente xusta. Isto pasa por actuar de forma inmediata na procura dun descenso dos prezos da vivenda, mediante a posta en marcha dun Plan de vivenda accesible. Este debe analizar e abordar como afecta este incremento de prezos de forma concreta e territorializada na realidade e a dinámica urbana galega (a rede de cidades medias, a urbanización difusa, a turistificación litoral, etc.) e propor un conxunto de medidas complementarias entre si que permitan unha rebaixa dos prezos, mais tamén a planificación e ordenación doutros aspectos como os usos ou o estado do parque inmobiliario.

Para alén dunha perspectiva territorializada do problema compre unha visión poliédrica para resolvelo que debe incluír cando menos unha abordaxe dende a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Administración Pública dos seguintes vectores: medidas urxentes que garantan o dereito á vivenda digna, a actuación sobre a vivenda baleira, a planificación e regulación dos usos do parque construído, o impulso da vivenda pública e a iniciativa da propia Xunta para a declaración de mercados tensionados.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Considera a Xunta de Galiza que o incremento de prezos actuais é axeitado?
- Considera a Xunta de Galiza como unha das súas prioridades a baixada dos prezos da vivenda, especialmente en aluguer?
- Considera que os actuais prezos afectan ao acceso á vivenda?
- Ten a Xunta de Galiza realizado algunha avaliación sobre o impacto social que están a ter os actuais prezos da vivenda?
- Que medidas contempla a Xunta de Galiza para baixar os prezos da vivenda?
- A Xunta de Galiza márcase algún obxectivo de redución dos prezos da vivenda?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2024

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**
Luis Bará Torres
Deputada e deputado do G.P. do BNG





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 04/04/2024 13:38:48

Luis Bará Torres na data 04/04/2024 13:43:54



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Secundino Fernández Fernández, Ariadna Fernández González, Montserrat Valcárcel Armesto e Sonia Vidal Lamas, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a situación dos expedientes de solicitude de axuda dos ecorréximes na PAC 2023.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2023 entrou en funcionamento a PAC para o novo período coñecida como PEPAC 23-27. Neste novo período houbo cambios que afectan dunha forma moi importante ao sector agrario galego; estes cambios inflúen dunha maneira determinante nas axudas que reciben as explotacións agrícolas e gandeiras afectadas pola PAC. Así as nosas explotación para minimizar as perdidas de axudas da PAC neste novo período debían acollerse a novas modalidades de axudas. Estas novedades das axudas tramitadas na solicitude única da PAC 2023 da consellería do medio rural trouxo consigo nova burocracia e unha grande incerteza entre os titulares das explotacións agrarias de Galiza.

Entre estes cambios están a aparición dos chamados ecorréximes. Concretamente:

Réximes en favor do clima, o ambiente e o benestar animal (ecorréximes) de acordo coas seguintes prácticas:

- Pastoreo extensivo.
- Illas de biodiversidade en superficies de pastos ou sega sustentable.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Rotación de cultivos con especies mellorantes.
- Sementeira directa.
- Cuberta vexetal espontánea ou sementada.
- Cuberta inerte.
- Establecemento de illas de biodiversidade

As explotacións galegas que se acolleron a estas axudas tiveron que facer un grande esforzo burocrático para escoller unha ou varias destas prácticas para poder solicitar axudas e así non perder, ou perder o mínimo posible a nivel económico con respecto ao período anterior da PAC.

Este esforzo burocrático e a incerteza que trouxo consigo non tivo resposta pola Xunta de Galiza, nin polo FOGGA organismo que tramita. Como pode ser que no mes de abril do 2024 o sector non saiba nada da aprobación e pago destas axudas. Todo isto pode afectar á viabilidade das explotacións do noso País

Por todo o exposto anteriormente formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Cantos expedientes de ecorréximes hai en Galiza?
- Cantos expedientes hai para cada unha das practicas destes ecorréximes?
- Cal é a situación dos expedientes de solicitude?
- Canto vai supor a axuda por ha en cada práctica?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Vai facer algo a Xunta para que na reforma da PEPAC non se rebaixe a axuda por ha nos ecorréximes?
- Vai compensar a Xunta de Galiza a baixada que pretende o ministerio con respecto ao pago inicial?
- Por que non se pagaron estes expedientes?
- Vai a Xunta de Galiza a través do FOGGA aprobar e pagar estes expedientes antes de que se acabe o período de solicitude da PAC do ano 2024?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2024

Asdo.: **Secundino Fernández Fernández**

Sonia Vidal Lamas

Montserrat Valcárcel Armesto

Ariadna Fernández González

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Montserrat Valcárcel Armesto na data 04/04/2024 17:42:39

Ariadna Fernández González na data 04/04/2024 17:42:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Sonia Vidal Lamas na data 04/04/2024 17:42:55

Secundino Fernández Fernández na data 04/04/2024 17:43:05



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego, Luis Bará Torres e Mercedes Queixas Zas, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a Vía Ártabra.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A ligazón entre a Vía Ártabra e a N-VI sufriu un derrubamento o pasado 4 de marzo. Esta parte da obra abrira menos dun ano antes, e este defecto súmase a outros erros e problemas da súa construcción e tramitación administrativa: a anulación da conexión coa A-6, que estaba inicialmente prevista, o problema administrativo derivado dunha disputa sobre a competencia para a aprobación dun proxecto do trazado, que tamén ocasionou unha importante demora, a anulación xudicial dalgúns proxectos denunciados polo concello de Cambre ou a interrupción das obras debido a unha planificación máis ca deficiente no que se refire á afección destes traballos sobre as liñas de gas e de media tensión.

Consideramos que o trazado previsto na actualidade para a Vía Ártabra non é o máis axeitado para a realidade das necesidades da comarca. Independentemente das demoras ocasionadas por todos estes defectos de tramitación, o trazado debería contemplar a ligazón da Vía Ártabra coa A-6, ademais de coa N-VI e coa AP-9, para que poida converterse nunha verdadeira circunvalación que atenda as necesidades de toda a comarca da Coruña, ademais de garantir a gratuidade para a cidadanía desta vía.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto anteriormente formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- As empresas responsábeis das obras vanse fazer cargo da reparación do derrubamento que se produciu o pasado 4 de marzo na zona próxima ao almacén da empresa Jardiland, en Oleiros?
- Este defecto da obra vai supor algunha penalización para as empresas concesionarias, tanto polas molestias ocasionadas á ciudadanía como pola proximidade da data da entrega desta fase da obra?
- A demora da obra (tanto a actual como as anteriores) vai supor algúun custe adicional a respecto do orzamento inicial?
- Estará esta vía libre de peaxes para a ciudadanía?
- Vanse depurar responsabilidades no ámbito da administración galega en relación cos numerosos problemas que acumula a tramitación e a construcción da Vía Ártabra?
- Vaise retomar o trazado previsto inicialmente, enlazando coa A-6, ademais da N-VI e a AP-9?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2024

Asdo.: **Iria Taibo Corsanego**

Mercedes Queixas Zas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 04/04/2024 18:14:59

Luis Bará Torres na data 04/04/2024 18:15:03

Mercedes Queixas Zas na data 04/04/2024 18:15:10





Juan Carlos Aladro Fernández (1 para 1)
Conselleiro maior
Data de Sinatura: 29/12/2023
HASh: 369a370a5632b6ca5af8edc86cf1d6



Remítolle o Plan Anual de Traballo do Consello de Contas de Galicia para o ano 2024, aprobado de acordo co previsto no artigo 7.3 m) da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, polo Pleno da Institución na súa sesión do 28 de decembro de 2023.

Santiago de Compostela ao día da sinatura electrónica

Juan Carlos Aladro Fernández

Conselleiro maior

Sr. Presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

JUAN CARLOS ALADRO FERNÁNDEZ - 09721812B (FIRMA) na data 29/12/2023 9:30:51





Consello de Contas
de Galicia

PLAN ANUAL DE TRABALLO EXERCICIO 2024

APROBADO POLO PLENO DO CONSELLO DE CONTAS O 28 DE DECEMBRO DE 2023

CSV: BOPGDSPG-22ujNcgpo-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>
Cod. Validación: KT2G3MXMLZ6H4A5QM6XGKR5f4
Conexión: <https://consellodecontasgalicia.sedelelectronica.gal/>
Documento assinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 41





ÍNDICE

I. INTRODUCCIÓN	3
II. PROGRAMA DE FISCALIZACIÓNS	4
II.1. OBXECTIVOS XERAIS DAS ACTUACIÓNNS PROGRAMADAS	4
II.2. ACTUACIÓNNS PROGRAMADAS	4
III. PROGRAMA DE ACTIVIDADES DE PREVENCIÓN DA CORRUPCIÓN	37
III.1. ACTUACIÓNNS XERAIS	37
III.2. ACTUACIÓNNS PROGRAMADAS	38





I. INTRODUCIÓN

Segundo dispón o artigo 1 da Lei 6/1985, o Consello de Contas é o órgano técnico dependente do Parlamento de Galicia ao que corresponde a fiscalización externa da xestión económica, financeira e contable dos fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, así como o asesoramento ao Parlamento de Galicia en materia económica e a competencia de prevención da corrupción no ámbito do sector público da Comunidade Autónoma.

A función fiscalizadora ten por obxecto comprobar o efectivo sometemento da actividade económica, financeira e contable do sector público de Galicia aos principios constitucionais de legalidade, eficacia, eficiencia e economía en relación con todos aqueles actos que dean lugar ao recoñecemento de dereitos e obrigas de contido económico, así como os ingresos e gastos que deles se deriven e, en xeral, cos relativos á recadación, investimentos ou aplicación de fondos públicos e a súa adecuación á consecución dos obxectivos previstos.

Así mesmo a Institución ten atribuídas as seguintes competencias en materia de prevención da corrupción: a) Colaborar coas administracións suxeitas ao seu ámbito de actuación e facerllas propostas na elaboración de manuais de xestión de riscos; b) Comprobar os sistemas de prevención da corrupción que se poñan en marcha; c) Asesorar sobre os instrumentos normativos más adecuados para previr e reprimir a corrupción; d) Fomentar na sociedade civil e, particularmente, no ámbito empresarial a transparencia e o comportamento ético nas súas relacións co sector público.

Segundo os artigos 7.3 m) e 10.2 bis da Lei 6/1985, do Consello de Contas corresponde ao Pleno da Institución aprobar o plan anual de traballo cuxa elaboración, de acordo co establecido no artigo 25 do Regulamento de réxime interior, enmarcarse nun plan estratéxico a medio prazo. Pola súa banda, o artigo 26 establece que durante o último trimestre do ano o Consello de Contas elaborará o plan anual de traballo, que integrará o programa de actividades da Sección de Prevención da Corrupción e conterá as actuacións a desenvolver no exercicio seguinte, indicando as razóns que motivan a súa realización e o seu ámbito subxectivo, obxectivo e temporal.

O presente plan inclúe actuacións de fiscalización e de prevención da corrupción para o exercicio 2024, enmarcadas nos obxectivos do novo plan estratéxico do Consello de Contas aprobado o 3 de outubro de 2023 para o período 2023-2028.



II. PROGRAMA DE FISCALIZACIÓN

II.1. OBXECTIVOS XERAIS DAS ACTUACIÓNS PROGRAMADAS

O Plan estratéxico do Consello de Contas para o período 2023-2028 recolle entre os seus obxectivos do eixe 1: *promover informes de fiscalización que acheguen información clara, útil e oportuna aos seus destinatarios e converter o Consello de Contas nunha institución de referencia no ámbito da fiscalización, integridade das institucións e datos abertos.*

As actuacíons recollidas nesta proposta encaixan na planificación a medio prazo da actividade fiscalizadora do Consello de Contas e dan cobertura a estes novos obxectivos incorporados ao plan, potenciando, ademais, a realización de auditorías operativas.

Así mesmo, o Consello continúa a reforzar o ámbito do seguimento das recomendacións da Institución sobre a xestión económico-financeira pública, seguindo os criterios fixados pola Comisión Mixta Consello de Contas-Intervención xeral, así como as resolucións sobre os ditos informes realizadas polo Parlamento de Galicia.

II.2. ACTUACIÓNS PROGRAMADAS

O Plan anual distingue entre as fiscalizacíons que se realizan en cumprimento dun mandato legal, as solicitadas polo Parlamento, as previstas en colaboración co Tribunal de Cuentas, e as programadas por iniciativa do Consello de Contas. Coa finalidade de visualizar e dispoñer dunha mellor información sobre o desenvolvemento das actuacíons durante o exercicio 2024, e tendo en conta que o proceso de execución das fiscalizacíons previstas no plan de traballo se realiza ao longo de varios exercicios, preséntase a programación correspondente ao ano natural, na que se incorporan os informes en execución correspondentes a un plan anterior, clasificados polos diferentes departamentos de fiscalización.



Cadro 1: Actuacións programadas en fiscalización

Código actuación	Iniciativa	Tipo actuación	Título	Ano de previsión aprobación
Área de Coordinación				
1502023-01	Mandato legal	Financeira-cumprimento	Fiscalización dos Fondos de Compensación Interterritorial. Exercicio 2022	2024
1502023-02	Iniciativa Consello	Financeira-cumprimento	Fiscalización dos Fondos procedentes da Unión Europea. Exercicio 2022	2024
1502024-01	Mandato legal	Financeira-cumprimento	Fiscalización dos Fondos de Compensación Interterritorial. Exercicio 2023	2025
1502024-02	Iniciativa Consello	Financeira-cumprimento	Fiscalización dos Fondos procedentes da Unión Europea. Exercicio 2023	2025
1502024-03	Mandato legal	Financeira-cumprimento	Fiscalización das contabilidades electorais. Eleccións ao Parlamento de Galicia 2024	2025
1502024-04	Colaboración co Tribunal de Cuentas	Cumprimento-operativa	Fiscalización das actuacións da Comunidade Autónoma de Galicia para cumplir os obxectivos do "Programa para a dixitalización do sistema educativo no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR)"	2025
1502024-05	Iniciativa Consello	Financeira-cumprimento	Fiscalización da eficacia na execución do financiamento europeo no Proxecto de conservación, protección e fomento do Camiño de Santiago (Marco Operativo 2014-2020). Consellería de Cultura e Turismo	2024
1502024-06	Iniciativa Consello	Financeira	Fiscalización das contas xerais do Parlamento de Galicia	2025
Área de Conta Xeral				
1602023-01	Mandato legal	Financeira-cumprimento	Fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma e declaración definitiva correspondente ao exercicio 2022	2024
1602023-03	Iniciativa Consello	Operativa	Fiscalización operativa do programa de gasto 423B – Prevención do abandono escolar. Exercicios 2015-2021	2024
1602024-01	Mandato legal	Financeira-cumprimento	Fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma e declaración definitiva correspondente ao exercicio 2023	2025
1602024-02	Iniciativa Consello	Operativa	Informe de fiscalización operativa dos incentivos á creación de emprego	2024
1602024-03	Recomendación Parlamento	Operativa	Informe de fiscalización das actuacións para a prevención integral da violencia de xénero na Comunidade Autónoma, 2018-2022	2024
1602024-04	Iniciativa Consello	Cumprimento	Fiscalización do sistema de rendición da información de convenios do sector público autonómico 2022-2023	2024
1602024-05	Iniciativa Consello	Financeira-cumprimento-operativa	Informe de fiscalización sobre a planificación estratégica da Xunta de Galicia (PEG 2015-2020) e a súa relación cos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma	2025
Área de Institucional				
1632018-04	Recomendación Parlamento	Cumprimento-operativa	Fiscalización das medidas implementadas polas entidades instrumentais da Comunidade Autónoma para favorecer o acceso das pequenas e medianas empresas (PEMES) á contratación pública	2024
1632019-02	Iniciativa Consello	Financeira-cumprimento	Informe de fiscalización sobre as contas anuais das sociedades mercantís autonómicas	2024
1902022-03	Iniciativa Consello	Operativa	Auditoría operativa sobre o modelo de axencias públicas autonómicas	2024
1902022-05	Iniciativa Consello	Operativa	Informe de fiscalización sobre a xestión do saneamento de augas residuais en Galicia	2024
1902023-01	Recomendación Parlamento	Financeira-cumprimento	Informe financeiro das entidades instrumentais autonómicas, exercicio 2022	2024
1902023-02	Iniciativa Consello	Operativa	Auditoría operativa da Sociedade Anónima Xestión do Plan Xacobeo	2024
1902023-03	Recomendación Parlamento	Cumprimento	Fiscalización sobre a existencia e cumprimento de cláusulas sociais na contratación pública das entidades instrumentais da Comunidade Autónoma Galega	2024
1902024-01	Recomendación Parlamento	Financeira-cumprimento	Informe financeiro das entidades instrumentais autonómicas, exercicio 2023	2025

Cod. Validación: KT2G3MXMLZ6H4A5QM6XGKR5f4
 Conexión: <https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/>
 Documento assinado electronicamente desde a plataforma xestiona.esPúblico | Página 7 a 41



Código actuación	Iniciativa	Tipo actuación	Título	Ano de previsión aprobación
1902024-02	Iniciativa Consello	Financeira-cumprimento-operativa	Seguimento das recomendacións incluídas no informe de fiscalización da Universidade de Santiago de Compostela	2025
1902024-03	Iniciativa Consello	Financeira-cumprimento-operativa	Seguimento das recomendacións incluídas no informe de fiscalización da Universidade de A Coruña	2025
1902024-04	Iniciativa Consello	Financeira-cumprimento-operativa	Seguimento das recomendacións incluídas no informe de fiscalización da Universidade de Vigo	2025
1902024-05	Iniciativa Consello	Cumprimento-operativa	Fiscalización da prestación do servizo de producción e transmisión de sinal de directos para a corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A.	2024
1902024-06	Colaboración co Tribunal de Cuentas	Cumprimento-operativa	Informe sobre a promoción e xestión da vivenda protexida na Comunidade Autónoma de Galicia nos exercicios 2022 e 2023	2025
Área do Sergas				
1802022-03	Iniciativa Consello	Financeira-cumprimento-operativa	Fiscalización do contrato de concesión do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo	2024
1802023-01	Mandato legal	Financeira-cumprimento	Fiscalización da Conta Xeral do Servizo Galego de Saúde, exercicio 2022	2024
1802023-02	Recomendación Parlamento	Operativa	Fiscalización da xestión dos novos medicamentos de terapia avanzada CAR-T. Implantación e impacto financeiro	2024
1802023-03	Iniciativa Consello	Operativa	Fiscalización das actuacións, dos plans, proxectos e programas no ámbito da saúde mental (exercicios 2020-2022)	2024
1802024-01	Mandato legal	Financeira-cumprimento	Fiscalización da Conta Xeral do Servizo Galego de Saúde, exercicio 2023	2025
1802024-02	Iniciativa Consello	Operativa	Auditoría operativa con enfoque avaliador do deseño e implantación do Plan Galego de Hospitalización a Domicilio, estratexia 2019-2023	2024
1802024-03	Iniciativa Consello	Cumprimento-operativa	Fiscalización selectiva do programa de atención primaria da saúde	2024
1802024-04	Recomendación Parlamento	Cumprimento-operativa	Fiscalización do transporte sanitario non urgente do Sergas	2024
1802024-05	Iniciativa Consello	Cumprimento-operativa	Fiscalización do gasto farmacéutico do Sergas	2024
Área de Corporacións Locais				
1702022-03	Iniciativa Consello	Cumprimento	Fiscalización das obrigas de remisión de información das entidades locais de Galicia e avaliación do entorno de control: Control interno, contratos e convenios. Exercicios 2019 e 2020	2024
1702022-04	Iniciativa Consello	Cumprimento	Auditoría dos Controis Básicos de Ciberseguridade das deputacións provinciais de Galicia	2024
1702022-05	Recomendación Parlamento	Cumprimento-operativa	Fiscalización da resposta á crise da Covid-19 polas entidades locais de Galicia. Concellos de gran poboación	2024
1702022-06	Iniciativa Consello	Financeira-cumprimento	Fiscalización das Mancomunidades de Galicia	2024
1702022-07	Iniciativa Consello	Cumprimento-operativa	ANálise do custo efectivo dos servizos públicos municipais: Xestión dos sistemas municipais de abastecemento de auga potable e servizo de sumidoiro	2024
1702023-01	Mandato legal	Cumprimento	Informe da Conta Xeral das entidades locais, exercicio 2022	2024
1702023-03	Iniciativa Consello	Cumprimento	Informe de seguimento das recomendacións. Entidades locais	2024
1702023-04	Iniciativa Consello	Cumprimento	Informe único de denuncias: Fiscalización de denuncias recibidas nos exercicios 2021 e 2022. Concello de Valga; Concello de Vila de Cruces; Concello de Cee	2024
1702023-05	Iniciativa Consello	Financeira-cumprimento	Fiscalización das Entidades Locais Menores de Galicia	2024
1702023-06	Iniciativa Consello	Operativa	Fiscalización das medidas de aforro e eficiencia enerxética adoptadas polas entidades locais	2024



Código actuación	Iniciativa	Tipo actuación	Título	Año de previsión aprobación
1702023-07	Iniciativa Consello	Operativa	Auditoría operativa sobre medidas adoptadas para abordar o reto demográfico nos concellos de menor poboación de Galicia	2024
1702023-08	Iniciativa Consello	Cumprimento-operativa	Auditoría dos Controis Básicos de Ciberseguridade dos concellos de máis de 100.000 habitantes	2024
1702023-09	Iniciativa Consello	Cumprimento	Fiscalización da provisión dos postos de trabalho de secretaría-intervención e a cobertura das súas funcións nos concellos de menos de 5.000 habitantes	2024
1702023-12	Iniciativa Consello	Cumprimento	Fiscalización das medidas adoptadas para abordar a crise humanitaria na Ucraína	2024
1702024-01	Mandato legal	Cumprimento	Fiscalización da Conta Xeral das entidades locais de Galicia. Exercicio 2023	2025
1702024-02	Iniciativa Consello	Cumprimento	III Informe único de comunicacións da cidadanía en relación con irregularidades na xestión local	2024
1702024-03	Iniciativa Consello	Cumprimento	Fiscalización das gratificacións por servizos extraordinarios nas entidades locais de Galicia	2024
1702024-04	Iniciativa Consello	Financeira-cumprimento	Fiscalización selectiva de concellos de Galicia. Exercicios 2022 e 2023	2024
1702024-05	Iniciativa Consello	Operativa	Análise da eficiencia das fusións municipais	2025
1702024-06	Colaboración co Tribunal de Cuentas	Cumprimento-operativa	Auditoría do establecemento de zonas de baixas emisións (ZBE) nos concellos de Galicia. Exercicio 2023	2024
1702024-07	Iniciativa Consello	Cumprimento-operativa	Auditoría das medidas adoptadas polas entidades locais de Galicia para reducir a temporalidade no emprego público	2024
1702024-08	Iniciativa Consello	Operativa	Auditoría operativa da implementación do Obxectivo de desenvolvemento sostible 10 nas entidades locais de Galicia: o servizo de axuda no fogar	2025
1702024-09	Iniciativa Consello	Cumprimento-operativa	Auditoría dos Controis Básicos de Ciberseguridade dos concellos de Santiago de Compostela, Lugo, Pontevedra e Ferrol	2025
1702024-10	Iniciativa Consello	Cumprimento	Fiscalización das obrigas de remisión de información das entidades locais de Galicia e avaliación do entorno de control: Control interno, contratos e convenios	2024

A continuación describese brevemente o contido das novas actuacións incorporadas neste exercicio:

II.2.1. ÁREA DE COORDINACIÓN XERAL

II.2.1.1. FISCALIZACIÓN DOS FONDOS DE COMPENSACIÓN INTERTERRITORIAL, EXERCICIO 2023 [1502024-01]

Descripción

Trátase dunha fiscalización recorrente de periodicidade anual que consiste en levar a cabo o control de todos os proxectos xestionados pola Comunidade Autónoma de Galicia que contén con financiamento dos Fondos de Compensación Interterritorial, tramitados durante o exercicio 2023. Tamén se fiscalizarán os proxectos con orixe en exercicios anteriores avaliándose o seu seguimento.

Motivación:

Esta fiscalización cumple a esixencia imposta pola Lei 22/2001, reguladora dos Fondos de Compensación Interterritorial (en adiante FFCI), que establece a obriga para o Consello de Contas de Galicia de elaborar un informe separado e suficiente de todos os proxectos finanziados con cargo aos FFCI, para sometelo ao control do Parlamento de Galicia.



Ámbito:

O ámbito obxectivo comprende tódolos proxectos que teñen financiamento dos FFCI no exercicio 2023 e exercicios anteriores por actuacións pendentes de remate.

O ámbito subxectivo está constituído polas entidades públicas xestoras de actuacións financiadas ou cofinanciadas cos FFCI durante o exercicio 2023. Así mesmo, realizaranse probas de control ás entidades que xestionaron proxectos financiados ou cofinanciados cos FFCI con orixe en exercicios anteriores, para efectuar o seguimento das actuacións pendentes de execución.

O ámbito temporal abranguerá o exercicio 2023.

Obxectivos:

A fiscalización terá como obxectivos principais:

1. A comprobación da legalidade e regularidade das operacións.
2. A determinación dos índices de execución dos proxectos financiados ou cofinanciados polos FFCI durante o exercicio 2023.

II.2.1.2 FISCALIZACIÓN DOS FONDOS PROCEDENTES DA UNIÓN EUROPEA. EXERCICIO 2023 [1502024-02]

Descripción:

Trátase dunha fiscalización recorrente, de periodicidade anual. O traballo realizarase a partir das bases de datos da Conta Xeral da Comunidade Autónoma, do Sistema de información de xestión unificada e mecanizada da contabilidade (XUMCO), e dos Rexistros contables das entidades que contén con proxectos dotados de cofinanciamento de Fondos Europeos.

Motivación:

Sen prexuízo das competencias do Tribunal de Cuentas Europeo, a fiscalización dos Fondos Europeos polo Consello de Contas vén motivada pola relevancia, tanto cuantitativa como cualitativa, que os seus programas de gastos e os seus recursos teñen nos orzamentos xerais da comunidade autónoma.

Ámbito:

O ámbito obxectivo comprende a todos os proxectos que teñan financiamento dos Fondos europeos no exercicio 2023 e exercicios anteriores. Efectuarase unha análise do grao de execución dos fondos no escenario plurianual vinculado aos diferentes programas operativos.



O ámbito subxectivo está constituído polas entidades públicas xestoras de actuacións financiadas ou cofinanciadas con fondos procedentes da Unión Europea durante o exercicio 2023 e con orixe en exercicios anteriores.

O ámbito temporal abranguerá o exercicio 2023.

Obxectivos:

A fiscalización terá como obxectivos principais:

1. A análise das contas da base de datos da Conta Xeral da Comunidade Autónoma do exercicio 2023 que contan con financiamento dos fondos europeos, o exame da súa execución e a eficacia no emprego dos recursos europeos medida en termos de execución orzamentaria.
2. A determinación dos índices de execución dos proxectos financiados ou cofinanciados polos fondos procedentes da Unión Europea durante o exercicio 2023.
3. A análise do destino final dos fondos europeos sobre a base de datos do XUMCO, identificando os beneficiarios dos fondos e avaliando a súa xestión e execución.

II.2.1.3 FISCALIZACIÓN DAS CONTABILIDADES ELECTORAIS. ELECCIÓNNS AO PARLAMENTO DE GALICIA 2024 [1502024-03]

Descripción:

A Lei 9/2015, do 7 de agosto, de financiamento das formacións políticas e das fundacións e entidades vinculadas ou dependentes delas, atribúe ao Consello de Contas de Galicia a función fiscalizadora de comprobación da regularidade das contabilidades electorais no seu ámbito de competencias, así como a fiscalización do cumprimento dos requisitos que esixe o artigo 17 da mesma norma ás formacións políticas beneficiarias das subvencións para gastos electorais. Trátase dunha fiscalización recorrente, que se leva a cabo con motivo da celebración das eleccións ao Parlamento de Galicia

Motivación:

Esta fiscalización cumpre a esixencia imposta polo artigo 22 da Lei 9/2015, do 7 de agosto, de financiamento das formacións políticas e das fundacións e entidades vinculadas ou dependentes delas, (DOG núm.165, do 31 de agosto de 2015).

Ámbito:

O ámbito obxectivo serán as subvencións outorgadas ás formacións políticas con representación no Parlamento de Galicia. O ámbito subxectivo está constituído polas formacións políticas que obtiveron representación no Parlamento de Galicia e o ámbito temporal da fiscalización abranguerá o exercicio 2024.



Obxectivos:

A fiscalización terá como obxectivos principais:

1. Comprobar o cumprimento da legalidade aplicable en materia de financiamento asociado aos ingresos e gastos electorais das eleccións autonómicas de 2024.
2. Asegurar a representatividade da contabilidade electoral rendida.
3. Verificar o grao de xustificación documental dos rexistros contables.
4. Realizar un pronunciamento expreso sobre a adxudicación ou non adxudicación das subvencións electorais.

II.2.1.4. FISCALIZACIÓN DAS ACTUACIÓNS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA CUMPRIR OS OBXECTIVOS DO “PROGRAMA PARA A DIXITALIZACIÓN DO SISTEMA EDUCATIVO NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA (PRTR)” [1502024-04]

Descripción:

Na actuación comprobarase o cumprimento das obrigas e condicións asociadas ao *Programa para a dixitalización do sistema educativo no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia* (Acordo da Conferencia Sectorial de Educación do 21.06.21). Así mesmo, efectuaranse comprobacións respecto dos procedementos empregados para determinar as necesidades tanto do alumnado coma dos centros, os criterios de reparto aplicados, o adecuado control do equipamento financiado a través do Programa, a xestión e canalización dos fondos europeos, o establecemento de prazos concretos para a execución dos proxectos e finalmente os procedementos seguidos para aportar a información pertinente de seguimento e control.

Motivación:

Esta actuación supón dar un primeiro paso en común na fiscalización da execución dos fondos Next Generation.

Os condicionantes que se tiveron en conta na selección das materias a fiscalizar foron, por un lado, o calendario de implementación do PRTR e, por outro, a falta de información sobre o grao de implementación dos distintos sub-proxectos no conxunto das CCAA.

Os criterios de selección de potenciais materias a fiscalizar foron, entre outros, un ámbito obxectivo focalizado nunha actuación ou sub-proxecto específico do PRTR que tivera definidos obxectivos a cumplir antes do cuarto trimestre de 2023 e unha asignación orzamentaria significativa.



Ámbito:

O ámbito obxectivo está formado polas actuacións encamiñadas ao cumprimento do “Programa para a dixitalización do sistema educativo”, con comprobacións específicas sobre a planificación das actuacións; execución, seguimento e control; cumprimento dos obxectivos intermedios e factores condicionantes da efectividade do Programa.

A revisión abarcará as tres actuacións do Programa (dotación de dispositivos portátiles, instalación e mantemento de aulas dixitais e capacitación técnica do profesorado).

